

Proxecto de Decreto ____/2024, do ____ de ____ de ____, polo que se modifican os límites do monumento natural Costa de Dexo e se aproba o Plan de Xestión do monumento natural Costa de Dexo

O artigo 149.1.23 da Constitución Española atribúe a competencia exclusiva ao Estado para a aprobación da lexislación básica sobre protección do ambiente, sen prexuízo das facultades das comunidades autónomas para establecer normas adicionais de protección. Así mesmo, o seu artigo 148.9 dispón que as comunidades autónomas poderán asumir competencias na xestión en materia de protección do ambiente.

De conformidade co disposto na Constitución, o Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 27.30, atribúe á nosa comunidade autónoma a competencia para aprobar normas adicionais para a protección do ambiente e da paisaxe.

A actual lexislación estatal en materia de protección do ambiente que establece o marco xurídico básico da súa conservación, uso sustentable, mellora e restauración é a Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade. O seu artigo 34 define os monumentos naturais como aqueles espazos ou elementos da natureza constituídos basicamente por formacións de notoria singularidade, rareza ou beleza que merecen ser obxecto dunha protección especial.

Dentro deste marco legal publícase no *Diario Oficial de Galicia* o Decreto 101/2000, do 31 de marzo, polo que se declara monumento natural a Costa de Dexo.

Posteriormente, a Costa de Dexo foi proposta como lugar de importancia comunitaria para formar parte da Rede Natura 2000 e, consecuentemente, declarada Zona de Especial Protección dos Valores Naturais (ZEPVN) mediante o Decreto 72/2004, de 2 de abril, polo que se declaran determinados espazos como Zonas de Especial Protección dos Valores Naturais. Esta consideración como ZEPVN foi eliminada tras a derogación do citado decreto mediante a disposición derogatoria única da Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia.

A integración definitiva na Rede Natura 2000 prodúcese mediante a Decisión da Comisión do 7 de decembro de 2004 pola que se aproba, de conformidade coa Directiva 92/42/CEE do Consello, a lista de lugares de importancia comunitaria da rexión bioxeográfica atlántica, declarándose como Zona Especial de Conservación (ZEC) mediante o Decreto 37/2014, do 27 de marzo, polo que se declaran zonas especiais de conservación os lugares de importancia comunitaria de Galicia e se aproba o Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia.

Ademais, a Costa de Dexo constitúe unha das zonas núcleo da Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo. Esta reserva da biosfera foi aprobada durante a 25ª sesión do Consello Internacional de Coordinación do Programa MaB da UNESCO (CIC-MAB), e publicada a

nivel estatal mediante a Resolución do 20 de novembro de 2013, de Parques Nacionais, pola que se publica a aprobación pola UNESCO de tres reservas da biosfera españolas: Reserva da Biosfera das Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo, en Galicia; Reserva da Biosfera de Terres de l'Ebre, en Cataluña; Reserva da Biosfera do Real Sitio de San Ildefonso-El Espinar, en Castela e León, e a ampliación da Reserva da Biosfera Ordesa-Viñamala, en Aragón.

A Lei 5/2019, do 2 de agosto recolle entre os principios enumerados no seu artigo 2, a conservación e restauración da biodiversidade e da xeodiversidade mediante a conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres. Esta lei inclúe tamén, no seu artigo 22, os monumentos naturais como unha categoría de espazo natural protexido.

O artigo 2 do Decreto 101/2000, do 31 de marzo, establece que o monumento natural alcanza unha extensión de 266,7624 hectáreas, das cales 265,3868 corresponden á zona terrestre e 1,3756 á zona insular. O decreto tamén indica que os límites xeográficos correspóndense cos do espazo definido na Ordenanza 12 de conservación de costas e praias do Plan xeral de ordenación urbana do concello de Oleiros e que no seu anexo I figura un plano cos seus límites.

Esta mención fai referencia ao anterior Plan xeral de ordenación municipal do concello de Oleiros aprobado no ano 1997 (DOG núm. 142, do 24.07.2007). O ámbito afectado pola ordenanza delimitase nos planos de ordenación e é coincidente coa cartografía actual do espazo incorporada no anexo I do seu decreto de declaración.

Os límites terrestres do espazo, definidos na década de 1990, presentan unha escala de pouco detalle e non responden claramente a criterios xeográficos, ambientais, parcelarios, de infraestruturas ou calquera outro que permita establecer referencias que delimiten con claridade o espazo sobre o terreo.

Tendo en conta a dispoñibilidade de ferramentas cartográficas moito máis precisas que as existentes no momento de definición dos límites deste monumento, realizouse un axuste cartográfico dos ditos límites.

Segundo o establecido no artigo 41.1 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, o día 05.04.2023 iniciouse o procedemento para a modificación dos límites do monumento natural e para a elaboración do seu plan de xestión, tal e como se recolle no artigo 49.3 da vixente Lei 5/2019, do 2 de agosto. O contido destes plans de xestión recóllese no artigo 60 da mesma lei.

En canto ao procedemento de elaboración do decreto, a memoria inicial da proposta de modificación dos límites e do plan de xestión someteuse a participación pública mediante o Anuncio do 17 de abril de 2023 da Dirección Xeral de Patrimonio Natural (DOG núm. 83, do 02.05.2023). Con este anuncio dáse cumprimento ao establecido no artigo 16 da Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de

acceso á xustiza en materia de ambiente, e no artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas.

O proxecto normativo estivo exposto a información pública en virtude do establecido no artigo 40.5 da Lei 5/2019, do 2 de agosto, no artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, así como no artigo 9 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno mediante o Anuncio do 10 de xullo de 2024 da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, polo que se somete a información pública e audiencia o proxecto de decreto polo que se aproba o plan de xestión do monumento natural Costa de Dexo (DOG núm. 143, do 24.07.2024). Neste procedemento recibíronse 5 suxestións.

Así mesmo, o proxecto remítese ás entidades interesadas para a achega de suxestións, a distintos organismos dependentes da Xunta de Galicia para o seu informe, así como á Deputación da Coruña e ao Concello de Oleiros. En total enviáronse 39 solicitudes de suxestións e 18 solicitudes de informe, das cales unicamente responderon 16 entidades.

Analizáronse todas as suxestións presentadas e incorporáronse ao proxecto de decreto todas aquelas que se consideraron adecuadas en relación coa lexislación estatal básica e autonómica en materia de conservación do patrimonio natural.

Así mesmo e como resultado deste trámite, formulouse un novo axuste cartográfico dos límites do espazo. O dito axuste incorporouse ao proxecto de decreto e, por entenderse substancial, someteuse de novo ao trámite de información pública e audiencia ás persoas autorizadas.

A continuación, trasladouse ao Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sustentable para ser oído na súa sesión do día ___ de _____ de 2025.

Polo exposto, e en uso das atribucións conferidas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta de Galicia e da súa Presidencia, por proposta da conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, e tras a deliberación do Consello da Xunta, na súa reunión do ___ de _____ de dous mil vinte e cinco,

DISPOÑO:

Artigo 1. Modificación do artigo 2º do Decreto 101/2000, de 31 de marzo, polo que se declara monumento natural a Costa de Dexo

1. Modifícase o artigo 2 do Decreto 101/2000, do 31 de marzo, polo que se declara monumento natural a Costa de Dexo, que queda redactado da seguinte forma:

"Artigo 2

O monumento natural Costa de Dexo alcanza unha extensión de 262,628 ha e está constituído pola área litoral comprendida entre o faro de Mera e o porto de Lorbé, ademais das illas e illotes

próximos á costa, situada no termo municipal de Oleiros, na provincia da Coruña. Da súa extensión total, 259,171 ha corresponden á zona terrestre e 3,457 ha á zona insular.

No anexo I figura un plano do espazo cos seus límites”.

2. Modifícase o anexo I do Decreto 101/2000, do 21 de marzo relativo aos límites do espazo, substituíndoo polo anexo I que acompaña este decreto.

Artigo 2. *Aprobación do plan*

1. Apróbase o plan de xestión do monumento natural Costa de Dexo.

2. No anexo II deste decreto recóllese o dito plan de xestión, no cal se establece o réxime de usos e actividades permitidas e as limitacións que se consideren necesarias para a conservación destes espazos, así como as medidas para a conservación de hábitats e especies.

3. A consellería con competencias en materia de conservación do patrimonio natural deberá garantir o acceso permanente na súa páxina web á información contida no plan de xestión, incluída a cartografía, e manter actualizada a dita información cando se produzan modificacións ou revisións.

Artigo 3. *Réxime de infraccións e sancións*

O réxime sancionador aplicable será o establecido no título VI, Das infraccións e sancións, da Lei 42/2007, do 13 de decembro e, con carácter complementario, no título III, Das infraccións e sancións, da Lei 5/2019, do 2 de agosto.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación normativa*

Habílase á persoa titular da consellería con competencias en materia de conservación do patrimonio natural para aprobar mediante orde, no ámbito das súas competencias, as disposicións precisas para o desenvolvemento deste decreto.

As ditas ordes respectarán o establecido no título III da Lei 27/2006, do 18 de xullo.

Disposición derradeira segunda. *Vixencia*

Este plan de xestión terá unha vixencia indefinida, sen prexuízo da posible actualización conforme o estado da ciencia e da técnica, e sen prexuízo da aplicación das medidas de seguimento que correspondan.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor*

Este decreto entrará en vigor aos vinte días naturais da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*. As disposicións relativas ás limitacións de uso das vías de comunicación serán de aplicación transcorridos nove meses dende a entrada en vigor deste decreto.

Santiago de Compostela, XXXX de XXXXXXXX de dous mil vinte e cinco


Alfonso Rueda Valenzuela

Presidente

Ángeles Vázquez Mejuto

Conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático

ANEXO I LÍMITES DO MONUMENTO NATURAL



ANEXO II

Plan de xestión do Monumento Natural Costa de Dexo

Índice

. I. INTRODUCCIÓN.....	9
. 1. Ámbito territorial de aplicación.....	10
. 2. Efectos e normativa sectorial.....	10
. 3. Normativa de aplicación.....	14
. II. DIAGNOSE E INVENTARIO AMBIENTAL.....	24
. 1. Medio físico e abiótico.....	24
1.1. Climatoloxía.....	24
1.2. Xeoloxía.....	25
1.3. Xeomorfoloxía.....	26
1.4. Hidroloxía.....	28
1.5. Edafoloxía.....	28
. 2. Medio biótico.....	29
2.1. Vexetación potencial.....	29
2.2. Vexetación actual.....	29
2.3. Flora ameazada.....	33
2.4. Fauna.....	33
. 3. Paisaxe.....	41
3.1. Unidades da paisaxe.....	41
3.2. Calidade e fragilidade da paisaxe.....	42
3.3. Valoración da paisaxe.....	44
. 4. Medio socioeconómico.....	45
4.1 Actividade económica.....	46
4.2 Actividades turísticas e recreativas.....	50
4.3 Réxime de propiedade.....	50
4.4 Usos do solo.....	51
4.5 Patrimonio cultural.....	53
. 5 Rede viaria.....	53
5.1. Estradas de acceso ao monumento natural.....	53
5.2 Camiños, vías agroforestais e sendeiros.....	54
. 6 Equipamentos de uso público.....	54
6.1 Aula do Mar.....	54

6.2 Miradoiro do faro de Mera.....	54
6.3 Porto de Dexo.....	55
6.4 Rutas de sendeirismo.....	55
6.5 Outras dotacións.....	55
. 7 Valoración da capacidade de carga.....	55
. 8. Identificación de presións e ameazas.....	56
8.1 Presións derivadas do tránsito de persoas.....	56
8.2 Conflitos entre usos.....	60
8.3 Accesibilidade e estacionamento de vehículos.....	61
8.4 Erosión do litoral.....	61
8.5 Especies exóticas.....	62
8.6 Presións derivadas das actividades forestais.....	63
8.7 Furtivismo.....	64
8.8 Abandono do territorio.....	64
8.9 Verteduras de augas residuais.....	65
. 9. Cambio climático.....	65
. 10. Conectividade ecolóxica.....	66
. TÍTULO I.....	71
. TÍTULO II.....	75
CAPÍTULO I.....	75
CAPÍTULO II.....	81
. TÍTULO III.....	89
. TÍTULO IV.....	106

I. INTRODUCCIÓN

A Costa de Dexo abrangue parte das parroquias de Dexo e Serantes pertencentes ao concello de Oleiros (provincia da Coruña), na comarca da Coruña e no litoral denominado golfo Ártabro, confluencia das rías da Coruña, Ares-Betanzos e Ferrol. Os seus valores naturais e paisaxísticos motivaron a súa declaración como monumento natural no ano 2000 mediante o Decreto 101/2000, do 31 de marzo, polo que se declara monumento natural a Costa de Dexo (DOG núm. 89, do 10.05.2000).

O bo estado de conservación dos seus ecosistemas litorais, xunto co interese da súa xea, fauna e flora, así como o elevado valor paisaxístico deste tramo costeiro, xustifican plenamente a súa consideración como espazo protexido baixo a figura específica de monumento natural. Na Lei 5/2019, do 2 de agosto, defínense os monumentos naturais, como "espazos ou elementos da natureza constituídos basicamente por formacións de notoria singularidade, rareza ou beleza que merecen ser obxecto dunha protección especial", ademais doutros elementos como árbores senlleiras e monumentais, formacións xeolóxicas, xacementos paleontolóxicos e mineralóxicos, estratotipos e demais elementos da xea que reúnan un interese especial pola singularidade ou a importancia dos seus valores científicos, culturais ou paisaxísticos.

Mediante o Decreto 101/2000, do 31 de marzo, declarouse monumento natural o espazo denominado Costa de Dexo. Posteriormente a Costa de Dexo declarouse ZEC (ES1110009 Costa de Dexo) mediante o Decreto 37/2014, do 27 de marzo, integrándose na Rede Natura 2000 de Galicia. Este espazo protexido tamén forma parte da zona núcleo da Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo, aprobada mediante a Resolución do 20 de novembro de 2013, de Parques Nacionais, pola que se publica a aprobación pola UNESCO de tres reservas da biosfera españolas: Reserva da Biosfera das Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo, en Galicia; Reserva da Biosfera de Terres de l'Ebre, en Cataluña; Reserva da Biosfera do Real Sitio de San Ildefonso-El Espinar, en Castela e León, e a ampliación da Reserva da Biosfera Ordesa-Viñamala, en Aragón.

Ademais, este espazo protexido é lindeiro co espazo mariño protexido ZEPA ES0000554 Corredor migratorio galaico-cantábrico occidental, pertencente á Rede Natura 2000 e de competencia da Administración Xeral do Estado.

1. Ámbito territorial de aplicación

O ámbito territorial cínquese á superficie do monumento natural Costa de Dexo, cunha extensión de 262,628 ha e constituído pola área litoral comprendida entre o faro de Mera e o porto de Lorbé, ademais das illas e illotes próximos á costa, situada no termo municipal de Oleiros, na provincia da Coruña.

A delimitación cartográfica dos seus límites é a presentada no Mapa 1 do anexo I.

A maior parte da superficie do monumento natural está incluída na ZEC ES1110009 Costa de Dexo, de 349,96 ha. As disposicións normativas incorporadas atinxen exclusivamente aos terreos incluídos no monumento natural, sendo a norma reguladora do conxunto da ZEC o Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia, instrumento de planificación dos espazos desta rede segundo o Decreto 37/2014, do 27 de marzo.

Nos terreos situados dentro do monumento natural cuxa superficie coincida coa ZEC, o Plan director da rede Natura 2000 terá un carácter complementario. No caso de que existan diferenzas de regulación entre os dous plans, priorizarase aquela norma que sexa máis restritiva.

Desde o punto de vista da xestión, recoñecidas as relacións entre o interior dos espazos naturais e a súa contorna, non se exclúe a posibilidade de formular propostas máis aló dos seus límites sempre que sexa necesario para a ordenación e xestión dos usos e actividades, sobre todo no relativo ao uso público ou para a mellora da conectividade. En calquera caso, ese ámbito só será de aplicación para o desenvolvemento de programas, ofertas de servizos ou actividades de xestión, pero nunca para a aplicación da parte normativa deste decreto.

2. Efectos e normativa sectorial

Consonte ao establecido no artigo 50 da Lei 5/2019, do 21 de agosto, o plan de xestión do monumento natural Costa de Dexo prevalecerá sobre calquera outro instrumento de ordenación territorial, urbanístico, dos recursos naturais ou físicos, incluso sobre os preexistentes que deberán adaptarse a eles, constituíndo as súas disposicións a referencia para tales instrumentos de ordenación.

Parte dos terreos que se atopan dentro dos límites do monumento natural tamén aparecen recollidos dentro doutras figuras ou normativas. Como se comentou anteriormente e dado que o plan de xestión prevalece sobre calquera outro instrumento de ordenación, tan só se mencionan a título informativo e orientador:

a) Plan Xeral de Ordenación Municipal do concello de Oleiros (en diante PXOM), aprobado por Orde do 11 de decembro de 2014 (DOG núm. 16, do 26.01.2015).

Este PXOM está adaptado á Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e incorpora unha ordenanza para o solo rústico de protección de espazos naturais aprobada conxuntamente xunto co resto da planificación na citada orde.

Nesta ordenanza, a 15, recóllese que o solo rústico de protección de espazos naturais comprende aquelas áreas do territorio que presentan singulares valores ambientais, naturais e paisaxísticos, entre elas as incluídas na rede de espazos protexidos de Galicia, e establece que no ámbito destes espazos non se autorizará a construción de ningunha clase de edificación, permitíndose a explotación racional dos recursos vinculados ao medio que non atente contra os valores esenciais que se protexen.

Establece tamén que se redactará un Plan Especial de Protección co obxectivo de garantir a salvagarda, recuperación e disfrute do espazo natural, sen prexuízo das actuacións que desenvolva a administración autonómica ambiental "para o perfeccionamento da definición, delimitación e tratamento dos espazos naturais".

Os contidos deste plan especial, pendente de desenvolvemento, detállanse no artigo 76. PE-6.R. do Plan Especial de Protección e Acondicionamento do Espazo Natural Costa de Dexo, indicándose que deberá integrarse nas previsións das correspondentes normativas autonómicas e que o seu contido referirase, principalmente, á protección e recuperación do patrimonio natural e paisaxístico, á valoración do patrimonio cultural e á regulación de usos, actividades e actuacións tendentes á súa valoración.

Establécense como obxectivos xerais do futuro plan especial:

- A potenciación, conservación, rexeneración e valorización do medio natural no seu conxunto e dos elementos de interese natural, paisaxístico e ambiental que o conforman, incluída a flora e a fauna.
- A protección dos elementos de interese cultural, con especial atención ao patrimonio arqueolóxico, etnográfico e construído, mediante a súa catalogación.
- A regulación e o fomento da utilización racional das reservas naturais e culturais, incluídas a función científica e o uso social dos ditos espazos, así como a accesibilidade.
- A regulación dos usos e actividades produtivas compatibles co mantemento dos valores naturais, ambientais, paisaxísticos e culturais a preservar.



Imaxe 1. Ámbito de aplicación do plan especial.

Ademais, o PXOM incorpora outras disposicións relevantes no eido do espazo protexido:

- No artigo 139. Ordenanza 10. Solo rústico de protección forestal, indícase que “nas talas das zonas forestais lindadeiras coa protección de costa preservárase a masa arbórea que se localice en primeira liña da masa forestal cunha profundidade de 25 metros”.
- No Catálogo de Bens, ademais dos bens culturais, incorpóranse unha serie de masas forestais consideradas Bens Naturais aos efectos do Catálogo. Dúas delas (N-15 Monte Grande e N-16 A Barreira - Monte de Corgo) limitan co monumento natural, mentres que dentro dos seus límites localízanse cinco pequenas superficies sen especial relevancia territorial, xa que sumadas supoñen algo máis de 0,65 ha.



Imaxe 2. Masas forestais catalogadas como bens naturais.

b) Ordenanzas municipais.

A Ordenanza municipal reguladora de plantacións e talas das masas forestais, conservación e fomento de especies autóctonas foi aprobada na sesión ordinaria do Pleno do Concello do 29 de outubro de 2020. Esta ordenanza ten como finalidade a regulación, no concello de Oleiros, das masas arbóreas en solos rústicos de especial protección, do uso do espazo público municipal pola actividade forestal, da xestión da biomasa vexetal e retirada de arborado, da protección, conservación e mellora das masas arbóreas e arborado público e privado do concello, así como do establecemento dos instrumentos xurídicos de intervención e control e do réxime sancionador en defensa e protección da biomasa e arborado públicos.

No capítulo IV. Conservación e limpeza, defínense as medidas protectoras para o medio e o arborado, tanto as xerais como as relativas á protección física, sistema radical, podas e talas, plantacións e transplantes, repoboacións, manexo de terra vexetal, limpeza e cargadoiros. É importante salientar que dentro deste capítulo, o artigo 25 prohíbe a plantación de:

"b) especies alóctonas que danen o carácter da paisaxe e o equilibrio ecolóxico nos terreos rústicos de protección forestal.

c) plantacións de eucaliptos."

No artigo 26 indícase que a tala de arborado para aproveitamento forestal levará a obriga de repoboación nas distintas categorías de solo rústico entre as que se inclúe o de protección de espazos naturais, coas características indicadas na ordenanza.

A Ordenanza municipal de uso e desfrute das praias do concello de Oleiros ten por obxecto regular o seu uso, conxugando o dereito de todos ao seu goce pola súa natureza demanial, co deber de velar por unha utilización racional. En particular, regula as condicións xerais de utilización e desfrute da praia en orde á seguridade, á saúde pública e á protección do medio ambiente.

Ten interese no ámbito deste plan ao situarse no interior do espazo protexido a praia de Canabal.

Entre as regulacións desta ordenanza inclúese a prohibición, con carácter xeral, da presenza de animais domésticos nas praias (excepto os cans destinados a traballos de salvamento ou auxilio e os cans de asistencia).

Prohíbese ademais a práctica da pesca dende a beira do mar excepto entre as 21:30 e as 09:00 horas. A pesca deportiva submarina aterase tamén ao horario indicado quedando supeditada, en todo caso, á ausencia de persoas na praia.

Prohíbese tamén a acampada e o acendido de lume na praia.

3. Normativa de aplicación

A continuación, enuméranse as principais normas sectoriais de ámbito estatal e autonómico de interese no ámbito do monumento natural constituíntes, xunto coas xa citadas, do marco legal que afecta ao espazo protexido:

a) Montes e solo

- Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (DOG núm. 74, do 17.04.2007). O obxecto desta lei é o de defender os montes ou terreos forestais fronte aos incendios e protexer as persoas e os bens por eles afectados, promovendo a adopción dunha política activa de prevención coordinada de todas as Administracións públicas de acordo coa lexislación galega en materia de emerxencia.

No título IV desta lei desenvólvense as condicións de acceso, circulación e permanencia en zonas forestais durante a época de perigo alto de incendios: a) no interior das zonas de alto risco de incendio (establecidas por Orde do 18 de abril de 2007, DOG núm. 79, do 24.04.2007); b) nas áreas forestais ou naturais baixo xestión da Xunta de Galicia; c) e nas áreas onde exista sinalización correspondente á limitación de actividades.

- Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia (DOG núm. 140, do 23.07.2012). Esta lei ten por obxecto establecer o marco normativo aplicable aos montes ou terreos forestais existentes na Comunidade Autónoma de Galicia.

No referente á planificación forestal, a lei establece dous instrumentos: o Plan forestal de Galicia e os plans de ordenación dos recursos forestais que afectarán, preferentemente, a cada distrito forestal. Actualmente está vixente a primeira revisión do Plan forestal de Galicia, aprobada polo Decreto 140/2021, do 30 de setembro, polo que se aproba a primeira revisión do Plan forestal de Galicia 2021-2040 "Cara a neutralidade carbónica" (DOG núm. 205, do 25.10.2021).

O artigo 77 da Lei 7/2012, do 28 de xuño dispón que tipos de montes deben dotarse dun plan de ordenación, entre os que se atopan os montes particulares e os montes veciñais en man común cunha superficie maior a 25 ha. No caso de que a superficie sexa igual ou inferior, os montes deben dotarse dun documento de xestión forestal que poderá ser simple ou compartido en agrupación de persoas propietarias, ou ben planificar a súa xestión a través da adhesión expresa a referentes de boas prácticas e aos modelos silvícolas orientativos, segundo as especies ou formacións vexetais.

Nos seus artigos 67 e 68 a lei establece, no relativo ás explotacións forestais, as condicións que deben cumprir as repoboacións forestais e as distancias que deberán gardar a outros terreos, construcións, instalacións ou infraestruturas.

- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (DOG núm. 34, do 19.02.2016). A lei do solo ten como obxecto a protección e a ordenación urbanística de Galicia e aposta pola protección territorial e, en particular, pola defensa e respecto do solo rústico, xa sexa pola afección ao dominio público ou pola presenza de valores merecentes de especial salvagarda, sempre tendo en conta a dimensión do solo rústico como solo produtivo e útil que debe ser recollida e potenciada.

No seu artigo 34 esta lei establece que a planificación urbanística clasificará como solo rústico de especial protección os terreos afectados polas lexislacións sectoriais de protección dos valores agrícolas, gandeiros, forestais, paisaxísticos, ambientais, naturais ou culturais. No apartado f) a lei define o solo rústico de protección de espazos naturais como aquel constituído polos terreos incluídos na Rede galega de espazos protexidos, nas áreas de presenza e áreas críticas definidas nos plans de recuperación ou plans de conservación de especies ameazadas e naquelas outras zonas para as que así se determine expresamente nalgún dos instrumentos de planificación recollidos na Lei 5/2019, do 2 de agosto.

b) Paisaxe

- Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia (DOG núm. 139, do 18.07.2008). Esta lei ten por obxecto o recoñecemento xurídico, a protección, a xestión e a ordenación da paisaxe de Galicia co fin de preservar e ordenar todos os elementos que a configuran no marco do desenvolvemento sostible, entendendo que a paisaxe ten unha dimensión global de interese xeral para a comunidade

galega por canto transcende os eidos ambientais, culturais, sociais e económicos. Para tal fin, esta lei impulsa a plena integración da paisaxe en todas as políticas sectoriais que incidan nela.

No seu artigo 5 a lei establece que os poderes públicos velarán para que, no ámbito da súa competencia e da natureza de cada territorio, se adopten as medidas específicas precisas para a protección, xestión e ordenación da paisaxe. Tamén se establece neste artigo que os poderes públicos integrarán a consideración da paisaxe nas políticas de ordenamento territorial e urbanístico, e nas súas políticas ambientais, de patrimonio natural, agrícolas, forestais, sociais, turísticas, industriais e económicas, así como en calquera outra política sectorial que poida producir un impacto directo ou indirecto sobre a paisaxe.

No artigo 8 establece os instrumentos para asegurar unha idónea protección, xestión e ordenación das paisaxes de Galicia, que serán:

- Catálogos da paisaxe de Galicia.
- Directrices da paisaxe.
- Estudos de impacto e integración paisaxística.
- Plans de acción da paisaxe.

O artigo 12 da lei establece que a consellería competente en materia de paisaxe elaborará plans de acción para a protección, xestión e ordenación da paisaxe naqueles territorios declarados como espazos naturais protexidos segundo o disposto na normativa galega vixente en materia de patrimonio natural, así como naquelas áreas de especial interese paisaxístico (AEIP) identificadas nos catálogos da paisaxe.

c) Augas e ciclo hídrico

- Real Decreto Legislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Augas (BOE núm. 176, do 24.07.2001). É obxecto desta norma a regulación do dominio público hidráulico, do uso da auga e do exercicio das competencias atribuídas ao Estado nas materias relacionadas co dito dominio, así como o establecemento das normas básicas de protección das augas continentais, costeiras e de transición, sen prexuízo da súa cualificación xurídica e da lexislación específica de aplicación.

O seu título III regula a planificación hidrolóxica para conseguir un bo estado e unha adecuada protección do dominio público hidráulico e das augas, a satisfacción da demanda de auga, o equilibrio do desenvolvemento rexional e sectorial, e o aumento das dispoñibilidades do recurso, protexendo a súa calidade, economizando o seu emprego e racionalizando os seus usos en harmonía co medio ambiente e demais recursos naturais. O título IV trata da utilización do dominio público hidráulico.

Esta lei conta tamén cun título dedicado á protección do dominio público hidráulico e á calidade das augas coa finalidade de: prever a deterioración, protexer e mellorar o estado dos ecosistemas acuáticos ou dos dependentes deles; promover un uso sostible da auga; protexer e mellorar o medio acuático;

reducir progresivamente a contaminación das augas subterráneas; paliar os efectos das secas e inundacións; alcanzar os obxectivos internacionais en relación coa prevención e eliminación da contaminación do medio mariño; evitar a acumulación de compoñentes tóxicos ou perigosos no subsolo; e garantir augas de mellor calidade para o abastecemento.

O obxectivo de lograr unha adecuada protección das augas desenvólvese, a súa vez, nunha serie de obxectivos entre os que figuran, en relación coas zonas protexidas, o de cumprir as esixencias das normas de protección que resulten aplicables na zona e cumprir cos obxectivos ambientais particulares que se determinen.

- Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia (DOG núm. 222, do 18.10.2010). Esta lei ten por finalidade garantir as necesidades básicas de uso de auga da poboación, favorecendo o desenvolvemento económico e social de Galicia e compatibilizándoo coa preservación do bo estado dos ecosistemas acuáticos e terrestres asociados.

Esta lei crea e regula Augas de Galicia, ente de dereito público da administración da Comunidade Autónoma de Galicia que no ámbito da xestión das cuncas intracomunitarias ostenta as competencias que o ordenamento xurídico vixente en materia de augas atribúe aos organismos de cunca.

No seu artigo 6 establece que a Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa inclúe as cuncas hidrográficas dos ríos que discorren na súa totalidade polo territorio de Galicia.

d) Patrimonio cultural

- Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016). Os obxectivos desta lei son a protección, conservación, acrecentamento, difusión e fomento dos elementos do patrimonio cultural de Galicia, de forma que lle sirvan á cidadanía como unha ferramenta de cohesión social, desenvolvemento sustentable e fundamento da identidade cultural do pobo galego, así como a súa investigación, valorización e transmisión ás xeracións futuras.

O artigo 2 da lei establece que os poderes públicos integrarán a protección do patrimonio cultural nas distintas políticas sectoriais, entre as que se atopan a paisaxe e a conservación da natureza.

No seu artigo 34 a lei indica que todos os plans, programas e proxectos relativos a ámbitos como a paisaxe, o desenvolvemento rural, as infraestruturas ou calquera outro que poida supoñer unha afección ao patrimonio cultural en Galicia, deberán ser sometidos ao informe da consellería con competencias en materia de patrimonio cultural que establecerá as medidas protectoras, correctoras ou compensatorias que considere necesarias.

Así mesmo, o seu artigo 39 recolle que as intervencións ou cambios de uso substanciais que se pretendan realizar en bens de interese cultural ou catalogados, así como no seu contorno de protección, deberán autorizarse pola consellería competente en materia de patrimonio cultural, coas excepcións que se establecen na propia lei.

e) Minaría

- Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia (DOG núm. 109, do 06.06.2008). O obxecto desta lei é o desenvolvemento do réxime xurídico das actividades mineiras en Galicia en condicións de sustentabilidade e seguridade, e promove un aproveitamento racional compatible coa protección do medio ambiente.

Na actualidade non existen dereitos mineiros rexistrados no ámbito da Costa de Dexo.

f) Caza

- Lei 13/2013, do 23 de decembro, de caza de Galicia (DOG núm. 4, do 08.01.2014). O obxecto desta lei é regular a actividade da caza en Galicia para protexer, conservar, fomentar e aproveitar de forma ordenada os recursos cinexéticos de forma compatible co equilibrio natural e os distintos intereses afectados.

Segundo o seu artigo 3, considéranse obxecto de caza os exemplares das especies declaradas como cinexéticas que serán así declaradas mediante orde da persoa titular da consellería competente en materia de caza, estando excluídas as especies protexidas e os animais domésticos.

Conforme a esta lei, os terreos clasificaranse en cinexéticos e non cinexéticos, sendo nos primeiros nos que está permitida a actividade da caza. Estes terreos poden estar sometidos a réxime común ou especial. Os terreos de réxime común poden ser utilizados por calquera cazador/a, mentres que nos de réxime especial o exercicio da caza está limitado aos que ostenten a titularidade cinexética.

Os terreos cinexéticos de réxime especial presentan distintas categorías entre as que se atopan os tecores ou terreos cinexéticos ordenados que, no artigo 11, defínense como toda superficie continua de terreos susceptible de aproveitamento cinexético especial que fora declarada e recoñecida como tal mediante resolución da persoa titular da consellería competente en materia de caza, e na cal a poboación cinexética debe estar protexida e fomentada, aproveitándose de forma ordenada.

Co obxecto de garantir a integridade física e a axeitada protección das persoas e dos bens, defínense no artigo 42 as zonas de seguridade nas que se prohíbe circular con armas cargadas, usalas ou disparar en dirección a elas de xeito que poidan ser alcanzadas, con perigo para as persoas ou os seus bens, agás que se dispoña de autorización expresa para cazar nese terreo.

g) Costas

- Lei 22/1988, do 28 de xullo, de Costas (BOE núm. 181, do 29.07.1988). Esta lei ten por obxecto a determinación, protección, utilización e policía do dominio público marítimo-terrestre e, especialmente, da ribeira do mar.

Nos artigos do 3 ao 5 da lei establécense os bens de dominio público marítimo-terrestre estatal; o artigo 7 estipula que estes bens son inalienables, imprescritibles e inembargables.

No artigo 23 recóllese que a servidume de protección recaerá sobre unha zona de 100 metros medida terra adentro dende o límite interior da ribeira do mar. A extensión desta zona poderá ser ampliada pola Administración do Estado, de acordo coa Administración da Comunidade Autónoma e co Concello correspondente, ata un máximo doutros 100 metros, cando sexa necesario para asegurar a efectividade da servidume, en atención ás peculiaridades do tramo de costa de que se trate. Nas marxes dos ríos ata onde sexan sensibles as mareas, a extensión desta zona poderá reducirse pola Administración do Estado, de acordo coa Comunidade Autónoma e co Concello correspondente, ata un mínimo de 20 metros en atención ás características xeomorfolóxicas, aos seus ambientes de vexetación e á súa distancia respecto da desembocadura, conforme ao que regulamentariamente se dispoña.

O artigo 27 regula a servidume de tránsito que recaerá sobre unha franxa de 6 metros, medidos terra adentro a partir do límite interior da ribeira do mar.

No artigo 28 desta lei establécese que a servidume de acceso público ao mar recaerá, na lonxitude e largura que demanden a natureza e finalidade do acceso, sobre os terreos estremeros ou contiguos ao dominio público-marítimo terrestre.

O artigo 37 determina que a ocupación do dominio público non implicará, en ningún caso, a cesión deste, nin a súa utilización significará a cesión das facultades demaniais da Administración do Estado nin a asunción, por parte desta, de responsabilidades de ningún tipo respecto á/ao titular do dereito á ocupación ou a terceiros/as.

- Lei 4/2023, do 6 de xullo, de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia (DOG núm. 133, do 13.07.2023). Esta lei ten por obxecto a conservación e xestión integrada do litoral en Galicia. Divide o litoral en tres zonas: áreas de protección ambiental, áreas de mellora ambiental e paisaxística e áreas de ordenación.

Nos espazos correspondente á área de protección ambiental inclúense, entre outros, os espazos naturais protexidos do litoral nas diversas categorías recollidas na normativa de conservación do patrimonio natural de Galicia. Entre os obxectivos de ordenación para estas áreas figuran:

- Preservar a paisaxe litoral como valor natural e cultural.
- Preservar os ecosistemas e favorecer o seu desenvolvemento.
- Preservar estes espazos dos desenvolvementos urbanísticos.
- Poñer en valor os elementos do patrimonio natural e cultural.

- Decreto 20/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral de Galicia (DOG núm. 37, do 23.02.2011). O Plan de Ordenación do Litoral de Galicia (en diante POL) ten por obxecto establecer os criterios, principios e normas xerais para unha ordenación territorial da zona litoral baseada en criterios de perdurabilidade e sustentabilidade, así como a normativa

necesaria para garantir a conservación, protección e valorización das zonas costeiras. O POL establece unha estrutura composta por distintos elementos que se superpoñen e complementan para poder recoller as particularidades de cada ámbito.

No artigo 8 deste decreto recóllese o esquema dos elementos do modelo territorial previsto no POL.

O artigo 11 define as áreas de protección costeira como aquelas que conforman os elementos máis singulares e representativos do escenario costeiro, incluíndo significativos valores ambientais que deben ser obxecto de conservación. Engloba espazos de elevado valor natural e ambiental, así como paisaxístico e, en concreto, as xeformas rochosas (cantís, illas e illotes) e os sistemas praia-duna xunto coas formacións vexetais costeiras asociadas. Do mesmo xeito, inclúense nesta categoría os espazos afectados por dinámicas litorais.

No seu artigo 15 defínense os espazos de interese como aqueles que posúen unha xeomorfoloxía singular, conteñen taxons endémicos, vulnerables ou de distribución reducida, ou que se recoñecen como paisaxes que inciden no imaxinario colectivo litoral de Galicia.

- Real decreto legislativo 2/2011, do 5 de setembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Portos do Estado e da Mariña Mercante (BOE núm. 253, do 20.10.2011). Este texto ten como obxecto determinar e clasificar os portos competencia da administración xeral do estado, definidos como portos de interese xeral, que son xestionados polas Autoridades Portuarias en réxime de autonomía e polo organismo público *Puertos del Estado* no referente á coordinación e control da eficiencia do sistema portuario. Tamén figura como obxecto da lei regular a súa planificación, construción, organización, xestión, réxime económico-financeiro e policía, así como a prestación de servizos e a súa utilización.

No seu artigo 28 establécense as funcións que terán as Autoridades Portuarias para o exercicio das súas competencias de xestión, entre as que se atopa a función de xestionar os servizos xerais e os de sinalización marítima, autorizar e controlar os servizos portuarios e as operacións e actividades que requiran a súa autorización ou concesión.

O monumento natural Costa de Dexo está afectado polo servizo de sinalización marítima constituído por dúas torres de enfilación para a axuda na navegación (tradicionalmente coñecidas como "os faros de Mera"), xestionadas pola Autoridade Portuaria da Coruña.

h) Espazo aéreo

- Real decreto 57/2002, do 18 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Circulación Aérea (BOE núm. 17, do 19.01.2002). Mediante este real decreto apróbase o Regulamento de Circulación Aérea relativo á organización e emprego do espazo aéreo, no que se definen as zonas CTR ou de control de tráfico aéreo. Estas zonas CTR son áreas que rodean os aeroportos ou aeródromos cuxa función principal é garantir a seguridade e evitar colisións entre aeronaves tripuladas e non tripuladas.

- Real decreto 1036/2017, do 15 de decembro, polo que se regula a utilización civil das aeronaves pilotadas por control remoto, e se modifican o Real Decreto 552/2014, do 27 de xuño, polo que se desenvolve o regulamento do aire e disposicións operativas comúns para os servizos e procedementos de navegación aérea, e o Real decreto 57/2002, do 18 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de circulación aérea (BOE núm. 316, do 29.12.2017). Na disposición adicional terceira deste real decreto establécense as regras de policía da circulación aérea na operación de aeronaves tripuladas por control remoto con fins recreativos, deportivos ou lúdicos, que non poderán realizarse nas zonas reservadas, prohibidas ou restrinxidas á navegación aérea.

A maior parte da superficie ocupada polo monumento natural atópase dentro do espazo aéreo controlado CTR A Coruña e, polo tanto, as limitacións ao sobrevoo serán as establecidas na normativa de aplicación.

- Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e a biodiversidade (BOE núm. 299, do 14.12.2007). Na súa disposición adicional undécima esta lei establece que as limitacións ou prohibicións de voo ás aeronaves nos espazos naturais protexidos e nos espazos protexidos da Rede Natura 2000 estableceranse polo Goberno de conformidade co previsto no artigo 3 da Lei 48/1960, do 21 de xullo, sobre Navegación Aérea.

i) Especies invasoras

- Lei 42/2007, do 13 de decembro, de Patrimonio Natural e da Biodiversidade (BOE núm. 299, do 14.12.2007). O capítulo III do título III desta lei dedícase á prevención e control das especies exóticas invasoras.

No artigo 64 desta lei créase o Catálogo Español de Especies Exóticas Invasoras (en diante CEEEI) e establécese que as estratexias, plans e campañas de control ou erradicación das especies deberán contar con accións indicadoras e un programa de seguimento que permita avaliar a súa eficacia. Tamén se recolle neste artigo que as Administracións competentes levarán a cabo un seguimento das especies exóticas con potencial invasor, en especial daquelas que teñan demostrado ese carácter noutros países ou rexións, coa finalidade de propor, chegado o caso, a súa inclusión no CEEEI.

- Real Decreto 630/2013, do 2 de agosto, polo que se regula o Catálogo español de especies exóticas invasoras (BOE núm. 185, do 03.08.2013). O obxecto deste real decreto é regular o Catálogo establecendo as características, contidos, criterios e procedementos de inclusión ou exclusión das especies no catálogo; as medidas necesarias para previr a introdución de especies exóticas invasoras e para o seu control e posible erradicación; e as características e o contido das estratexias de xestión, control e erradicación das especies exóticas invasoras.

No seu artigo 7 recóllense os efectos da inclusión dunha especie no catálogo, feito que implicará:

- A prohibición xenérica da súa posesión, transporte, tráfico e comercio de exemplares vivos, dos seus restos ou propágulos que puidesen sobrevivir ou reproducirse, incluíndo o comercio exterior. Esta

prohibición poderá quedar sen efecto, previa autorización administrativa da autoridade competente, cando sexa necesario por razóns de investigación, saúde das persoas ou con fins de control e erradicación, no marco de estratexias, plans e campañas que se aproben a tal efecto.

- A prohibición da súa introdución no medio natural no ámbito do territorio nacional de aplicación recollido no anexo da norma.

- A prohibición de devolver ao medio as especies animais e vexetais incluídas no catálogo que sexan extraídas da natureza par calquera procedemento. Esta prohibición poderá quedar sen efecto nos supostos de investigación, saúde ou seguridade das persoas, previamente autorizada pola autoridade competente en medio ambiente.

- As actuacións e comportamentos destinados ao fomento das especies incluídas no catálogo.

- Regulamento (UE) 1143/2014, do 22 de outubro, sobre a prevención e a xestión da introdución e propagación de especies exóticas invasoras (DOUE núm. 317, do 04.11.2014). Este regulamento establece as normas para evitar, reducir ao máximo e mitigar os efectos adversos sobre a biodiversidade da introdución e propagación na Unión, tanto de forma intencionada como non intencionada, de especies exóticas invasoras.

No seu artigo 4 regúlase a adopción dunha lista de especies exóticas invasoras preocupantes para a Unión, o procedemento para a súa actualización e os criterios que determinarán a inclusión dunha especie nesta lista.

No artigo 7 establécense as restricións para as especies exóticas invasoras preocupantes para a Unión que non poderán, de forma intencionada:

- Introducirse no territorio da Unión, incluída a prohibición de tránsito baixo supervisión aduaneira.

- Manterse, tampouco en espazos contidos.

- Criarse, tampouco en espazos contidos.

- Transportarse nin á Unión, nin dende esta, exceptuando o transporte de especies ata instalacións no contexto da erradicación.

- Introducirse no mercado.

- Empregarse ou intercambiarse.

- Poñerse en situación de poder reproducirse, criarse ou cultivarse, tampouco en espazos contidos.

- Liberarse ao medio ambiente.

j) Cambio climático

- Lei 7/2021, do 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética (BOE núm. 121, do 21.05.2021). Esta lei ten por obxecto, no marco do Acordo de París, facilitar a descarbonización da economía española, a súa transición a un modelo circular de modo que se garanta o uso racional e solidario dos recursos, promover a adaptación aos impactos do cambio climático e a implantación dun modelo de desenvolvemento sustentable que xere emprego decente e contribúa á redución das desigualdades.

Os aspectos relativos á adaptación ao cambio climático incorpóranse no título V desta lei. O artigo 17.1 deste título establece que o Plan nacional de adaptación ao cambio climático (PNACC) constitúe o instrumento de planificación básico para promover a acción coordinada e coherente fronte aos efectos do cambio climático en España, sen prexuízo das competencias que correspondan a outras Administracións públicas.

Esta lei conta cun artigo, o 24, dedicado á protección da biodiversidade contra o cambio climático. Nel recóllese que as Administracións públicas fomentarán a mellora do coñecemento sobre a vulnerabilidade e resiliencia das especies silvestres e os hábitats fronte ao cambio climático, así como a capacidade dos ecosistemas para absorber emisións. Este coñecemento aplicarase na mellora das políticas de conservación, xestión e uso sustentable do patrimonio natural e da biodiversidade.

Con esta finalidade establécense unha serie de actuacións a desenvolver, entre as que se atopan a elaboración dunha estratexia específica de conservación e restauración de ecosistemas e especies especialmente sensibles aos efectos do cambio climático, estratexia que terá a consideración de instrumento programático de planificación das Administracións públicas e que será aprobado mediante acordo do Consello de Ministros. Esta estratexia incluírá as directrices básicas para a adaptación ao cambio climático dos ecosistemas naturais terrestres, dos ecosistemas mariños e das especies silvestres españolas, así como as liñas básicas da súa restauración e conservación, con especial referencia aos ecosistemas acuáticos ou dependentes da auga e aos de alta montaña.

Tamén regula a realización dunha avaliación da representatividade a medio e longo prazo das redes de espazos naturais protexidos e espazos da Rede Natura 2000 nos diferentes escenarios climáticos posibles.

A Administración Xeral do Estado e a das comunidades autónomas, no ámbito das súas respectivas competencias, incluírán na actualización e revisión dos plans ou instrumentos de xestión dos espazos naturais protexidos e espazos da Rede Natura 2000 unha epígrafe sobre a súa adaptación ao cambio climático con, polo menos, un diagnóstico que inclúa unha lista de especies e hábitats especialmente vulnerables, obxectivos, accións e indicadores de progreso e cumprimento, así como un plan de conectividade con outros espazos protexidos.

O artigo 21, relativo á consideración do cambio climático na planificación e xestión territorial e urbanística, así como nas intervencións no medio urbano, na edificación e nas infraestruturas do transporte, prevé unha zonificación que identifique zonas de sensibilidade e exclusión pola súa

importancia para a biodiversidade, conectividade e provisión de servizos ecosistémicos, así como sobre outros valores ambientais. Esta exclusión ten a finalidade de garantir que as novas instalacións de produción enerxética a partir das fontes de enerxía renovable non provoquen un impacto severo sobre a biodiversidade e outros valores naturais.

k) Infraestrutura verde

- Orde PCM/735/2021, do 9 de xullo, pola que se aproba a Estratexia Nacional de Infraestrutura Verde e da Conectividade e Restauración Ecolóxicas (BOE núm. 166, do 13.07.2021). A infraestrutura verde defínese como unha rede ecoloxicamente coherente e estratexicamente planificada de zonas naturais e seminaturais e doutros elementos ambientais, deseñada e xestionada para a conservación dos ecosistemas e o mantemento dos servizos que nos provén. Inclúe espazos e outros elementos físicos 'verdes' en áreas terrestres (naturais, rurais e urbanas) e mariñas.

Segundo o artigo 15 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, esta estratexia terá como obxectivo marcar as directrices para a identificación e conservación dos elementos do territorio que compoñen a infraestrutura verde do territorio español, terrestre e mariño, e para que a planificación territorial e sectorial que realicen as Administracións públicas permita e asegure a conectividade ecolóxica e a funcionalidade dos ecosistemas, a mitigación e adaptación aos efectos do cambio climático, a desfragmentación de áreas estratéxicas para a conectividade e a restauración de ecosistemas degradados.

Esta lei tamén prevé a obriga de que as comunidades autónomas desenvolvan as súas propias estratexias segundo as directrices da estratexia nacional, incluíndo os seus obxectivos.

II. DIAGNOSE E INVENTARIO AMBIENTAL


1. Medio físico e abiótico

1.1. Climatoloxía

O clima do concello de Oleiros participa do carácter temperado e húmido común ás comarcas costeiras de Galicia. Os seus trazos particulares están determinados fundamentalmente pola súa proximidade ao mar, en especial no que se refire á suavidade térmica e ás oscilacións relativamente pequenas de temperatura entre as distintas estacións.

Como en toda a franxa litoral norte e noroeste de Galicia, non se rexistran precipitacións moi altas, con valores de anuais da orde de 900 a 1.100 l/m², por debaixo da media de Galicia. Se ben concentrada como é lóxico nas estacións de outono e inverno, a precipitación está ben distribuída anualmente. Os datos amosan uns 130 días anuais de precipitación apreciable, sendo a media de xullo, o mes menos chuvioso do ano, de 25 l/m².

No referente ás características termométricas, a temperatura media anual é de 14 °C. Durante o verán as medias acadan os 19 °C (con máximas escasamente superiores aos 30 °C). Xaneiro é o mes máis frío cunha media de 9,5 °C, con mínimas que en moi poucas ocasións acadan valores negativos; disto resulta unha oscilación térmica anual de 9,4 °C, oscilación pequena típica das zonas costeiras.



Imaxe 3. Climograma da Costa de Dexo. Valores medios de temperatura e precipitación entre 2007 e 2022.

A humidade relativa media sitúase entre 75 e 80 % ao longo do ano, sen unhas diferenzas destacables entre os distintos meses do ano e cun réxime de xeadas suave e sen presenza habitual de xeadas extremas.

No relativo ao réxime de ventos, a forte exposición da Costa de Dexo ás condicións oceánicas maniféstase nunha elevada influencia deste meteoro. Isto convertese nun importante condicionante ambiental que limita e regula a presenza e distribución de hábitats e comunidades florísticas e faunísticas, así como para o establecemento tradicional de certos usos socioeconómicos. Na zona dáse un marcado predominio de ventos de compoñente sur e, en menor medida, ventos de compoñente norte, fundamentalmente nordeste nos meses estivais. A porcentaxe de calmas non é moi elevada, situándose ao redor do 10 %, debido á súa posición na costa, moi afectada polas borrascas atlánticas que atravesan á Comunidade ao longo do ano.


1.2. Xeoloxía

Segundo a cartografía do "Instituto Tecnológico y Geominero de España" (ITGE) a Costa de Dexo está encadrada nunha zona do macizo herciniano denominada Galicia-Tras Os Montes, pertencente á zona Centro-Ibérica.

Pódese considerar este treito da costa de Oleiros como unha zona tipicamente representativa da serie de Ordes, unidade formada por materiais alóctonos formados lonxe do ámbito xeográfico actual de Galicia e que foron acrecionados durante o proceso de converxencia de placas que formou a Panxea hai 350 millóns de anos. Durante este proceso, eventos tecnotermiais de alta presión e temperatura deron forma a unha secuencia con aparencia de *flysch*, composta maioritariamente por rochas metamórficas con características de grauvacas turbidíticas, conglomerados, filitas e calco-silicatos, cunha estrutura disposta en planos de xistosidade rexional con buzamentos moi altos, de entre 75 e 90 °.

Posteriormente, xeráronse corpos magmáticos intrusivos (granitoides), formando as rochas magmáticas parte importante do substrato xeolóxico autóctono.

Dentro desta historia xeolóxica o golfo Ártabro, e concretamente a Costa de Dexo, presenta maior variedade e abundancia de estruturas tectónicas fronte a outros sectores do complexo de Ordes, máis homoxéneos e monótonos.



Así, a erosión litoral descubriu algunhas destas estruturas agrupadas en dúas zonas: o segmento Seixo Branco-A Marola e a punta Torrella, en forma de diques de rochas metabásicas (anfíbolitas e filitas) nunha mesma dirección (NNE-SSW) formados con anterioridade á oroxenia Hercínica, como indica a súa dirección paralela aos planos de xistosidade.

Con orientación distinta aos anteriores (NE-SW) destaca o dique coñecido como Seixo Branco, filón de pórfido granítico que corta a xistosidade rexional conferíndolle un carácter posterior á oroxenia Hercínic. Este dique dálle nome a un dos espazos máis emblemáticos da Costa de Dexo, e constitúe o principal expoñente da riqueza xeolóxica do espazo, polo seu elevado valor explicativo e didáctico sobre a historia xeolóxica, tectónica e estruturas tectónicas, procesos metamórficos e procesos erosivos e de formación xeomorfolóxica do litoral durante o Cuaternario.

1.3. Xeomorfoloxía

No relativo á xeomorfoloxía, ambos tipos de rochas (alóctonas e autóctonas) foron fortemente afectadas por fenómenos tectónicos, sendo o principal axente formador do relevo desta zona a tectónica durante o Cenozoico, xunto ás variacións do nivel do mar ao longo do Cuaternario.

Xeomorfoloxicamente a Costa de Dexo inscríbese no bordo setentrional da penechaira de Ordes, constituíndo o extremo norte da península conformada polos concellos de Oleiros e Sada, nun arco litoral orientado cara ao norte pero con presenza de todas as orientacións no arco leste-oeste. Xunto co resto do concello de Oleiros, o espazo presenta na súa práctica totalidade unha paisaxe recortada de forma moi suave, con pequenas lombas que descenden gradualmente cara ao mar, con diferenzas de altitude escasas (inferiores aos 100 msnm), vertentes tendidas e pendentes baixas. A erosión é a principal responsable da degradación da superficie inicial ao longo da penechaira de Ordes, ademais de axudarse de fenómenos de tipo tectónico.

Dentro deste contexto, a franxa costeira presenta unha morfoloxía bastante característica, cun relevo abrupto, dominado por cantís a causa dos axentes litorais de erosión (acción eólica, mariña, etc.), que constitúen os procesos morfoxenéticos máis importantes na costa, e que causan unha regresión do bordo marítimo. Este retroceso obsérvase no perfil da costa, o cal é bastante irregular, sucedéndose unha serie de penínsulas.

Os cantís litorais constitúen o elemento xeomorfolóxico e paisaxístico máis sobranceiro do espazo. Toda a Costa de Dexo é moi escarpada, cun relevo litoral en forma de serra no que se alternan cabos e cantís con alturas máximas de 40 metros xunto con calas e zonas resgardadas con pequenas praias de area ou coídos na súa base. Por outro lado, a acción erosiva levada a cabo polo mar sobre o relevo costeiro acaba por provocar derrubes, acumulando bloques de materiais rochosos nas plataformas de abrasión.

Outro elemento xeomorfolóxico do espazo son as furnas e bufadoiros, covas mariñas semi-mergulladas resultantes dos procesos erosivos e a interacción entre as oscilacións do nivel do mar (e da súa forza erosiva) e o material xeolóxico naquelas zonas máis debilitadas pola súa condición litolóxica ou pola presenza de fracturas. As furnas son frecuentes ao longo da base dos cantís de todo o monumento natural, estimándose nunha cantidade próxima ás 40 cavidades, e localizándose na contorna de Seixo Branco tres casos nos que o desenvolvemento do proceso erosivo deu lugar a derrubamentos do seu teito, confor-

mando os coñecidos popularmente como “Ollos”, buratos de tamaño medio na zona superior dos cantís conectados co mar a través do interior das furnas (Ollo Grande, Ollo Pequeno e A Regocha).

Tamén aparecen pequenas penas e illotes que comparten a orixe xeolóxica e os procesos xeomorfolóxicos característicos desta paisaxe litoral. Adquiren especial relevancia os seguintes:

- A Marola: Pequeno illote de perfil cónico, con 22 m de altitude e unhas dimensións aproximadas de 110 x 65 m. Está acompañada por dúas pedras de menor tamaño, o Marolete e a Marola Pequena. Sitúase a unha distancia da costa de aproximadamente 500 m e presenta un escaso desenvolvemento da vexetación.

- Insua de Montemeán: Illote moi próximo á terra, case como unha extensión da punta de Montemeán, presenta unha altura aproximada de 20 m, cun relevo conformado por cantís verticais no seu perímetro e unha chaira na súa zona superior. As súas dimensións aproximadas son de 150 x 60 m, cunha superficie de 0,8 ha. A súa chaira superior está densamente ocupada por vexetación herbácea.

- Corval: A de menor desenvolvemento, cunha superficie permanentemente emerxida de apenas 0,05 ha e cunhas dimensións aproximadas de 40 x 15 m. Sitúase a uns 150 m de distancia de terra, nas proximidades de punta Porrido, e está totalmente desprovista de vexetación.

Ademais, aparecen ao longo da costa diversas formacións xeomorfolóxicas singulares que acadan certo interese, como por exemplo a pequena cova coñecida como “cova do ladrón”.

1.4. Hidroloxía

As características hidroxeolóxicas da comarca están fortemente condicionadas pola litoloxía xistosa, que modela un relevo suave. A suavidade das pendentes e o carácter baixo das terras, condicións comúns en toda a comarca, favorecen o desenvolvemento de cursos de auga de baixa velocidade e escaso caudal, que discorren en sentido oeste-leste, seguindo a pendente do terreo e orixinando vales curtos pero con sistemas hidrográficos amplos.

Na Costa de Dexo non se distinguen importantes cursos superficiais de auga, sendo practicamente inexistentes. Aparecen algúns pequenos regatos de moi pequena entidade; sendo os únicos con caudal permanente o río de Abaixo, en Canabal e o rego da Pedra en Dexo. Desembocan en ocasións directamente sobre os cantís da zona a modo de pequenas fervezas de moi pequena entidade.

En pequenas valgadas ou depresións do terreo poden aparecer cursos estacionais innominados, de escasa entidade, xunto con asolagamentos e pozas de reducidas dimensións durante o outono e inverno.

As fontes e puntos de auga tradicionais, constituídos como puntos de abastecemento ou uso de auga da poboación, non son moi abundantes no monumento natural, aínda que si o son no resto do concello de Oleiros, estando repartidos en grande cantidade por todo o municipio.

1.5. Edafoloxía

Os solos desenvolvidos sobre materiais da serie de Ordes son, en xeral, moderadamente profundos debido ao seu baixo grao de alteración, e ben drenados, grazas ás súas texturas limoso-arxilosas ou arxilo-areosas. Trátase de solos semellantes aos xerados sobre rochas básicas: son solos de fácil alteración, que producen relevos suaves e cun baixo risco de erosión.

Dentro do monumento natural pódese diferenciar un gradiente crecente de madurez dos solos dende a costa cara ao interior. Debido á elevada erosión na zona costeira existe unha continua renovación e rexuvenecemento dos solos na zona máis próxima ao mar, máis exposta aos fenómenos erosivos.

Segundo o Mapa de solos de Galicia, trátase fundamentalmente de leptosois úmbricos, cun espesor inferior a 25 cm e perfil tipo A/R, cun horizonte superficial A úmbrico, rico en materia orgánica. Nas zonas acantiladas máis expostas preséntanse leptosois líticos, con espesores inferiores aos 10 cm.

Os solos gañan en profundidade e madurez naqueles tramos costeiros máis resgardados da erosión meteorolóxica onde os leptosois son acompañados por umbrisois epilépticos (os umbrisois de menor espesor) con perfil A/C, A/R ou A/B/C (sendo neste caso un horizonte B incipiente), ricos en materia orgánica, desaturados en bases, de textura fina, franca ou franco-limosa, e un pH ácido ou moi ácido.

Finalmente, nas áreas máis afastadas da influencia oceánica e con maior cobertura vexetal, aparecen umbrisois ferrálicos e háplicos, que son os de maior desenvolvemento e máis abundosos no monumento natural.

2. Medio biótico

2.1. Vexetación potencial

A vexetación potencial da Costa de Dexo correspóndese, segundo o mapa de series de vexetación de Rivas Martínez, coa serie 8c “serie colina galaico-portuguesa acidófila do *Quercus robur*, *Ruscu aculeati-Querceto roboris sigmetum*”, bosque caducifolio cuxa especie principal é *Quercus robur*, cunha elevada diversidade específica e con predominio de caducifolios máis algún elemento laurifolio e sub-esclerófilo.

De todos os xeitos, cómpre salientar que estas series de vexetación potencial defínense utilizando criterios bioclimáticos a escala rexional. No caso específico da Costa de Dexo, a elevada influencia de factores ambientais e meteorolóxicos vinculados ao seu carácter litoral (e que se manifestan na elevada erosión edáfica, solos esqueléticos, elevadas taxas de salinidade,...) implica que en gran parte do espazo deba atenderse non á vexetación potencial zonal, senón ás clases de vexetación azonal (aquela que se desenvolve independentemente da esperada na rexión bioclimática).

2.2. Vexetación actual

Na Costa de Dexo a vexetación correspóndese con aquela adaptada ás condicións definidas fundamentalmente pola influencia do mar, caracterizándose pola presenza de comunidades vexetais representativas e típicas dos cantís costeiros atlánticos en relativo bo estado de conservación.

Os factores ecolóxicos desfavorables que actúan selectivamente sobre a vexetación dos cantís mariños son, fundamentalmente: as salpicaduras directas do mar, o grao de salinidade ambiental e edáfica, a acción directa do vento e a intensa exposición á luz solar.

Estes factores inflúen sobre a fisionomía, composición e estrutura da cuberta vexetal, producindo nas plantas unha serie de adaptacións: adopción de formas almofadadas para reducir a perda de auga, follas carnosas, desenvolvemento de cutículas epidérmicas grosas e brillantes ou aparición de densos indumentos pilosos.

Nos medios nos que algún ou algúns factores ecolóxicos varían substancialmente en curtos espazos seguindo unha dirección determinada, a distribución das comunidades florísticas tamén varía rápida e drasticamente, aparecendo cinturas de vexetación ligadas a unhas condicións ambientais concretas. Isto sucede coa cuberta vexetal dos cantís, onde tales cinturas de vexetación dispóñense en función da influencia mariña que condiciona a variación do conxunto de factores ecolóxicos, principais determinantes da distribución das plantas nestes medios.

A distribución en cinturas de vexetación nos cantís deste territorio responde ao modelo xeral de todos os cantís atlánticos meridionais, onde se recoñecen tres cinturas de vexetación dende o litoral cara ao continente:

Cintura de vexetación halocasmofítica:

Na zona intermareal rochosa atópanse comunidades dominadas por algas e liques, estes últimos nas áreas máis elevadas e con inmersións menos frecuentes. Por riba desta zona intermareal, a primeira cintura de vexetación supralitoral caracterízase por comunidades moi abertas cun pequeno número de taxons. Estas comunidades cobren unha porcentaxe moi baixa do total da área na que se desenvolven, quedando gran parte da rocha ao descuberto. Esta franxa de cantil está sometida á acción directa do mar, tanto polas continuas salpicaduras desprendidas das ondas ao romper na base do cantil, como polos máis esporádicos golpes de mar nas grandes tormentas. Como consecuencia, a formación de solo continuo está impedida pola acción do mar e unicamente ten lugar nas fisuras da rocha, sendo o único espazo dispoñible para o establecemento da vexetación.

Trátase, polo tanto, de plantas de ciclo de vida plurianual (perennes), altamente especializadas na ocupación dun medio que presenta fortes dificultades para a súa colonización: deben ser capaces de vivir en medios salinos (halófilas) e dispor de sistemas radicais potentes e axeitados para ancorarse nas fisuras das rochas (casmófitas).

Estas condicións estritas de habitabilidade provocan a existencia nestas comunidades dun elevado número de especies endémicas, conservadas ademais debido ao seu emprazamento en localizacións de difícil acceso, como cantís e interior das furnas.

Dende o punto de vista fitosociolóxico, na primeira cintura de vexetación atópase, colonizando fisuras da rocha cunha certa nitrofilia e en especial nas paredes verticais das furnas, o fento *Asplenium marinum*, pteridófita exclusiva do litoral e única especie integrante da asociación *Asplenietum marini*, propia destes ambientes rochosos halonitrófilos.

A continuación preséntase a asociación *Crithmo maritimi-Armerietum pubigeræ*, que ten como especies máis representativas ao pirixel de mar, *Crithmum maritimum*, e ás denominadas "herbas de namorar" do xénero *Armeria*: *A. maritima* e *A. Pubigera*; estas son dúas especies difíciles de diferenciar, xa que aparecen conxuntamente e entre elas obsérvanse procesos de hibridación. *Armeria pubigera* subsp. *pubigera* é unha especie endémica do NO peninsular.

En nichos moi especializados de escasa extensión, cun solo delgado algo enriquecido en sales nitroxenadas, poden aparecer comunidades integradas por especies de tamaño moi reducido e de vida moi efémera (terófitos), como a asociación *Sagino maritimæ-Cochlearietum danicæ*.

Praderías densas aerohalinas

A segunda cintura de vexetación, situada xeralmente por enriba da halocasmofítica, está formada por comunidades en xeral máis diversas que as anteriores en canto á súa flora e que, ao ocupar total ou case totalmente o biótoto que colonizan, forman unha pradería pechada asentada xa sobre un solo edáfico continuo ou case continuo. Nestes espazos a profundidade edáfica é maior e a salobridade, aínda que elevada, é menor que na cintura anterior, consecuencia da súa situación máis protexida da acción do mar que xa non exerce directamente o seu efecto erosivo. Nestes ambientes a acción do mar non é directa, senón que ten lugar a través de salpicaduras e, sobre todo, polo orballado con microgotas de auga salgada suspendidas no aire e arrastradas polo vento. Por esta razón a esta cintura de vexetación cualifícase-lle como aerohalina.

Este medio ten unha menor capacidade selectiva sobre as plantas que o poden ocupar, de tal modo que nel viven algunhas que tamén o fan en zonas interiores e que parecen amosar unha certa halotolerancia. Non obstante, nalgúns casos estas plantas presentan aspectos lixeiramente diferentes cando viven nos cantís ou cando o fan en zonas do interior. Frecuentemente, estas ecomorfoses (formas distintas das plantas ligadas a ambientes diferentes) son clasificadas como formas, variedades ou subespecies diversas.

A asociación dominante na zona é a *Dauco gummiferi-Festucetum pruinosæ*, clasificada na mesma alianza, orde e clase que as comunidades halocasmofíticas, atendendo a que hai un conxunto de plantas presentes en ambos tipos de comunidades.

A planta máis abundante nestas praderías é a gramínea *Festuca rubra* subsp. *pruinosa*, de distribución exclusiva nas costas atlánticas meridionais.

Xunto con ela conviven outras plantas que crecen nestes medios de maneira case exclusiva. Entre elas, *Daucus carota* subsp. *gummifer*, *Silene uniflora*, *Rumex acetosa* subsp. *biformis*, *Leucanthemum pluri-florum*, *Angelica pachycarpa* ou *Anthyllis vulneraria* subsp. *iberica*, moitas delas especies endémicas de marcado carácter galaico-asturiano.

Nos claros destas comunidades, sobre solos delgados, poden aparecer comunidades de terófitos halófilos similares aos descritos na primeira cintura de vexetación.

Esta vexetación, xunto coa cintura de vexetación halocamofítica, correspóndese coa vexetación característica do hábitat 1230 - Cantís con vexetación das costas atlánticas e bálticas.

Matogueiras aerohalófilas

A última das cinturas de vexetación peculiar dos cantís está constituída por matogueiras que son xa moi similares a outras que aparecen no interior.

Esta cintura aparece tanto en situacións de pendente do cantil orientadas cara o mar, como nas zonas máis chás. A influencia do mar maniféstase a través da fina pulverización con gotas de auga en suspensión que arrastra o vento, o que impide a implantación das comunidades vexetais normais en áreas menos expostas onde a influencia mariña é escasa ou nula.

Nestas condicións desenvólvense solos continuos, cun horizonte superior moi rico en materia orgánica mal descomposta que permiten o asentamento de comunidades de matogueira, máis complexas estruturalmente e con maior diversidade florística que as que se desenvolven nas zonas do cantil máis próximas ao mar.

As matogueiras máis frecuentes nesta cintura de vexetación son do tipo queirogal-toxeira, sendo as especies máis abundantes *Erica cinerea*, *Erica ciliaris*, *Erica umbellata*, *Daboecia cantabrica*, *Glandora prostrata*, *Calluna vulgaris*, e o toxo, *Ulex europaeus*. O toxo presente nestes ambientes é *U. europaeus* subsp. *latebracteatus*, caracterizado pola maior lonxitude das brácteas do cáliz e pola forma prostrada e alomada destes ecotipos mariños.

É tamén de destacar a presenza de elementos termófilos como *Cistus salvifolius* e *Daphne gnidium*.

Dende un punto de vista fitosociolóxico, a principal asociación vexetal que aparece baixo estas condicións é *Sileno maritimae-Ulicetum humilis*, na que ademais dos citados aparecen taxons como *Silene uniflora*, *Pteridium aquilinum*, *Asphodelus albus* e orquídeas como *Serapias cordigera*, *Dactylorhiza maculata* ou *Orchis morio*.

A influencia do mar decrece a medida que aumenta a distancia á costa: diminúe o nivel de salinidade tanto atmosférico como edáfico, dando lugar a unha evolución progresiva da matogueira ata chegar a

conformar un tipo de comunidade xa independente e non afectada polas condicións salobres do medio. Trátase da asociación *Ulici europaei-Ericetum cinereae*, queirogais típicos do interior de Galicia que aparecen en mosaico cos queirogais húmidos da asociación *Cirsio filipenduli-Ericetum ciliaris*, con presenza de *Erica ciliaris* e que constitúen o hábitat prioritario 4020* da Directiva 92/43/CEE.

Ademais destas cinturas de vexetación principais que configuran a estrutura espacial das comunidades vexetais na área de estudo, aparecen pequenas representacións de formacións e comunidades en nichos especializados que achegan diversidade e riqueza á flora do espazo:

- *Cratoneurion*: en rochedos e cantís zumegantes, con elevada humidade e con afloramento de augas saturadas en carbonatos, poden aparecer precipitados de calcio dando lugar a substratos calcarios moi puros, colonizados por diversas especies de briófitos que constitúen un hábitat prioritario.

- Comunidades nitrófilas: en cantís con presenza de colonias de cría de aves mariñas aparecen comunidades vexetais ligadas a biótotos con solos ricos en sales nitróxenadas e que, por tanto, poden ser cualificadas de nitrófilas. Estas condicións vense favorecidas polas dexeccións das propias aves alí onde aparecen de maneira regular en cantidades significativas, modificando os solos do cantil a través desta achega de abono. Entre as especies presentes destaca pola súa abundancia e aspecto a malva arbórea, *Lavatera arborea*.

- Loureirais: nos cantís silíceos do litoral atlántico e cantábrico, en situacións protexidas dos ventos dominantes, poden desenvolverse interesantes formacións de loureiros, *Laurus nobilis*, cunha flora específica asociada que na Costa de Dexo aparece de maneira puntual e localizada.

- Bosques de ribeira: se ben non existen bosques de ribeira salientables, aparecen asociados aos escasos regos fluviais pequenas formacións arbóreas atribuíbles a este hábitat, dominadas por *Alnus lusitánica* e *Salix atrocinerea*.

A estrutura en cinturas de vexetación natural propia do ecosistema litoral anteriormente descrita, vese continuada cunha nova cintura consistente nunha orla forestal de orixe antrópica, conformada por plantacións forestais mixtas de *Eucaliptus globulus*, *Pinus pinaster* e *Pinus radiata*, con presenza no seu sotobosque de abondoso arborado autóctono como *Quercus robur*, *Quercus pyrenaica* e *Castanea sativa*, produto este último probablemente de antigos soutos cultivados e actualmente xa desaparecidos.

Finalmente, xa nas áreas de transición cara aos núcleos de poboación, aparecen cultivos e terras de labor maioritariamente en desuso, en mosaico con antigos prados seminaturais en proceso de abandono.

2.3. Flora ameazada

No referente á flora ameazada ou legalmente protexida, atópanse presentes no espazo as seguintes especies, recollidas en distintas categorías de protección:

FLORA AMEAZADA	Directiva 92/43/CEE	LESRPE	CEEA	CGEA
----------------	---------------------	--------	------	------

<i>Narcissus bulbocodium</i>	V			
<i>Narcissus triandrus</i>	IV	Si		
<i>Rumex rupestris</i>	II	Si		En perigo
LESRPE: Listado de especies silvestres en réxime de protección especial. CEEA: Catálogo español de especies ameazadas. CGEA: Catálogo galego de especies ameazadas.				

Narcissus triandrus aparece de maneira frecuente nos claros dos queirogais e toxeiros costeiras, e *Narcissus bulbocodium* en prados húmidos.

Rumex rupestris é unha labaza distribuída polo occidente de Gran Bretaña, Francia e Galicia, onde aparece de maneira moi restrinxida nalgúns puntos costeiros de Pontevedra, Ferrolterra e Costa da Morte.

Ata a actualidade estaba citada unicamente en 18 cuadrículas UTM 1x1 km na costa galega, cun declive xeralizado das súas poboacións que motivou a súa inclusión no Catálogo galego de especies ameazadas (CGEA), coa categoría de "en perigo de extinción".

Dentro dos límites do monumento natural, concretamente na contorna do porto de Dexo, detectouse unha localidade desta especie que non estaba citada.

Os hábitats principais desta especie son a beira de regatos sobre areas costeiras e zonas basais de repisas e cantís rochosos, ben sobre areas, cantos rodados ou paredes que zumegan; sendo este último o hábitat empregado pola especie nesta nova localidade detectada no espazo natural.

Por outra banda, se ben non se trata dunha especie incluída en listados de protección legal, existen dúas localidades con presenza da orquídea *Orchis morio*, especie case restrinxida en Galicia á metade meridional. Estas localidades acadan certa importancia para a especie por ser das poucas coñecidas na metade norte de Galicia. Aparece conxuntamente con outras orquídeas presentes no espazo (*Dactylorhiza elata*, *Dactylorhiza maculata*, *Serapias cordigera*) en pequenas parcelas cunha interesante riqueza florística.

2.4. Fauna

Tendo en conta a distribución dos ecosistemas presentes neste espazo protexido, cunha marcada diferenciación entre a zona eminentemente litoral (con formacións de cantil e vexetación asociada, fundamentalmente herbácea, e extensións de queirogais-toxeiras) e as zonas máis interiores (formacións arboradas mixtas e terras agrícolas en proceso de abandono); as comunidades faunísticas dispóñense de maneira coherente coa dita distribución.

As zonas máis interiores, dominadas por masas arboradas mixtas de orixe antrópica, presentan comunidades típicas destes medios, con especies comúns de hábitos forestais e outras máis ou menos xeralistas. O mesmo sucede nos parches do antigo mosaico agrario, actualmente en proceso de abandono, nos

que as especies especialistas desapareceron ou están en regresión, sendo substituídas por especies de hábitats forestais comúns e xeralistas.

Nas amplas extensións de queirogal-toxeira que actúan como transición entre as áreas forestal e cos-teira, aparecen especies especialistas destes hábitats. Destacan pola súa diversidade faunística os escasos puntos húmidos existentes no interior do monumento natural (pequenos leitos fluviais, prados húmidos ou lavadoiros), onde se localizan comunidades de invertebrados acuáticos e anfibios.

Non obstante, dadas as características do espazo, as comunidades faunísticas de maior interese sitúanse no litoral e corresponden ás comunidades de aves mariñas e rupícolas reprodutoras.

Mamíferos

En termos xerais, a mastofauna da Costa de Dexo presenta características comúns á habitualmente presente na variedade de hábitats existente nesta contorna litoral de mosaico rural e urbano.

Adquiren especial relevancia neste territorio as poboacións de quirópteros na contorna das furnas mariñas, todos eles incluídos no anexo IV da Directiva Hábitats (o que implica que requiren dunha protección estrita) e algúns deles no anexo II e no Catálogo Galego de Especies Ameazadas. A especie máis abundosa no espazo é o morcego común (*Pipistrellus pipistrellus*), sendo frecuente tamén no espazo o morcego das fragas (*Barbastella barbastellus*).

As cavidades das furnas existentes no monumento natural son de gran interese para os quirópteros, xa que poden albergar colonias das especies consideradas cavernícolas ou rupícolas, así como acoller voos en enxame de apareamento (*swarming*) e outros tipos de comportamento social.

Na seguinte táboa preséntase o listado de mamíferos con presenza na zona segundo a información dispoñible.

MAMÍFEROS	Directiva 92/43/CEE	LESRPE	CEEa	CGEA
<i>Apodemus sylvaticus</i>				
<i>Arvicola sapidus</i>				
<i>Barbastella barbastellus</i>	Anexos II e IV	Si		
<i>Crocidura russula</i>				
<i>Crocidura suaveolens</i>				
<i>Eliomys quercinus</i>				
<i>Eptesicus serotinus</i>	Anexo IV	Si		
<i>Erinaceus europaeus</i>				
<i>Genetta genetta</i>	Anexo V			
<i>Lutra lutra</i>	Anexos II e IV	Si		
<i>Meles meles</i>				
<i>Microtus agrestis</i>				

MAMÍFEROS	Directiva 92/43/CEE	LESRPE	CEEa	CGEA
<i>Microtus lusitanicus</i>				
<i>Mus musculus</i>				
<i>Mustela erminea</i>		Si		
<i>Mustela nivalis</i>				
<i>Mustela putorius</i>				
<i>Myotis myotis</i>	Anexos II e IV	Si	Vulnerable	Vulnerable
<i>Neomys anomalus</i>				
<i>Oryctolagus cuniculus</i>				
<i>Pipistrellus pipistrellus</i>	Anexo IV	Si		
<i>Plecotus auritus</i>	Anexo IV	Si		
<i>Rattus norvegicus</i>				
<i>Rattus rattus</i>				
<i>Rhinolophus ferrumequinum</i>	Anexos II e IV	Si	Vulnerable	Vulnerable
<i>Rhinolophus hipposideros</i>	Anexos II e IV	Si		Vulnerable
<i>Sciurus vulgaris</i>				
<i>Sorex granarius</i>				
<i>Sorex minutus</i>				
<i>Sus scrofa</i>				
<i>Talpa occidentalis</i>				
<i>Vulpes vulpes</i>				
LESRPE: Listado de especies silvestres en réxime de protección especial. CEEa: Catálogo español de especies ameazadas. CGEA: Catálogo galego de especies ameazadas.				

Aves

As poboacións de aves presentes no medio estritamente terrestre da Costa de Dexo son as comúns en medios similares do seu ámbito bioxeográfico, estando compostas fundamentalmente por comunidades de aves xeralistas adaptadas aos medios agroforestais degradados e áreas humanizadas. Entre as especies de interese existentes no medio terrestre atópase a papuxa do mato (*Curruca undata*), con boas poboacións nas matogueiras costeiras, e a avenoiteira cincenta (*Caprimulgus europaeus*), ambas especies incluídas no anexo I da Directiva Aves. Ademais, as masas forestais presentan unha boa representación de aves rapaces nidificantes, con ata seis especies con reprodución confirmada.

Adquiren especial relevancia no espazo as colonias de cría de aves mariñas e rupícolas. Neste pequeno tramo costeiro e nas illas e illotes adxacentes, nidifican a maior parte das especies reprodutoras, conformando colonias de cría con gran riqueza específica e altas densidades.

Destaca a presenza do corvo mariño cristado (*Gulosus aristotelis*), especie catalogada como “vulnerable” a nivel estatal e galego.

Segundo os resultados dos censos da especie realizados pola SEO/Birdlife en 2006-2007, e pola Dirección Xeral de Patrimonio Natural (en diante DXPN) durante o ano 2022, a poboación de corvo mariño cristado presente na Costa de Dexo rexistra un aumento continuado.

Os resultados do censo realizado no ano 2022 pola DXPN reflicten unha poboación de 179 parellas no Golfo Ártabro, das cales 125 parellas censáronse na Costa de Dexo o que representa o 8,8% da poboación do corvo mariño cristado en Galicia. Estes datos supoñen que a Costa de Dexo alberga a principal área de cría do golfo Ártabro, e unha das principais áreas de cría de Galicia. A maiores, na costa do Raio, localidade próxima á Costa de Dexo, censáronse 10 parellas máis de corvo mariño cristado no ano 2022.

Esta especie distribúese no espazo protexido en dous núcleos principais que superan as 60 e 30 parellas respectivamente, e outros núcleos de menor entidade espallados polos distintos cantís da zona, ocupando tamén o interior de diversas furnas mariñas con colonias de pequeno tamaño.

O paíño europeo (*Hydrobates pelagicus*) é unha especie catalogada como vulnerable no CGEA e que ten, na illa da Marola, unha das súas escasas localidades de cría coñecidas en Galicia, cunha poboación de 11 parellas reprodutoras censadas no 2022.

A gaivota patiamarela (*Larus michahellis*) preséntase como reprodutora na Costa de Dexo, con pequenos núcleos espallados pola costa ademais dos existentes na Illa da Marola e, fundamentalmente, na Insua de Montemeán. O censo da poboación reprodutora desta especie no monumento natural Costa de Dexo foi, segundo o programa de seguimento efectuado pola DXPN no ano 2022, de 74 parellas. A maiores, censáronse 22 parellas de gaivota patiamarela nas bateas de Lorbé e 4 parellas na localidade de Gaibeira de Veigue, próxima ao espazo protexido.

A gabita (*Haematopus ostralegus*) é unha especie común como invernante na costa galega, pero presente como reprodutora unicamente nun reducido número de localidades, sendo precisamente esta poboación reprodutora a que está incluída no CGEA na categoría de “vulnerable”. Consoante cos resultados do censo realizado pola DXPN no ano 2022, só se localizou un niño da especie nunha zona próxima á Costa de Dexo, no lugar das Mirandas (concello de Ares).

Outras especies de interese presentes no espazo son:

- O andoriñón real (*Tachymarptis melba*), cirrio de gran tamaño, é escaso como reprodutor en Galicia, onde se restrinxen a cantís verticais fundamentalmente costeiros. A Costa de Dexo é un dos seus principais núcleos de cría en Galicia cunha poboación estimada de aproximadamente 10 parellas que, en todo caso, semella terse reducido lixeiramente dende comezos do século XXI.

- A choia de bico vermello (*Pyrrhocorax pyrrhocorax*), especie de hábitos rupícolas incluída no anexo I da Directiva Aves, pode observarse de maneira regular nas áreas predominantemente acantiladas da costa galega, incluíndo a Costa de Dexo. Estímase unha poboación de 1-2 parellas reprodutoras.

- A gralla pequena (*Corvus monedula*), pequeno córvido de hábitos rupícolas, non está incluída nos catálogos de especies ameazadas. No entanto, nas derradeiras décadas amosa un intenso declive poboacional que levou á súa práctica desaparición como reprodutora na costa galega, na que antano era común en áreas de cantís con cultivos próximos. A Costa de Dexo mantén unha exigua poboación reprodutora de dúas parellas.

- O falcón peregrino (*Falco peregrinus*) é unha especie reprodutora nos cantís do espazo; coa presenza confirmada dunha parella reprodutora ao longo da última década e con evidencias da presenza pasada de ata dúas parellas reprodutoras.

- O lagarteiro común (*Falco tinnunculus*), pequeno falcón ligado a espazos abertos e paisaxes agrícolas, presenta un acusado declive poboacional xeralizado en Galicia e no resto da península, probablemente relacionado coa transformación da paisaxe agraria tradicional. A Costa de Dexo foi unha zona reprodutora ocasional con ata tres parellas reprodutoras distribuídas polos cantís do espazo, desaparecendo localmente na década do 2010, data dende a que existen unicamente observacións ocasionais sen indicios de cría.

AVES	Status	Directiva 2009/147/CE (Anexo I)	LESRPE	CEEa	CGEA
<i>Accipiter gentilis</i>	Residente reprodutora		Si		
<i>Accipiter nisus</i>	Residente reprodutora		Si		
<i>Actitis hypoleucos</i>	Invernante		Si		
<i>Aegithalos caudatus</i>	Residente reprodutora		Si		
<i>Alauda arvensis</i>	Residente reprodutora				
<i>Alectoris rufa</i>	Residente reprodutora				
<i>Anas platyrhynchos</i>	Residente reprodutora				
<i>Anthus pratensis</i>	Invernante		Si		
<i>Apus apus</i>	Estival reprodutora		Si		
<i>Apus pallidus</i>	Estival		Si		
<i>Arenaria interpres</i>	Invernante		Si		
<i>Buteo buteo</i>	Residente reprodutora		Si		
<i>Caprimulgus europaeus</i>	Estival reprodutora	Si	Si		
<i>Carduelis carduelis</i>	Residente reprodutora				
<i>Certhia brachydactyla</i>	Residente reprodutora		Si		
<i>Chloris chloris</i>	Residente reprodutora				
<i>Cisticola juncidis</i>	Residente reprodutora		Si		

AVES	Status	Directiva 2009/147/CE (Anexo I)	LESRPE	CEEa	CGEA
<i>Columba palumbus</i>	Residente reprodutora				
<i>Corvus corax</i>	Residente reprodutora				
<i>Corvus corone</i>	Residente reprodutora				
<i>Corvus monedula</i>	Residente reprodutora				
<i>Curruca melanocephala</i>	Residente reprodutora		Si		
<i>Curruca undata</i>	Residente reprodutora	Si	Si		
<i>Cyanistes caeruleus</i>	Residente reprodutora		Si		
<i>Dendrocopos major</i>	Residente reprodutora		Si		
<i>Emberiza cirrus</i>	Residente reprodutora		Si		
<i>Erithacus rubecula</i>	Residente reprodutora		Si		
<i>Falco peregrinus</i>	Residente reprodutora	Si	Si		
<i>Falco subbuteo</i>	Estival reprodutora		Si		
<i>Falco tinnunculus</i>	Residente reprodutora		Si		
<i>Ficedula hypoleuca</i>	Migrante		Si		
<i>Garrulus glandarius</i>	Residente reprodutora				
<i>Gulosus aristotelis</i>	Residente reprodutora		Si	Vulnerable	Vulnerable
<i>Haematopus ostralegus</i>	Residente		Si		
<i>Hieraaetus pennatus</i>	Estival	Si	Si		
<i>Hippolais polyglotta</i>	Estival reprodutora		Si		
<i>Hirundo rustica</i>	Estival		Si		
<i>Hydrobates pelagicus</i>	Estival reprodutora	Si	Si		Vulnerable
<i>Jynx torquilla</i>	Migrante		Si		
<i>Larus fuscus</i>	Residente reprodutora				
<i>Larus marinus</i>	Sedentaria		Si		
<i>Larus michahellis</i>	Residente reprodutora				
<i>Linaria cannabina</i>	Residente reprodutora				
<i>Lophophanes cristatus</i>	Residente reprodutora		Si		
<i>Milvus migrans</i>	Estival	Si	Si		
<i>Motacilla alba</i>	Residente reprodutora		Si		
<i>Motacilla cinerea</i>	Residente reprodutora		Si		
<i>Muscicapa striata</i>	Migrante reprodutora		Si		
<i>Numenius phaeopus</i>	Migrante		Si		
<i>Oenanthe oenanthe</i>	Migrante		Si		
<i>Parus major</i>	Residente reprodutora		Si		

AVES	Status	Directiva 2009/147/CE (Anexo I)	LESRPE	CEEa	CGEA
<i>Passer domesticus</i>	Residente reprodutora				
<i>Periparus ater</i>	Residente reprodutora		Si		
<i>Pernis apivorus</i>	Estival reprodutora	Si	Si		
<i>Phalacrocorax carbo</i>	Invernante				
<i>Phoenicurus ochrurus</i>	Residente reprodutora		Si		
<i>Phoenicurus phoenicurus</i>	Migrante		Si	Vulnerable	Vulnerable
<i>Phylloscopus collybita</i>	Invernante		Si		
<i>Phylloscopus ibericus</i>	Estival reprodutora		Si		
<i>Phylloscopus trochilus</i>	Migrante		Si		
<i>Pica pica</i>	Residente reprodutora				
<i>Picus sharpei</i>	Residente reprodutora		Si		
<i>Plectrophenax nivalis</i>	Invernante		Si		
<i>Pluvialis apricaria</i>	Migrante	Si	Si		
<i>Prunella modularis</i>	Residente reprodutora		Si		
<i>Pyrrhonorax pyrrhonorax</i>	Residente reprodutora	Si	Si		
<i>Pyrrhula pyrrhula</i>	Residente reprodutora		Si		
<i>Regulus ignicapilla</i>	Residente reprodutora		Si		
<i>Saxicola rubicola</i>	Residente reprodutora		Si		
<i>Scolopax rusticola</i>	Invernante				
<i>Serinus serinus</i>	Residente reprodutora				
<i>Spinus spinus</i>	Invernante		Si		
<i>Streptopelia turtur</i>	Estival reprodutora				
<i>Strix aluco</i>	Residente reprodutora		Si		
<i>Sturnus unicolor</i>	Residente reprodutora				
<i>Sturnus vulgaris</i>	Invernante				
<i>Sylvia atricapilla</i>	Residente reprodutora		Si		
<i>Tachymarptis melba</i>	Estival reprodutora		Si		
<i>Troglodytes troglodytes</i>	Residente reprodutora		Si		
<i>Turdus iliacus</i>	Invernante				
<i>Turdus merula</i>	Residente reprodutora				
<i>Turdus philomelos</i>	Residente reprodutora				
<i>Turdus pilaris</i>	Invernante				
<i>Upupa epops</i>	Migrante		Si		

AVES	Status	Directiva 2009/147/CE (Anexo I)	LESRPE	CEEa	CGEA
LESRPE: Listado de especies silvestres en réxime de protección especial. CEEa: Catálogo español de especies ameazadas. CGEA: Catálogo galego de especies ameazadas.					

Anfibios e réptiles

A ausencia de representacións de medios acuáticos de consideración dificulta o desenvolvemento de grandes poboacións de anfibios, se ben atópanse varias especies nos pequenos regatos e charcas de auga doce ou salobre situadas no intermareal rochoso como *Discoglossus galganoi* e *Alytes obstetricans*; ambas especies requiren de protección estrita segundo a Directiva Hábitats.

No referente aos réptiles, as matogueiras costeiras da Costa de Dexo constitúen un hábitat propicio para diversas especies, entre as que semellan especialmente abundosas *Coronella austriaca* e *Timon lepidus*.

ANFIBIOS	Directiva 92/43/CEE	LESRPE	CEEa	CGEA
<i>Alytes obstetricans</i>	Anexo IV	Si		
<i>Bufo spinosus</i>				
<i>Discoglossus galganoi</i>	Anexo IV	Si		
<i>Lissotriton boscai</i>		Si		
<i>Lissotriton helveticus</i>		Si		
<i>Rana iberica</i>	Anexo IV	Si		Vulnerable
<i>Rana temporaria parvipalmata</i>				Vulnerable
<i>Salamandra salamandra</i>				
<i>Triturus marmoratus</i>	Anexo IV	Si		
LESRPE: Listado de especies silvestres en réxime de protección especial. CEEa: Catálogo español de especies ameazadas. CGEA: Catálogo galego de especies ameazadas.				

RÉPTILES	Directiva 92/43/CEE	LESRPE	CEEa	CGEA
<i>Anguis fragilis</i>		Si		
<i>Chalcides striatus</i>		Si		
<i>Coronella austriaca</i>	Anexo IV	Si		
<i>Coronella girondica</i>		Si		
<i>Lacerta schreiberi</i>	Anexos II e IV	Si		
<i>Natrix astreptophora</i>				
<i>Podarcis bocagei</i>				
<i>Timon lepidus</i>		Si		
<i>Vipera seoanei</i>				

RÉPTILES	Directiva 92/43/CEE	LESRPE	CEEa	CGEA
LESRPE: Listado de especies silvestres en réxime de protección especial. CEEa: Catálogo español de especies amenazadas. CGEA: Catálogo galego de especies amenazadas.				

Invertebrados

O coñecemento actual sobre a fauna invertebrada presente na Costa de Dexo é escaso. Están citados no monumento os lepidópteros *Euplagia quadripunctaria* e *Euphydryas aurinia*, e o coleóptero *Lucanus cervus* (vacaloura), especies incluídas no anexo II da Directiva Hábitats.

INVERTEBRADOS	Directiva 92/43/CEE	LESRPE	CEEa	CGEA
<i>Euplagia quadripunctaria</i>	Anexo II			
<i>Euphydryas aurinia</i>	Anexo II	Si		
<i>Lucanus cervus</i>	Anexo II	Si		
LESRPE: Listado de especies silvestres en réxime de protección especial. CEEa: Catálogo español de especies amenazadas. CGEA: Catálogo galego de especies amenazadas.				

3. Paisaxe

Segundo o Catálogo das Paisaxes de Galicia, a Costa de Dexo sitúase na gran área paisaxística (GAP) golfo Ártabro, e dentro desta, na comarca paisaxística 10.1-golfo Ártabro Litoral, caracterizada por uns tipos de paisaxe que combinan unha morfoloxía propia do litoral (Litoral Cántabro-Atlántico ou Vales Sublitorais), unhas cubertas do solo relacionadas cunha forte humanización do territorio (Rururbano ou Mosaico agroforestal) e uns termotipos vinculados tamén á influencia litoral (Termotemperado ou Mesotemperado). A combinación destas tres variables configura unha área paisaxística caracterizada pola suavidade tanto de formas como de condicións climáticas, factores clave para explicar a outra compoñente da ecuación: a ocupación intensa e continuada no tempo e no espazo deste sector do territorio galego, se ben con matices locais.

Outra fonte de información de referencia é o POL, que establece no monumento natural cinco unidades de paisaxe coa seguinte distribución de leste a oeste: 03-02-124 "Lorbé", 03-02-125 "Punta Torella", 03-02-126 "Costa de Dexo", 03-03-127 "Enseada de Canabal" e 03-03-128 "Puntas de Mera e Meán". A unidade 03-03-128 "Puntas de Mera e Meán" pertence ao Espazo de Interese Paisaxístico Punta de Bufadoiro, que pese a non estar delimitado no Catálogo das Paisaxes de Galicia, ten consideración de área de especial interese paisaxístico de acordo co disposto no artigo 3.2 a) do Decreto 119/2016, do 28 de xullo, polo que se aproba este Catálogo.

3.1. Unidades da paisaxe

Para a determinación das unidades de paisaxe no monumento natural empregáronse como criterios a xeomorfoloxía, a vexetación e os usos do solo; definíndose os seus límites mediante elementos do territorio que separan unidades xeomorfolóxicas e campos visuais.

Obtivéronse como resultado nove unidades caracterizadas fundamentalmente pola súa configuración xeomorfolóxica, a súa cobertura vexetal dominante e a súa cunca visual, relativamente homoxénea e independente:

- Punta de Mera.
- Montemeán.
- Canabal.
- Seixo Branco.
- A Marola.
- Porto de Dexo.
- Porrido – Roza.
- Punta Torrella.
- Punta Redonda.



Imaxe 5. Unidades de paisaxe definidas no monumento natural a Costa de Dexo.


3.2. Calidade e fragilidade da paisaxe

Levou a cabo unha valoración da calidade da paisaxe en cada unha das unidades definidas, co obxectivo de identificar as unidades de maior valor de conservación dende a perspectiva da paisaxe. Os criterios empregados nesta valoración foron os seguintes:

- Existencia de valores patrimoniais.
- Proximidade a impactos visuais.
- Diversidade.
- Valor ecolóxico.
- Naturalidade.
- Existencia de láminas de auga.

Asignáronse valores de entre 1 (valoración máis baixa) e 5 (valoración máis alta) para cada criterio, ponderados en función da súa importancia relativa na paisaxe. O sumatorio da puntuación asignada para cada un dos criterios de valoración, nas distintas unidades da paisaxe definidas no monumento natural, permitiu a clasificación das unidades en 5 clases de calidade da paisaxe (moi alta, alta, media, baixa e moi baixa).

Como resultado, obtívose a catalogación das unidades da paisaxe "Punta de Mera", "Montemeán", "Seixo Branco", "Porrido-Roza" e "A Marola" na clase de calidade "moi alta". A unidade "Punta Torrella", clasificouse coa calidade de paisaxe "alta"; mentres que "Canabal", "Porto de Dexo" e "Punta Redonda", obtiveron a clasificación de calidade da paisaxe "media". As clases de calidade da paisaxe máis altas obtéñense nos tramos costeiros con maior campo visual sobre os cantís, elemento xeomorfolóxico chave do espazo, e nun elemento senlleiro como é a illa da Marola.




A fragilidade da paisaxe defínese como a susceptibilidade ao cambio cando se desenvolve unha actividade ou uso sobre ela. Expresa o grao de deterioro visual que experimentaría o territorio ante a incidencia de determinadas actuacións.

Esta variable resulta de elevado interese na planificación, posto que ofrece información relevante que permite, por exemplo, evitar a localización de infraestruturas en aqueles lugares de fragilidade elevada.

Para a súa análise consideráronse as seguintes variables:

- Altura da vexetación.
- Naturalidade.
- Pendentes.
- Orientacións.
- Accesibilidade.
- Visibilidade.

Igual que no caso da análise da calidade da paisaxe, valorouse cada criterio de 1 (valoración máis baixa) a 5 (valoración máis alta), aplicando un factor de ponderación para cada criterio. O resultado redondeado obtido na suma dos valores asignados a cada criterio empregouse para efectuar a clasificación das unidades en 5 clases de calidade da paisaxe (moi alta, alta, media, baixa e moi baixa).




3.3. Valoración da paisaxe

Mediante a combinación das variables de calidade e fraxilidade da paisaxe, mediante unha táboa de dobre entrada, obtívose a valoración da paisaxe para cada unha das unidades.

As unidades de maior valoración serán aquelas cunha maior combinación de valores altos de calidade visual (maior calidade paisaxística da unidade ambiental) e maior fraxilidade (maior sensibilidade ante transformacións do territorio e, por tanto, máis valoradas por precisar dunha maior protección paisaxística).

Obtiveron unha valoración da paisaxe na categoría "moi alta" todas as unidades que conforman a fronte costeira principal, exceptuando as situadas máis ao leste (punta Torrella e punta Redonda), penalizadas pola presenza significativa de plantacións forestais; e as unidades que corresponden a enseadas con menor visibilidade (Canabal e porto de Dexo).



Conclúese que a Costa de Dexo ten un elevado valor paisaxístico como tramo litoral senlleiro do golfo Ártabro. O seu valor ambiental reside nos amplos campos visuais existentes sobre o litoral e o propio espazo, así como na espectacularidade dos cantís, illotes e outras formacións costeiras existentes.

Este valor vese reforzado por diversos elementos como:

- Condicións meteorolóxicas: na Costa de Dexo a forza do mar faise patente con toda a súa intensidade. O mar batido polos ventos, as fortes ondadas e os salseiros orixinados nos temporais invernales, proporcionan espectáculos visuais que atraen a numerosas persoas.
- Fauna: a presenza constante de gaivotas en voo sobre o mar e a costa, en ocasións en grandes grupos, supoñen un acicate paisaxístico de alta consideración.
- Sons: o son das aves mariñas, xunto co mar e o canto continuo das aves da matogueira, en conxunción coa práctica ausencia de sons de orixe antrópica, contribúen a aumentar significativamente a calidade da percepción integral e subxectiva do espazo.

4. Medio socioeconómico

O concello de Oleiros, no que se sitúa a totalidade da superficie do monumento natural, forma parte da comarca da Coruña, conxuntamente con outros oito concellos: Abegondo, Arteixo, Bergondo, Cambre, Carral, A Coruña, Culleredo e Sada.

Esta comarca, que se corresponde maioritariamente coa área metropolitana da Coruña, constitúe o principal polo socioeconómico de Galicia xunto coa área metropolitana de Vigo.

Segundo o Instituto Galego de Estatística (IGE), a poboación total da comarca ascendía en 2022 a 406.044 habitantes, o que representa o 15% da poboación de Galicia e o 34% da poboación da provincia da Coruña.

Despois do concello da Coruña, Oleiros é o concello máis poboado da comarca con 37.271 habitantes, o 9% da poboación comarcal, situándose entre os 10 concellos máis poboados de Galicia.

Unha proba do dinamismo socioeconómico do territorio é a evolución poboacional, cun aumento do 9% no concello de Oleiros durante o decenio 2010-2022, mentres que a nivel comarcal mantívose estable con certa tendencia alcista (cun aumento do 3%) (Instituto Nacional de Estatística – INE –, 2022). Este efecto faise aínda máis patente analizando os dous últimos decenios (2000-2020), nos que o aumento da poboación comarcal foi dun 14% e en Oleiros acadou o 40%, mentres que a poboación galega mantívose estable.

Os principais núcleos de poboación de referencia no ámbito do monumento natural son Mera e Xoez na parroquia de Serantes (con 539 e 494 habitantes respectivamente), e Dexo e Lorbé na parroquia de Dexo (con 419 e 762 habitantes respectivamente). Son moi escasas as vivendas situadas no interior do espazo protexido, se ben estes núcleos xunto con outros como Canabal (38 habitantes), en Serantes, e Subiña (39 habitantes), conforman un cinto urbano que bordea gran parte do perímetro da área protexida.

Os datos anteriores poñen de manifesto a elevada presión poboacional existente no contexto xeográfico no que se enmarca o monumento natural, relevante á hora de avaliar a presión do uso público ou urbanístico, entre outras.

Esta presión depende non só do tamaño poboacional, senón tamén dunha elevada densidade: a cidade da Coruña, a poucos quilómetros do monumento natural, é unha das cidades máis densamente poboadas da Europa atlántica con máis de 6.400 habitantes/km², mentres que Oleiros alberga 829 habitantes/km², moi superior aos 91 habitantes/km² medios de Galicia.

4.1. Actividade económica

Os indicadores económicos reflicten a importancia da comarca coruñesa como eixo socioeconómico do territorio: alberga o 16% das empresas galegas e xera o 29% dos empregos, o 36% dos ingresos e o

45% do Valor Engadido Bruto da Comunidade Autónoma (ARDAN, 2019). Segundo o IGE, o sector servizos é o de maior dinamismo do territorio, con máis do 60% da poboación ocupada e con gran diferenza respecto ao resto de sectores.

A nivel de concello, o principal sector de ocupación por parte da poboación activa de Oleiros é o sector servizos con máis do 80% da poboación ocupada, moi por enriba do dato para Galicia e para a provincia da Coruña. Tanto na comarca como no propio concello a importancia actual do sector primario é residual, ocupando apenas o 1% de persoas traballadoras en activo.

Esta tendencia cara un maior peso do sector servizos segue a acentuarse: na última década Oleiros perdeu o 30% das súas persoas traballadoras no sector primario, sendo na actualidade o quinto concello galego con menor porcentaxe de persoas empregadas neste sector e, igualmente, o quinto con máis xente colocada no sector servizos.

A tendencia existente reflicte a importancia do proceso de descapitalización dos activos agrarios e pesqueiros do territorio, mostrando en 2008 unha redución da poboación ocupada nestes sectores superior ao 50% respecto da poboación ocupada en 1991. A comarca coruñesa e nomeadamente Oleiros amosan, por tanto, unha transformación desde unha economía baseada no sector primario cara outra claramente orientada ao sector terciario o que presenta, ademais, unha elevada importancia na empregabilidade da poboación feminina.

O 63% da poboación ocupada desenvolve o seu emprego noutros concellos da provincia da Coruña, o que reforza a idea de Oleiros como lugar de residencia de gran parte das persoas traballadoras da Coruña e a súa área metropolitana.

No relativo ás parroquias, o carácter menos urbano reflíctese nun maior peso do sector primario nas parroquias de Dexo e Serantes respecto ás restantes do concello.

I. Sector primario

A agricultura ocupa no concello de Oleiros a menos do 1% da poboación, dentro da tendencia descendente agravada nas últimas dúas décadas, polo que o dito sector ten un peso moi baixo na economía municipal.

No Rexistro de Explotacións Agrarias (REAGA) recóllense 80 explotacións situadas nas parroquias de Dexo (45 explotacións) e Serantes (35 explotacións). Segundo o INE, rexístranse no concello unicamente 16 explotacións agrarias, cunha Superficie Agraria Útil (SAU) de 33,77 ha.

A maior parte das parcelas, especialmente no ámbito do monumento natural e a súa contorna, son de tamaño inferior a unha hectárea e atópanse sen labrar, dedicándose as cultivadas a cultivos herbáceos de horta, millo e pataca, cunha finalidade principalmente de autoconsumo. Este tipo de aproveitamento mantense especialmente na contorna da Agra da Canle, área de vocación eminentemente agraria na que

aínda se manteñen vestixios dos socalcos agrarios escavados na ladeira que descende dende o núcleo de Dexo ata o litoral.

Nas áreas de breixeira-toxeira costeira situadas no interior do monumento natural mantense o aproveitamento tradicional do toxo, en magnitude non cuantificada, pero que en todo caso é de pequena entidade e levada a cabo por un pequeno número de persoas propietarias.

A gandaría é aínda menos significativa que a agricultura, cunha produción estritamente familiar e de autoconsumo. A maior parte das reses atópanse estabuladas, sendo pouco frecuente o aproveitamento dos prados a dente, se ben no pasado existiu a explotación de gando en extensivo.

O aproveitamento madeireiro das parcelas forestais do concello de Oleiros acada un maior desenvolvemento que as actividades agrogandeiras, se ben de maneira non planificada e a pequena escala. O pequeno tamaño das propiedades forestais, na súa práctica totalidade de propiedade particular, xunto coa ausencia de instrumentos de ordenación forestal, dificulta a existencia dunha actividade silvícola planificada e regular, limitándose a aproveitamentos particulares de pequena entidade realizados a feito e sen repoboacións nin traballos silvícolas de xestión forestal.

Segundo o sistema de indicadores da administración forestal de Galicia os aproveitamentos forestais do concello de Oleiros límitanse a un escaso número de expedientes en parcelas de pequeno tamaño (superficie media inferior a 0,5 ha), tal e como pode consultarse na seguinte táboa referida ao período 2018-2020.

Ano	2018	2019	2020
Nº expedientes	244	200	84
Superficie total (ha)	67,61	77,97	31,81
Superficie media exp. (ha)	0,29	0,30	0,42
Volume total (m ³)	26.686,30	28.845,20	10.110,10
Volume medio exp. (m ³)	99,13	115,77	104,24
Referencias catastrais	244	200	85

Táboa 1. Aproveitamentos madeireiros en montes de xestión privada no concello de Oleiros.

A superficie total afectada polos aproveitamentos forestais realizados en Oleiros e reflectidos na táboa anterior é de 177,39 ha das que, segundo a información proporcionada polo Servizo de Montes da Coruña da Consellería do Medio Rural para o mesmo período, só 14,55 ha sitúanse dentro do monumento natural (o 8,20% do total de aproveitamentos do concello e o 6,32% da superficie total do espazo).

No referente ao tipo de formacións afectadas polos alleamentos, a especie maioritariamente aproveitada nos derradeiros tres anos foi *Eucalyptus globulus*, que xunto con *Pinus pinaster* supuxo o 97% das cortas realizadas no período 2020-2022.

Ano	2020	2021	2022
<i>Pinus pinaster</i>	455,40	678,05	1.021,25
<i>Pinus radiata</i>	0,00	130	480,72
<i>Pinus sylvestris</i>	0,00	0,00	22,00
Outras / Mestura Coníferas	45,10	0,00	157,30
<i>Eucalyptus spp</i>	9.526,00	12.801,70	8.468,20
Fronosas caducifolias	52,80	11,35	124,30
Outras frondosas non caducifolias	30,80	0,00	0,00
Outras	0,00	0,00	0,00
TOTAL	10.110,10	13.621,10	10.273,77

Táboa 2. Aproveitamentos madeireiros en montes de xestión privada no concello de Oleiros por formación específica (m³).

Na contorna do espazo protexido, pero maioritariamente fóra dos seus límites, realízase a actividade marisqueira consistente na explotación de percebe, algas e ourizo.

Na explotación de percebe (*Pollicipes pollicipes*) participan un total de 6 percebeiros a pé e 39 tripulantes habilitados a bordo de 27 embarcacións, dentro do plan de explotación conxunto das confrarías da Coruña, Mera, Lorbé, Sada e Ares. O dito plan de explotación prevé un máximo de 144 días de extracción, cun tope máximo de captura de 7 kg por persoa e día.

A explotación de ourizo é pouco relevante, e efectúase só de maneira esporádica nas augas próximas aos cantís do monumento natural. Realízase na modalidade de mergullo dende embarcacións.

En canto á explotación de algas, están autorizados plans específicos de xestión á Confraría de Pescadores da Coruña, na modalidade de subministro de aire dende a superficie, e ás empresas Conservar Mar de Ardora, S.L. e Porto Muíños, S.L., na modalidade a pé.

II. Sector secundario

Os sectores da construción e industria ocupan en Oleiros ao 15,4% da poboación activa, cun descenso acumulado do 1,6% na última década.

Segundo o IGE están rexistradas 123 empresas vinculadas aos distintos ámbitos industriais, o 91% delas á industria manufactureira.

Existe un maior desenvolvemento do sector da construción, con 346 empresas vinculadas á construción de edificios, construción especializada e enxeñería civil.

Estes sectores empresariais concéntranse fundamentalmente nas parroquias máis poboadas do concello (Liáns e Perillo) e no eixo industrial da estrada N-VI, no sur do concello. Na guía de empresas do concello de Oleiros unicamente se recollen 20 empresas da industria e construción nas parroquias de

Dexo e Serantes, 15 delas na primeira das parroquias citadas. O 65% delas correspóndese co sector da construción e o 20% a empresas de traballos forestais (fundamentalmente empresarios autónomos e PEMES).

III. Sector terciario

O sector terciario e de servizos é o predominante na actualidade no concello de Oleiros de maneira coherente co que acontece no conxunto da comarca da Coruña na que se engloba. Este sector ocupa ao 84% da poboación activa do concello, cun peso relativo en crecemento continuo ao longo dos últimos anos.

Esta situación reflíctese non só na ocupación da poboación activa, senón tamén na estrutura empresarial do concello: das 2.687 empresas rexistradas no concello en 2021 segundo o IGE, o 83% son do sector servizos.

Adquiren unha especial relevancia o comercio e as actividades profesionais, científicas e técnicas, vinculadas fundamentalmente aos núcleos urbanos de Liáns e Perillo, e ao eixo industrial/tecnolóxico da N-VI, no sur do concello.

De igual maneira que na industria e construción, nas parroquias de Dexo e Serantes sitúase un número menor de empresas segundo a guía de empresas do concello de Oleiros, cun total de 48. O 67% delas están na parroquia de Serantes, vinculadas ao núcleo urbano de Mera.

No caso concreto da hostalaría, é salientable que o 35% das empresas de servizos das parroquias de Dexo e Serantes vincúlase a este sector, mentres que no conxunto do concello esta porcentaxe non supera o 8%. Isto reforza a idea da existencia dun sector servizos centrado nas áreas máis poboadas e desenvolvidas do sueste do concello, cunha oferta moito menor na zona norte, incluso en sectores como o comercio e a distribución de alimentos centradas, ademais, no núcleo de Mera.

4.2. Actividades turísticas, recreativas e deportivas

A evolución dos usos e actividades na Costa de Dexo motivou a transformación dun espazo de vocación eminentemente produtiva de subsistencia, empregado pola veciñanza local, nun espazo de usos fundamentalmente terciarios, cun uso público centrado no turismo e actividades recreativas e deportivas (conxuntamente coas actividades forestais e extractivas indicadas nos apartados anteriores).

As principais actividades deste tipo que teñen lugar no espazo relacionasen no seguinte listado:

- Paseo e observación da paisaxe.
- Fotografía marítima e de paisaxe.
- Sendeirismo.
- Actividades deportivas.

- Carreira de montaña.
 - Bicicleta de montaña.
 - Competicións deportivas.
 - Escalada.
 - Actividades náuticas.
- Baño e turismo de praia.
 - Caza e pesca.
 - Actividades educativas.

4.3. Réxime de propiedade.

En consonancia coa situación predominante na maior parte da comarca da Coruña, a propiedade agroforestal caracterízase por estar altamente atomizada e ser de carácter privado, non existindo montes veciñais en man común nin outras tipoloxías de terreos comunais ou agrupacións de terreos. A excepción son as parcelas de carácter público demanial vinculadas ao Dominio Público Marítimo Terrestre (DPMT).

Segundo os datos existentes na Dirección Xeral do Catastro, no monumento natural localízanse 2.105 parcelas, cun tamaño medio de 1.089 m² (menos da metade da superficie media da parcela catastral rústica en Galicia, situada na contorna dos 2.500 m²). Se se exclúen os terreos incorporados ao DPMT, o tamaño medio das parcelas catastrais localizadas no espazo protexido é incluso menor, situándose nos 967 m².

4.4. Usos do solo

A cobertura do solo repártese, segundo os criterios aplicados no Catálogo das Paisaxes de Galicia, fundamentalmente entre un mosaico agroforestal, áreas de matogueira e rochedo.

Atendendo ás clasificacións empregadas no Sistema de Información sobre Ocupación do Solo de España (SIOSE) a cobertura do solo no monumento natural distribúese fundamentalmente entre un mosaico agroforestal e áreas de matogueira. O mato é a clase de ocupación do solo predominante cun terzo da superficie total. As tres categorías máis abondosas, "mato", "mosaico agrícola e mato" e "coníferas" constitúen case tres cuartas partes desta superficie total, tal e como se reflicte na seguinte táboa.


CLASE	Superficie (ha)	Porcentaxe
Praias e cantís	20,09	8,74%
Mato	82,63	35,94%

Mato e especies arbóreas	13,79	6,00%
Coníferas	38,01	16,53%
Eucaliptos e coníferas	17,53	7,63%
Mosaico agrícola e mato	47,26	20,55%
Cultivos e prados	6,11	2,65%
Mosaico agrícola e urbano	3,08	1,34%
Instalacións deportivas	0,29	0,12%
Sistemas xerais de transporte	0,02	0,01%
Zonas urbanas	1,13	0,49%

Táboa 3. Categorías de usos do solo segundo o SIOSE.

A estrutura actual dos usos do solo é resultado da evolución que tivo lugar dende mediados do século pasado mediante o tránsito dun territorio de vocación case estritamente agrícola cara a un territorio cun uso produtivo eminentemente forestal e unha vocación terciaria centrada nos usos recreativos do litoral.





Imaxe 9. Comparativa entre fotografía aérea actual (arriba) e do ano 1956 (abaixo).

A mediados do século XX a maior parte do territorio estaba constituído por extensas áreas de matogueira, con aproveitamento tradicional do toxo, con distribución en mosaico con terreos agrícolas en explotación situados fundamentalmente na contorna dos tres núcleos de poboación principais: Mera/Xoez, Dexo e Lorbé. A presenza destas áreas de cultivo, xa maioritariamente abandonadas, aínda se manifesta no territorio a través da vexetación existente e da permanencia de bancais agrícolas. Nestas décadas comezaba a implantación dos usos forestais como se evidencia na presenza incipiente de piñeirais sobre o que hoxe son masas consolidadas desta especie e de eucalipto.

4.5. Patrimonio cultural

Como no resto do territorio galego e europeo, o ser humano leva milenios interactuando co territorio na Costa de Dexo, deixando unha fonda pegada que se manifesta, ademais de pola propia transformación da paisaxe, pola presenza dun rico legado cultural e patrimonial.

Os principais elementos do patrimonio cultural do espazo, resúmense no seguinte listado:

- Patrimonio arqueolóxico.

- Castro de punta Torrella.
- Castro de punta Roza.
- Castro das Cotoreñas ou Castro de Cotarelos.

- Bateria de Mera.
- Arquitectura civil.
 - Casa do Fareiro – Aula do Mar.
 - Faros de Mera – Torres de enfilación.
- Arquitectura militar.
 - Bateria de proxectores de Seixo Branco.
- Patrimonio etnográfico.
 - Muíño da Fameada.
 - Lavadoiro do rego da Pedra.
 - Porto de Dexo.
- Patrimonio inmaterial.
 - As diferentes lendas sobre mouros, tesouros e furnas con pasadizos, así como a da Cova do Ladrón.
 - O dito popular “Quen pasou a Marola, pasou a mar toda”.
 - A tradición arredor do muíño da Fameada.

5. Rede viaria

5.1. Estradas de acceso ao monumento natural

O pequeno tamaño do espazo, a ausencia de núcleos de poboación no seu interior e a súa situación no extremo dunha península, provoca a práctica ausencia de infraestruturas viarias de comunicación.

O monumento natural Costa de Dexo é accesible dende as estradas de titularidade municipal que conducen aos faros de Mera (rúa Celso Emilio Ferreiro), ao Seixo Branco (rúa Seixo Branco) e ao porto de Dexo (rúa da Costa). Trátase de vías asfaltadas de pequena entidade que conectan o espazo protexido co núcleo de Mera e coa estrada AC-163. Ademais destas, a rúa Castromen, que define boa parte do límite sur na metade oriental do espazo, constitúe tamén un importante punto de acceso, a pesar de ser unha vía non asfaltada con firme de grava.

5.2. Camiños, vías agroforestais e sendeiros

- Camiños: vías sen asfaltar, con distintos tipos de firme e estado de conservación, de largura variable, que dan acceso a vivendas ou se consideran camiños tradicionais por estar comprobada a súa existencia en 1956.

- Vías agroforestais: elementos de carácter lineal abertos para a realización de actividades propias da actividade agraria, forestal, cinexética ou para a delimitación de parcelas.

- Sendeiros: vías de anchura xeralmente inferior aos dous metros, situados fundamentalmente na contorna costeira e áreas de maior presión de persoas visitantes, como resultado do tránsito para actividades de uso público (sendeirismo, ciclismo, pesca...), ou da derivación dos camiños.

A tipoloxía máis frecuente no monumento natural é a dos camiños e as vías de uso agroforestal, tendo estas últimas dous usos principais: acceso e delimitación de parcelas e apertura de accesos para a actividade cinexética.

6. Equipamentos de uso público

6.1. Aula do Mar

A Aula do Mar, situada na antiga casa do fareiro dos faros de Mera, é unha instalación de xestión municipal que actúa como centro de recepción das visitas ao monumento natural. A instalación posúe un espazo musealizado cunha exposición permanente sobre os valores naturais e culturais do espazo protexido e as actividades que nel se desenvolven, estando tamén dotada de maquetas, paneis e elementos audiovisuais. A súa terraza atópase acondicionada como miradoiro. Na súa contorna hai unha fonte de auga potable, papeleiras e colectores de lixo, bancos, paneis informativos e un aparcadoiro para 20-25 vehículos.

Trátase dun equipamento atendido por persoal especializado que ofrece información e recursos sobre o espazo ás visitas, así como sobre rutas interpretativas guiadas.

6.2. Miradoiro do faro de Mera

Sitúase xunto ao faro pequeno e está conformado por unha pequena balaustrada de madeira a modo de miradoiro sobre o mar, con vistas á cidade da Coruña.

6.3. Porto de Dexo

Antigo porto actualmente desprovisto do seu uso orixinal. Na súa localización existe unha zona axardinada que cumpre a función de área recreativa provista de mesas e bancos, papeleiras e colectores de lixo, fonte de auga potable, paneis informativos e interpretativos, un miradoiro e un aparcadoiro para 11 vehículos.

6.4. Rutas de sendeirismo

Na actualidade existen no monumento tres itinerarios de sendeirismo, integrados orixinalmente no programa de camiños do Consorcio das Mariñas, e dotados de sinalización específica:

- Ruta Porto de Dexo: ruta circular de dificultade baixa de 3,1 km de lonxitude que inicia e finaliza en dous puntos: no porto de Dexo e na igrexa do mesmo nome.

- Ruta Seixo Branco-Furnas: ruta circular de dificultade media de 4,2 km de lonxitude que percorre as áreas de cantís e matogueira do Seixo Branco, adentrándose na área forestal cara ao interior para visitar o castro de Vixía Subiña, situado nas inmediacións do espazo. Este percorrido foi distinguido co galardón sendeiro azul no ano 2024.

- Ruta Faros de Mera: ruta circular de dificultade baixa de 1,2 km de lonxitude nas inmediacións da Aula do Mar, a batería militar do cabo de Mera e os faros ou torres de enfilación situados nesta punta.

6.5. Outras dotacións

Na contorna das rutas de sendeirismo existen outras dotacións como colectores de lixo e fontes públicas de auga doce. Neste último caso, ademais das xa citadas na localización da Aula do Mar e do porto de Dexo, localízanse outras dúas fóra do espazo protexido: en Canabal e no núcleo de Dexo. Este último, punto de inicio e final do percorrido Ruta Porto de Dexo, é un dos núcleos de referencia do espazo. Existen ademais outros equipamentos e dotacións como paneis informativos, aparcadoiro e área de xogos.

7. Valoración da capacidade de carga

A capacidade de acollida ou capacidade de carga refírese ao número máximo de persoas que pode albergar un lugar sen que existan impactos que causen degradación de forma significativa ao dito lugar e, ademais, non afecte ao nivel de satisfacción da visita.

Tendo en consideración que os principais recursos de uso público e os lugares de maior demanda do monumento natural circunscribíense ás tres rutas de sendeirismo existentes no espazo, calculouse a capacidade de carga para as ditas rutas.

Para o seu cálculo empregouse o método definido por Cifuentes (1992), adaptado á realidade do espazo. Segundo este método, a capacidade de acollida componse de tres niveis:

- Capacidade de Carga Física (CCF), que se refire ao número de persoas que un sitio de visita pode acoller.

- Capacidade de Carga Real (CCR), que é o número máximo de persoas que pode ter un sitio de visita considerando diferentes factores que afectan ao espazo, como as condicións climáticas.

- Capacidade de Carga Efectiva (CCE), que é o número de visitas que se pode ter nun espazo de forma ordenada e controlada en función da capacidade de manexo do sitio, de maneira que $CCF > CCR \geq CCE$.

A Capacidade de Carga Real (CCR) obtense da ponderación da CCF por unha serie de factores de corrección definidos en función das características particulares do lugar, obtidos considerando variables físicas, ambientais, biolóxicas e de xestión.

Na seguinte táboa preséntanse os valores obtidos para a capacidade de carga física e a capacidade de carga real nas rutas de sendeirismo denominadas Faros de Mera, Seixo Branco-Furnas e Porto de Dexo:

	Faros de Mera	Seixo Branco-Furnas	Porto de Dexo
Capacidade de carga física	4.800 persoas/día	19.200 persoas/día	19.200 persoas/día
Capacidade de carga real	198 persoas/día	428 persoas/día	358 persoas/día

Táboa 7. Resultados obtidos para a capacidade de carga nas rutas de sendeirismo.

Calculouse tamén a capacidade de carga física e a capacidade de carga real para o caso concreto do Seixo Branco:

	Seixo Branco
Capacidade de carga física	2.880 persoas/día
Capacidade de carga real	279 persoas/día

Táboa 8. Resultados obtidos para a capacidade de carga no Seixo Branco.

8. Identificación de presións e ameazas

8.1. Presións derivadas do tránsito de persoas

A situación nunha área metropolitana densamente poboada, a facilidade de acceso, a calidade paisaxística e a idoneidade para a realización de diversas actividades na natureza, fan da costa de Dexo un espazo sometido a unha intensa presión de uso público que se concentra en áreas concretas de pequena superficie nas que esta actividade humana coincide con algunhas das áreas de maior valor ambiental.

A punta de Seixo Branco, punto de maior intensidade de uso do espazo, soporta durante os meses estivais a presenza de máis de 20.000 persoas. É importante salientar que esta presión humana no Seixo Branco dáse nun espazo de moi pequena superficie, constituído polo sendeiro de acceso e o espazo costeiro da propia punta, con aproximadamente un quilómetro de lonxitude total.

Dáse unha situación similar na contorna da punta de Mera, onde nun espazo non superior a unha hectárea concéntrase un número moi elevado de persoas. En menor magnitude, o terceiro punto de atracción de visitas é o porto de Dexo.

En consecuencia, pódese afirmar que o uso público no espazo realízase principalmente en tres espazos concretos de pequena superficie que concentran o maior número de visitas.


A masificación do uso público dáse en condicións de boa meteoroloxía, períodos de vacacións e fins de semana, incluíndo casuísticas específicas como as concentracións estivais para a observación do solpor dende as atalaias naturais da punta e faros de Mera e Seixo Branco.

Enuméranse a continuación algúns dos principais impactos derivados do uso público intensivo.

Fragmentación de hábitats

O tránsito intenso de persoas camiñantes e corredoras, así como de bicicletas, provoca a deterioración e a fragmentación dos hábitats de interese comunitario e prioritarios polas pisadas e a compactación do solo.

Esta fragmentación faise evidente fundamentalmente no cinto de pasteiros densos aerohalinos.



Imaxe 10. Rede de camiños e sendeiros no Seixo Branco. Pode apreciarse a proliferación de sendeiros abertos polo tránsito de persoas (marcados en azul) sobre os pasteiros densos aerohalinos sombreados en cor gris.

A fragmentación dos hábitats nestes ambientes sensibles actúa tamén como vector de entrada de flora exótica invasora que aproveita os solos desprovistos de vexetación.

Erosión do solo e degradación da vexetación

O tránsito intenso por camiños e sendeiros, especialmente naqueles tramos de pendente superior ao 10%, provoca fenómenos erosivos no seu firme e nas áreas contiguas pola invasión das marxes e a ampliación potencial da anchura da caixa do viario, coa apertura de bandas de tránsito adxacentes.

Xeralmente asóciase á superación da capacidade de acollida física do sendeiro ou á dificultade para transitalos, pola súa pendente e abundancia de pedras soltas.

Este impacto vese magnificado especialmente por actividades deportivas como a carreira e, fundamentalmente, polo tránsito de bicicletas de montaña en varios tramos da rede de sendeiros.



Imaxe 11. Exemplo de erosión en tramo en pendente provocado polo tránsito intenso de bicicletas, favorecendo a apertura de bandas adxacentes, degradación do hábitat, ampliación da anchura do camiño e erosión do firme.

Apertura de novos vieiros e ampliación de anchura

A práctica de actividades deportivas está a provocar a apertura de novos camiños e a ampliación da anchura dos existentes. Se ben a apertura de claros e a ruptura da continuidade vexetal de grandes extensións de matogueira pode contribuír en determinadas condicións a un aumento da biodiversidade, noutras condicións a súa apertura non planificada aumenta á degradación dos hábitats presentes, a proliferación de flora invasora, así como impactos paisaxísticos no territorio.



Imaxe 12. Dous exemplos de aparición de novos camiños (dereita) e ampliación da anchura dos existentes (esquerda). As imaxes superiores corresponden ao ano 2007 e as inferiores ao ano 2020.

Degradación do patrimonio cultural

O tránsito intenso de sendeiristas, corredores/as e bicicletas, xunto coa falta de sinalización, está a provocar a degradación de elementos destacados do patrimonio cultural, feito que se fai patente nos castros, e especialmente no castro de punta Roza, onde orixina erosión das súas estruturas.



Imaxe 13. Á esquerda, sinalización do trazado dunha proba deportiva atravesando dous muros e o foso do castro de punta Roza. Á dereita apréciase o material lítico da muralla aflorando pola erosión provocada polo tránsito intenso sobre a estrutura.

Por outra banda, algúns dos elementos do patrimonio cultural atópanse en estado de abandono (batería de proxectores de Seixo Branco) ou afectados por diversas actividades (impacto do uso público e usos forestais no castro de punta Roza) provocando a súa degradación e impactos a nivel visual e paisaxístico.

Lixo e residuos

Se ben a presenza de lixo non aparenta ser unha problemática relevante no espazo, si que ten importancia en puntos concretos, como na contorna da aula do Mar, faros de Mera e no aparcadoiro adxacente, vinculado á intensidade de uso público que existe neste espazo.

Por outra banda, detéctanse de maneira esporádica verteduras de residuos de construción nas proximidades dalgunhas das pistas forestais do espazo máis próximas aos núcleos de poboación, se ben non existen vertedoiros irregulares de carácter permanente e os vertidos que se producen son habitualmente retirados pola administración local.

Por último, na contorna do Seixo Branco obsérvanse restos de lixo dispersos, fundamentalmente vidro, plástico e metal integrados no chan, e relacionados co emprazamento das antigas instalacións militares.

Molestias nas áreas sensibles

Na costa de Dexo dáse a particularidade de que as zonas de maior intensidade de uso público coinciden en gran medida coas áreas de maior interese ambiental, polo pequeno tamaño do espazo e a confluencia nas áreas costeiras dos puntos de maior interese paisaxístico e dos hábitats de maior valor de conservación.

Os sendeiros e as zonas de uso público sitúanse, en ocasións, nas áreas especialmente sensibles por albergar colonias de cría de aves mariñas e rupícolas, observándose perturbacións a nivel visual e sonoro, máis problemáticas no período de reprodución (01 de marzo – 31 de xullo). Un exemplo é a presenza de pesca deportiva observada nas proximidades de niños, garderías e pousadoiros. Existen, tamén, molestias e degradación de hábitats vinculados ás áreas húmidas, hábitat de anfibios, existentes en diversos puntos do litoral e nos que o pisoteo e baño de mascotas pode provocar mortalidade en larvas e postas de especies como *Discoglossus galganoi*.

Téñense detectado molestias polo voo de aeronaves non tripuladas na punta de Mera, na que se sitúa a principal zona de nidificación de aves mariñas, e pola práctica de fotografía de natureza.

Por último, existen empresas que ofertan actividades náuticas de recreo que realizan a navegación polo interior das furnas, actividade realizada tamén esporadicamente por embarcacións recreativas.

8.2. Conflitos entre usos

A intensificación nos últimos anos do uso recreativo provoca tensións entre as diversas actividades de uso público e as actividades tradicionais.

Detectáronse tensións entre os seguintes usos:

Actividades recreativas e caza

Durante a tempada cinexética prodúcese, en ocasións, situacións de tensión entre practicantes da caza e de actividades como o sendeirismo, paseo ou actividades deportivas, nalgúns casos con risco para a seguridade das persoas, situacións que chegaron a ser recollidas polos medios de comunicación.

Poboación local e uso público

As alteracións e degradacións puntuais da rede de camiños e sendeiros, a apertura de novos sendeiros (en moitas ocasións afectando a propiedades privadas) e a ocupación e o tránsito por propiedades, provoca molestias nunha parte da poboación local.

8.3. Accesibilidade e estacionamento de vehículos

A masificación en lugares e momentos concretos, así como a carencia de infraestruturas viarias axeitadas, provoca problemáticas vinculadas coa accesibilidade, fluidez do tráfico e estacionamento de vehículos.

Esta problemática identifícase de maneira recorrente en dous puntos concretos; por un lado, a ausencia total de prazas de aparcamento na entrada de Canabal-Seixo Branco provoca o estacionamento irregular masivo nas marxes da estrada durante os períodos de vacacións e practicamente todos os días non laborables con boas condicións meteorolóxicas. De igual maneira, esta situación repítese na punta de Mera nos momentos de maior afluencia de vehículos; así, ao solpor, durante o verán, nos fins de semana e nos días de condicións meteorolóxicas óptimas, o aparcadoiro existente non é capaz de absorber os vehículos que acceden ao faro.

Neste punto dáse tamén, de maneira frecuente, o estacionamento de autocaravanas, sen existir unha área regulada a tal efecto.

Esta situación provoca as seguintes problemáticas:

- Falta de fluidez do tráfico e dificultades para o acceso de vehículos de emerxencia no caso de ser preciso.
- Molestias á poboación local.
- Estacionamento de vehículos en lugares non aptos, incluíndo brexeiras-toxeiras na contorna dos faros de Mera, provocando a compactación do chan e a degradación da vexetación.

8.4. Erosión do litoral

Segundo a análise dos procesos erosivos do litoral realizada, non se observa un retroceso significativo da liña de costa, detectándose unicamente tres puntos concretos nos que se teñen producido retrocesos de pequena escala respecto á liña de costa reflectida na ortofotografía aérea de 1956-57.

Por outra banda, o desprendemento de material terroso e pedras sobre a zona húmida de punta Porrido dende o noiro que a separa do camiño, está a provocar a diminución da lámina de auga desta charca, afectando de xeito significativo ás poboacións de anfibios reprodutores.

8.5. Especies exóticas

As especies exóticas invasoras constitúen na actualidade unha das principais causas de perda de biodiversidade a nivel global.

Os ecosistemas costeiros, pola súa fragilidade e condicións ambientais, son especialmente sensibles ás invasións biolóxicas, e a costa de Dexo non é unha excepción; os seus hábitats de cantil e matogueira, conxuntamente coa elevada densidade urbana que a rodea con áreas axardinadas con especies exóticas, provocan a presenza dunha ampla variedade de taxons de flora invasora.

Especies exóticas invasoras

As especies de flora exótica invasora representan un problema para a conservación do espazo. No monumento natural atópanse presentes as seguintes especies coa dita consideración, todas elas incluídas no Catálogo español de especies exóticas invasoras (CEEI):

- O penacho das pampas (*Cortaderia selloana*), presente con relativa abundancia en áreas de matogueira, sobre solos degradados procedentes do abandono das actividades agrarias, especialmente na metade occidental do espazo.
- A unlla de gato (*Carpobrotus edulis* ou *Carpobrotus acinaciformis*), especies orixinarias do sur de África que ocupan cantís e prados costeiros no espazo protexido. Persisten formacións en zonas de difícil acceso na punta de Mera e Canabal.
- A acediña do Cabo (*Oxalis pes-caprae*), herbácea perenne que ocupa áreas de solos degradados.

No relativo á fauna exótica invasora, a problemática non semella tan acusada no espazo como no caso da flora. Están presentes especies como:

- O bico de coral, *Estrilda astrild*, passeriforme de orixe africana que nos últimos anos fíxose común nas matogueiras e áreas agrícolas do espazo e a súa contorna. Trátase dunha especie sobre a que non se ten afondado no coñecemento do seu impacto sobre as comunidades locais, aparentemente non intenso.
- De maneira homoxénea co resto do litoral coruñés, é abondosa a avespa asiática, *Vespa velutina*, a cal figura tanto no Listado de especies preocupantes para a Unión Europea, coma no CEEI.
- O visón americano (*Neovison vison*): existen evidencias da aparición desta especie a comezos de século, aparición que tería afectado ás colonias de cría de gaivota patiamarela. Aínda que non existen datos recentes da súa presenza no espazo nin evidencias do seu impacto nas colonias de aves mariñas, non se pode descartar, xa que esta especie se atopa en outras áreas litorais do concello de Oleiros.

Especies exóticas ou alóctonas

No espazo localízanse outras especies de flora alóctonas que, se ben non están incluídas no CEEEI, nin no Listado de especies exóticas invasoras preocupantes para a UE, si se inclúen, a nivel de especie ou de xénero, no Listado de especies alóctonas susceptibles de competir coas especies silvestres autóctonas, alterar a súa pureza xenética ou os equilibrios ecolóxicos:

- A grama americana (*Stenotaphrum secundatum*), poácea de orixe tropical que coloniza amplas extensións de áreas propias de pasteiro costeiro ao longo de todo o litoral do espazo protexido.

- A estrela de fogo (*Crocosmia x crocosmiflora*), especie de aparición recente no espazo que está a colonizar cunetas e áreas degradadas, aínda que tamén está presente puntualmente en áreas de hábitat litoral.

- O mexacán do Cabo (*Arctotheca calendula*), herbácea ornamental formadora de céspedes que coloniza de maneira intensa solos degradados polo pisoteo e o abandono das actividades agrícolas, con gran presenza actualmente na punta de Mera e Montemeán.

- A hedra do Cabo (*Senecio mikanioides*), amosa menor representación no espazo que as anteriores, ocupando especialmente áreas de solos degradados.

Outra especie alóctona presente no monumento natural é a perpetua peciolada (*Helichrysum petiolare*), planta leñosa de porte arbustivo orixinaria da rexión do Cabo, en Sudáfrica, que colonizou no monumento natural áreas de solos con presenza de breixeiras secas europeas. A presenza da especie é masiva na contorna da punta de Mera, estando tamén presente noutras áreas como Montemeán, Seixo Branco ou Punta Torrella, observándose plántulas e matas de pequeno tamaño dispersas noutras localizacións do espazo. Esta especie non está incluída actualmente no CEEEI e tampouco se inclúe no Listado de especies exóticas invasoras preocupantes para a Unión, nin no Listado de especies alóctonas susceptibles de competir coas especies silvestres autóctonas, alterar a súa pureza xenética ou os equilibrios ecolóxicos.

8.6. Presións derivadas das actividades forestais

Degradación de hábitats

A expansión e naturalización de especies forestais de crecemento rápido empregadas nas plantacións, *Pinus pinaster* e *Eucalyptus globulus*, está a afectar a hábitats de interese comunitario mediante a súa expansión cara as breixeiras costeiras e cantís.

No caso do piñeiro, este feito faise patente en áreas extensas de matogueira, onde a especie vai colonizando as áreas máis próximas ás masas arboradas.

As masas arboradas da metade oriental do espazo presentan un maior desenvolvemento polas mellores condicións ambientais que proporcionan o abrigo da ría de Ares-Betanzos e o maior

desenvolvemento do solo, o que permite que acaden a primeira liña de costa. Neste contexto, existe unha presenza importante de eucaliptos espontáneos colonizando áreas de cantil en Dominio Público Marítimo-Terrestre, afectando significativamente ao hábitat de interese comunitario 1230.

Degradación da paisaxe

A presenza de extensións arboradas dominadas por *Eucalyptus globulus* ocupando a primeira liña de costa ou a primeira franxa das masas arboradas visible dende a costa, supón unha degradación paisaxística.

Tendo a paisaxe unha importante compoñente subxectiva, a maioría da poboación percibe como negativas, dende o punto de vista paisaxístico, as plantacións de eucalipto, incluso entre a poboación rural. Isto débese á excesiva uniformidade das paisaxes derivadas das plantacións de eucalipto en termos cromáticos, morfolóxicos e estruturais, ao supor monotonía paisaxística e, en consecuencia, ausencia de variacións estacionais ou estruturais, alterando a estrutura, xeometría e cromatismo da contorna e a paisaxe en períodos de tempo moi curtos.

Degradación da rede viaria

As operacións de aproveitamento forestal provocan ocasionalmente degradacións da rede de camiños e pistas forestais, producindo secundariamente a alteración da paisaxe e do tránsito.

Incendios forestais

A presenza de masas monoespecíficas de *Pinus pinaster* e *Eucalyptus globulus* ou mixtas entre ambas especies, unida ás fases temperás da sucesión nas que se atopa a vexetación acompañante e ao abandono das actividades tradicionais e produtivas, provoca un alto risco de incendios forestais, sendo frecuentes os conatos nas épocas de alto risco de incendio.

8.7. Furtivismo

O aproveitamento de percebe, principal actividade marisqueira presente na contorna do espazo, realízase de maneira regulada, pero está sometido a un intenso furtivismo. Esta actividade ilegal podería supoñer unha ameaza para os valores do monumento natural ante a posibilidade de que se transite a pé ou con vehículos de motor fóra dos sendeiros e camiños delimitados con esta finalidade.

8.8. Abandono do territorio

O abandono do territorio e do sistema de produción tradicional, problemática de índole estrutural común a gran parte do territorio galego, ten implicacións ambientais ademais das socioeconómicas:

- Aumento do risco de lumes forestais.
- Degradación da paisaxe por perda de diversidade.

- Perda de biodiversidade asociada aos medios agrarios.
- Degradación e perda de superficie de hábitats ligados aos medios agrarios.
- Progresivo abandono de camiños tradicionais.
- Perda de oportunidades de desenvolvemento socioeconómico compatible da poboación local.

O abandono da paisaxe agraria tradicional supón, ademais dos aspectos indicados no parágrafo anterior, unha importante eiva no relativo ao patrimonio etnográfico, cultural e inmaterial do espazo, dificultando a conexión da poboación local co seu territorio. Neste aspecto é importante salientar a importancia do progresivo abandono dos camiños tradicionais e aspectos vinculados á perda do patrimonio lingüístico, toponímico e tradición oral vinculada ao espazo.

8.9. Verteduras de augas residuais

No linde sueste do espazo, sitúase o punto de vertedura das augas residuais tratadas na Estación Depuradora de Augas Residuais (EDAR) de Lorbé. Actualmente, este vertido prodúcese nunha zona de pendente, nas coordenadas UTM (ETRS 89 – Fuso 29) X = 556739 Y = 4804552, discorrendo as augas residuais tratadas pola superficie do terreo ata acadar a ría. Esta situación xera un impacto visual no espazo protexido.

9. Cambio climático

Para a análise de proxeccións dos posibles efectos do cambio climático no monumento natural de cara ao futuro, empregáronse os resultados derivados dunha análise propia desenvolvida por MeteoGalicia con modelos rexionais (*Regional Climate Models*, RCM) executados no marco da iniciativa europea EURO-CORDEX. No desenvolvemento desta análise, seleccionouse o dato diario dun grupo de once modelos rexionais aniñados aos 5 modelos globais máis fiables para o sector do Atlántico Norte, dous distintos escenarios de concentración de gases de efecto invernadoiro (RCP 4.5 e RCP 8.5) e dous períodos climáticos de 30 anos, un a mediados e outro a finais do século (2031- 2060 e 2061-2090).

A análise desenvolvida por MeteoGalicia indica que o cambio climático poderá afectar nas próximas décadas en virtude das variacións das variables climáticas: temperatura, precipitación, días de verán, días cálidos, noites frías, noites cálidas, noites tropicais, días consecutivos secos e días consecutivos cálidos; en función das condicións actuais e dos resultados amosados polos modelos climáticos rexionalizados para os horizontes temporais 2031-2060 e 2061-2090.

Respecto da análise destas variables, cabe destacar que o valor medio futuro da variable precipitación para o horizonte 2031-2060 diminuíra nun 2,4 %, amosando os modelos unha diminución menor para o período 2061-2090, cun -1,6 %.

A análise da temperatura conclúe que o valor medio da temperatura máxima aumentará en 1,3 °C no período 2031-2060, pasando a ser o aumento en 1,6 °C no horizonte 2061-2090. Obsérvase a mesma tendencia para o valor medio futuro da temperatura mínima con incrementos de 1,2 e 1,5 °C para os respectivos períodos. A temperatura media amosa as mesmas variacións que a temperatura mínima (1,2 °C 2031-2060 e 1,5 °C 2061-2090).

Os días de verán, aqueles con temperatura máxima por riba dos 25 °C, aumentarán en termo medio en 23,2 días no período 2031-2060, pasando a 32,7 no horizonte 2061-2090.

Os días cálidos, considerados como aqueles días (en períodos de 24 horas) nos que a temperatura media supera o percentil 95, aumentarán nun 11,2 % no 2031-2060 e nun 15,0 % no 2061-2090.

Por outra banda, as noites frías diminuirán nun 2,7 % no 2031-2060, aumentando as noites cálidas nun 12,1 %, pasando as noites tropicais a aumentar en 7,4 días de media anual para ese mesmo período, chegando a acadar aumentos de 11,2 días no horizonte 2061-2090.

Por último, destacar que a máxima racha de días consecutivos secos aumentará en 8,9 días no 2031-2060, e en 13,2 días no 2061-2090. A máxima racha de días consecutivos cálidos aumentará en 4,7 días no 2031-2060 e en 2,4 días no 2061-2090.

10. Conectividade ecolóxica


A fragmentación dun hábitat defínese como o proceso, a escala paisaxística, polo cal se divide en fraccións máis pequenas, illadas entre si por unha matriz de hábitat diferente da orixinal. Está provocada fundamentalmente polo desenvolvemento de todo tipo de estruturas, urbanización e cambio de usos de chan, e constitúe unha das principais causas da perda de biodiversidade.

Para acadar o obxectivo da conectividade ecolóxica ou funcional, entendida como a capacidade do territorio para permitir os desprazamentos dos organismos entre as teselas territoriais aptas para o seu desenvolvemento, son fundamentais os corredores ecolóxicos. Estes defínense como o ámbito territorial cuxa función primordial é a de conectar dous ou máis sectores con características ambientais similares, de forma que resulte transitable para os desprazamentos dos distintos taxons.

Para a análise da conectividade ecolóxica do monumento natural Costa de Dexo, avalíouse a conectividade das poboacións de catro especies, previamente seleccionadas, cos espazos naturais localizados na súa contorna territorial:

- ZEC ES1110004 Encoro de Abegondo-Cecebre.
- ZEC ES1110007 Betanzos-Mandeo.
- Parque natural / ZEC ES1110003 Fragas do Eume
- ENIL Brañas de Sada.

- ENIL Torre de Hércules.



As especies escollidas foron o teixugo (*Meles meles*), o morcego das fragas (*Barbastella barbastellus*), a ra das veigas (*Discoglossus galganoi*) e a cobra lagarteira (*Coronella austriaca*).

Para cada unha destas especies definiuse o Mapa de Adecuación Territorial (MAP), a partir do cal elaboráronse as rutas óptimas de desprazamento entre os espazos obxectivo e os nodos de conectividade establecidos no modelo, calculados como as rutas que ofrecen unha menor resistencia ao tránsito de individuos da especie.

Para a determinación da rede de conectividade empregouse a ferramenta *Corridor Designer* de ESRI.

Na análise consideráronse como corredores de alta calidade ecolóxica os nodos e corredores xerados pola ferramenta que constituían o 0,1 % máis permeable do territorio entre as áreas a conectar.


O análise dos resultados amosou que o MAP definía un territorio en xeral apto para o desenvolvemento do teixugo, a ra das veigas e o morcego das fragas; e pouco apto en xeral para o desenvolvemento da cobra lagarteira.



Imaxe 15. Mapa de Adequación Territorial para o teixugo na área de estudo. As tonalidades verdes representan adecuación territorial alta, e as brancas representan adecuación territorial baixa. Os perímetros azuis indican os espazos naturais protexidos.

En canto ao estudo dos corredores ecolóxicos, para o caso do teixugo, da ra das veigas e do morcego das fragas, o monumento natural Costa de Dexo conectaría co ENIL das Brañas de Sada e coas ZEC do Encoro de Abegondo-Cecebre e Betanzos-Mandeo, a través do corredor ecolóxico de maior calidade ambiental, ocupando o 0,1 % da superficie.

Para a cobra lagarteira só se identificou un corredor de alta calidade ecolóxica, corredor que conecta coa ZEC Encoro de Abegondo-Cecebre, percorrendo o tramo eminentemente costeiro do concello de Sada dende a metade oriental do monumento natural, se ben este espazo húmido tampouco mantén un hábitat apto para a especie máis aló de pequenas superficies de prados situadas no seu perímetro.



Imaxe 16. Conxunto dos corredores ecolóxicos definidos para as especies terrestres no ámbito de estudo, representados en vermello. En azul represéntanse os espazos naturais protexidos.

Como conclusións da análise da conectividade ecolóxica no espazo protexido poden extraerse as seguintes:

- A situación do monumento natural, no norte dunha península, reduce as vías de conexión co territorio restante ás que poidan existir en dirección sur.
- O espazo sitúase nunha matriz densamente poboada e urbanizada. Nas áreas non urbanizadas desenvólvense masas arboradas procedentes fundamentalmente de plantación, nun proceso de abandono do mosaico agrario tradicional cara un modelo de área metropolitana con poboación dispersa, de elevada ocupación e alteración do territorio por edificacións urbanas, industriais e viarias.
- A conexión no eixo norte-sur ao longo do territorio é escasa ao ter que atravesarse unha área metropolitana altamente transformada.
- No eixe leste-oeste existen diversos cursos fluviais que facilitan a conectividade ecolóxica nesa dirección e, incluso, entre as rías da Coruña e Ares-Betanzos, para as especies vinculadas ou favorecidas polos medios acuáticos.

- Os corredores definidos transitan fundamentalmente pola metade oriental da península conformada polos concellos de Oleiros e Sada, menos urbanizada e de maior carácter forestal e rural. As Brañas de Sada xogarían un papel importante como nodo de conectividade.
- A elevada densidade de vías de alta capacidade (Vía Ártabra, autoestrada AP-9, autovía A-6) dificultan a conectividade entre os distintos espazos, en especial coa ZEC Encoro de Abegondo-Cecebre.

TÍTULO I

Obxectivos do plan de xestión

Artigo 1. *Obxectivos xerais e obxectivos específicos*

O obxectivo xeral do plan de xestión do monumento natural Costa de Dexo é o mantemento ou restablecemento, nun estado de conservación favorable, dos valores que motivaron a súa declaración.

Para a consecución deste obxectivo xeral, o Plan prevé nove obxectivos específicos.

1. Mellorar o coñecemento dos valores da xeodiversidade, así como do patrimonio cultural asociado, dos servizos ecosistémicos e dos riscos e ameazas para a súa conservación.
2. Garantir a integridade visual do espazo protexido, especialmente das áreas de valoración paisaxística moi alta, garantindo o seu illamento visual respecto das áreas de menor calidade paisaxística.
3. Manter e/ou mellorar o estado de conservación dos elementos clave de conservación, dos seus procesos e funcións, así como dos restantes valores naturais e culturais do espazo.
4. Evitar a introdución de especies exóticas no espazo, especialmente daquelas con carácter invasor.
5. Regular e xestionar de maneira ordenada o uso público, así como crear e/ou adecuar os servizos e infraestruturas de uso público para achegar ás persoas visitantes aos valores do espazo natural de maneira compatible coa súa conservación.
6. Regular o uso sustentable da xea, das especies e hábitats naturais e seminaturais, e garantir que os aproveitamentos que se realicen sobre elas non leven consigo unha afección apreciable sobre o seu estado de conservación.
7. Fomentar a colaboración coas Administracións con competencias no espazo así como coa cidadanía, para garantir a conservación do lugar.
8. Promover a función social do espazo protexido a través da educación ambiental, a sensibilización, a custodia do territorio e o compromiso social na conservación dos seus valores.

9. Promover a función do espazo como escenario para o avance do coñecemento e investigación sobre os elementos, estruturas e procesos dos espazos litorais, servizos dos ecosistemas e cambio climático no contexto do cambio global.

Artigo 2. *Elementos clave para a conservación e estado de conservación*

Os principais valores a protexer son os seguintes:

1. Valores abióticos:

a) Cantís, illas, illotes e elementos xeomorfolóxicos representativos dos procesos de formación litoral: os elementos xeomorfolóxicos que xustifican a declaración do espazo presentan un óptimo estado de conservación. Non existen apenas fenómenos erosivos apreciables e non se ven afectados polos principais impactos existentes no espazo.

b) Filón de pórfido granítico de Seixo Branco: o Seixo Branco non se ve afectado por fenómenos erosivos nin impactos doutro tipo. É un importante recurso para o uso público obxecto dun elevado número de visitas baseadas na contemplación e sen efectos directos sobre o elemento. Cabe salientar, en todo caso, unha certa degradación puntual na súa contorna de acceso a través das zonas superiores do cantil, onde se presentan evidentes signos de pisoteo e erosión edáfica nas áreas máis transitadas.

c) Furnas: a súa práctica inaccesibilidade dende terra favorece a ausencia de case calquera tipo de impacto, presentando un bo estado de conservación. Esporadicamente son visitadas por usuarios/as de embarcacións que poden provocar molestias na fauna asociada.

d) Charcas litorais: a principal zona húmida litoral presente no espazo sitúase nas inmediacións da punta Porrido. Presenta un estado de conservación moderadamente malo debido ao progresivo soterramento que se está a producir polo desprendemento de materiais do seu noiro superior, afectando á superficie da lámina de auga dispoñible. A este problema súmanse as molestias provocadas por persoas e mascotas que poden causar mortalidade de postas e larvas de anfibios reprodutores.

2. Paisaxe.

a) Paisaxe litoral: o estado xeral de conservación das paisaxes litorais do espazo é bo. Presenta unha elevada naturalidade en gran parte do territorio, coas formacións xeolóxicas, xeomorfolóxicas e botánicas que definen a paisaxe litoral de cantís en bo estado. Non existen edificacións nin infraestruturas de orixe antrópico que supoñan degradacións do litoral do espazo protexido nin alteración dos amplos campos visuais existentes sobre os cantís e o medio mariño que os rodea. As plantacións forestais de *Eucalyptus globulus* e os aproveitamentos forestais asociados supoñen unha degradación paisaxística, especialmente na metade oriental do espazo, onde as masas forestais presentan un maior desenvolvemento cara ao litoral.

b) Paisaxe agraria: as paisaxes agrarias do interior do monumento natural presentan un mal estado de conservación motivado pola transformación do sistema agrario tradicional mediante procesos de abandono agrario, urbanización dispersa e intensificación do uso forestal. Esta transformación da paisaxe agraria tradicional leva aparelada unha degradación dos hábitats seminaturais e da biodiversidade asociada, progresivo abandono de patrimonio etnográfico e camiños tradicionais e un aumento do risco de incendios forestais.

3. Valores bióticos.

a) Colonias de cría de aves mariñas e rupícolas: presentan un bo estado de conservación, tal e como amosan os censos coñecidos das especies presentes. A poboación reprodutora de corvo mariño cristado (*Gulosus aristotelis*) da Costa de Dexo constitúe unha das poboacións de maior tamaño da costa peninsular ibérica, e a súa tendencia poboacional crecente reflicte a ausencia de problemas de conservación relevantes. As outras especies reprodutoras salientables, aínda con menor número de efectivos, manteñen as súas poboacións relativamente constantes e sen que se detecten problemas de conservación de importancia, coa excepción de molestias puntuais de carácter esporádico. A única especie de entre as consideradas que presenta un mal estado de conservación é a gaivota patiamarela (*Larus michahellis*), cun acusado descenso poboacional na última década, se ben esta situación semella enmarcarse no declive xeralizado da especie en toda a costa galega, sen atoparse aparentemente vinculada con presións específicas existentes neste territorio concreto.

1º. Corvo mariño cristado (*Gulosus aristotelis*).

2º. Paíño europeo (*Hydrobates pelagicus*).

3º. Láridos: gaivota patiamarela (*Larus michahellis*), gaivota escura (*Larus fuscus*), gaivotón (*Larus marinus*).

4º. Andoriñón real (*Tachymarptis melba*).

5º. Gralla pequena (*Corvus monedula*) e choia biquivermella (*Pyrhocorax pyrrhocorax*).

b) Queirogais húmidos de *Erica tetralix* e *Erica ciliaris*: no monumento natural obsérvase a presenza de matogueiras higrófilas como parte dos cintos de vexetación descritos no apartado de vexetación. É necesario avaliar a estrutura e importancia destas comunidades nas contornas do Seixo Branco e punta da Roza.

c) Poboación de *Rumex rupestris* presente no espazo protexido: a labaza *Rumex rupestris* é unha planta hemicriptófita perenne, especializada en determinados hábitats microlitorales, caracterizados pola existencia de achegas de auga doce na liña de costa, baixo certa influencia de salinidade. A información relativa á súa distribución, abundancia e ás posibles presións ou ameazas deberá ser actualizada periodicamente, co obxecto de garantir un estado de conservación favorable para a especie.

TÍTULO II

Directrices e normas

CAPÍTULO I

Medidas e normativa xeral

Artigo 3. Disposicións xerais

Con carácter xeral, os usos e actividades a desenvolver no monumento natural ateranse ao establecido nos artigos 68 a 71 da Lei 5/2019, do 2 de agosto. Igualmente e en relación á flora e fauna silvestre, a normativa a aplicar con carácter xeral será a recollida nesa lei, así como na Lei 42/2007, do 13 de decembro.

O artigo 34.3 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, establece que nos monumentos naturais estará limitada a explotación de recursos, salvo cando esta explotación sexa plenamente coherente coa conservación dos valores que se pretenden protexer, conforme ao establecido nas súas normas de declaración ou xestión ou naqueles casos nos que, por razóns de investigación ou conservación ou por tratarse de actividades económicas compatibles con mínimo impacto e contribución ao benestar socioeconómico ou da poboación, se permita a dita explotación, previa a pertinente autorización administrativa.

Calquera proxecto, uso, actividade ou aproveitamento que se pretenda realizar no monumento natural non recollido explicitamente nos artigos deste decreto, debe entenderse sometido aos criterios establecidos nos artigos 69 a 71, ambos incluídos, da Lei 5/2019, do 2 de agosto para determinar o réxime xurídico aplicable.

As solicitudes de autorización deberán presentarse cunha antelación mínima de tres meses. Deberán incluír unha explicación do uso ou actividade e un estudo das súas afeccións co seguinte contido mínimo: antecedentes, xustificación, descrición da área de afección e influencia, descrición e cartografía dos elementos naturais afectados, análise das afeccións sobre o espazo e sobre os seus elementos clave de conservación que terá en conta os efectos acumulativos en relación con outros usos e actividades que se desenvolvan no mesmo espazo, así como a súa afección á conectividade, e a proposta de medidas preventivas e correctoras.

No caso de non estimarse unha afección apreciable poderase autorizar o plan, proxecto, uso ou actividade. Na dita autorización poderán establecerse restricións, condicionantes e/ou medidas correctoras ou compensatorias que favorezan o desenvolvemento sostible das actividades, usos e aproveitamentos, tendo en conta as directrices establecidas neste plan.

En consonancia co establecido no artigo 85 da Lei 5/2019, do 2 de agosto, no caso de contemplarse unha afección apreciable, o proxecto someterase a unha adecuada avaliación das súas repercusións, en

consonancia co disposto para a Rede Natura 2000 na normativa vixente en materia de avaliación ambiental.

No caso de intervencións ou cambios de uso en bens de interese cultural e catalogados ou no seu contorno de protección, requírese autorización da consellaría competente en materia de patrimonio cultural ou certificación dese organismo da non necesidade de autorización por estar incluída nas excepcións establecidas na Lei 5/2016, do 4 de maio.

A autorización outorgada pola DXPN, non exime da necesidade da obtención as autorizacións ou informes, segundo o caso, dos organismos sectoriais.

O sentido do silencio será negativo, tanto das autorizacións así como para a emisión do informe preceptivo e vinculante da consellería competente en materia de patrimonio natural, de acordo co artigo 24.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Artigo 4. Directrices do plan de xestión

1. As directrices son vinculantes en canto aos seus fins. Corresponde aos distintos departamentos das Administracións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o seu ámbito de competencias, establecer e aplicar medidas concretas para a conservación do espazo.

2. A xestión do espazo e dos compoñentes da biodiversidade e xeodiversidade comprendidos no seu ámbito de aplicación terá como obxectivo alcanzar un nivel de protección elevado. A toma de decisións basearase na mellor información dispoñible, empregando sempre os principios de cautela e de acción preventiva. Cando haxa perigo de dano grave ou irreversible, a falta de certeza científica absoluta non deberá utilizarse como razón para postergar a adopción de medidas eficaces en función dos custos para impedir a degradación do medio.

3. Velarase polo mantemento dos procesos ecolóxicos esenciais e dos ecosistemas, así como pola preservación da súa variedade, singularidade e beleza.

4. Darase preferencia ás medidas de conservación, preservación e restauración dos elementos da xea e dos hábitats naturais e seminaturais que motivaron a súa declaración como espazo protexido.

5. Outorgarase preferencia ás medidas de conservación e mantemento da paisaxe e dos recursos paisaxísticos e, especialmente nas áreas degradadas, ás medidas de restauración.

6. Darase preferencia ás medidas de conservación, preservación e recuperación das especies silvestres de flora e fauna, facendo especial fincapé naquelas consideradas como protexidas ou de interese para a conservación, nas endémicas ou que posúan unha área de distribución limitada, ou nas que os estudos científicos e datos oficiais mostren unha tendencia descendente da súa poboación.

7. Promoverase a restauración dos agrosistemas tradicionais e sistemas tradicionais de deslindamento (sebes e muros) polo valor da biodiversidade e paisaxe asociadas.
8. Promoverase a eliminación das poboacións de flora e fauna exóticas de carácter invasor que afecten aos hábitats naturais e seminaturais ou ás especies de fauna e flora silvestres.
9. Nas autorizacións e nos procedementos de avaliación ambiental que puideran afectar directa ou indirectamente ao espazo, teranse en consideración as súas singularidades xeolóxicas, xeomorfolóxicas e paisaxísticas.
10. Os proxectos autorizados deberán definir e incorporar, de forma precisa, as medidas de control da erosión e restauración, así como a integración paisaxística do dito proxecto.
11. Controlarase a posible dispersión de especies exóticas con comportamento invasor favorecida polas obras, movementos de terras e outras actividades asociadas.
12. Na análise dos usos e aproveitamentos obxecto de autorización, así como dos plans e proxectos obxecto de autorización, teranse en conta os resultados observados no programa de seguimento.
13. Evitarase a introdución no medio de elementos artificiais que limiten o campo visual ou rompan a harmonía da paisaxe. No caso daqueles que sexan necesarios, o seu deseño adaptarase ás características da paisaxe en canto a alturas, formas e cromatismo.
14. Manteranse as actividades e usos que sexan plenamente coherentes coa preservación dos elementos claves de conservación, así como as actividades económicas compatibles cun mínimo impacto e que contribúan ao benestar socioeconómico da poboación, logo de autorización administrativa.
15. Promoveranse os usos e actividades agrarias que favorezan a recuperación das actividades e da paisaxe agraria tradicional naquelas áreas do espazo de vocación agraria, contribuíndo a evitar o abandono de terras e a conseguinte perda de hábitats seminaturais e biodiversidade asociados.
16. Fomentaranse os acordos de custodia do territorio para favorecer a recuperación da paisaxe agraria.
17. Incluíranse de maneira prioritaria os criterios de integración paisaxística na xestión forestal do espazo, tendo en conta a función das masas arboradas en primeira liña de costa como pantalla visual e illamento da paisaxe litoral respecto das áreas urbanizadas de menor calidade visual do interior, dándolle prioridade á presenza de piñeirais e frondosas autóctonas.
18. Promoverase unha xestión forestal conxunta das masas forestais mediante o establecemento de fórmulas para a agrupación de propiedades, baseada en criterios e indicadores de xestión forestal sostible que eviten ou minimicen as afeccións sobre os obxectivos de conservación.

19. Reforzarase o papel das masas forestais autóctonas na mitigación da crise climática a través do seu papel como reservorios de carbono a longo prazo e como provedores de servizos ecosistémicos de soporte, de regulación e culturais.
20. Promoverase a eliminación de arborado de carácter alóctono no Dominio Público Marítimo-Terrestre.
21. Na implantación e execución de accións preventivas contra incendios forestais terase en conta a compatibilidade coa conservación da biodiversidade e a calidade paisaxística do espazo.
22. Promoverase a conciliación da práctica da caza e pesca marítima recreativa co resto de usos e actividades, sobre todo de uso público.
23. Evitarase a introdución e proliferación de especies, subespecies, razas xeográficas ou organismos modificados xeneticamente distintos dos autóctonos, na medida en que poidan competir con estes ou provocar desequilibrios ecolóxicos.
24. A xestión das especies con aproveitamento cinxético e as actividades vinculadas ao uso cinxético e á pesca marítima recreativa adaptaranse aos obxectivos de conservación do espazo protexido e realizaranse fóra do período sensible para a reprodución das especies silvestres, comprendido entre o 1 de marzo e o 31 de xullo.
25. Nas actividades a desenvolver terase en conta a perspectiva de xénero, fomentando a incorporación das mulleres ás medidas de dinamización, desenvolvemento e participación. Neste senso, evitárase o uso de imaxes estereotipadas ou linguaxe non inclusiva na documentación xerada no espazo protexido.
26. As actividades produtivas realizaranse fóra do período de reprodución das especies de interese para a conservación, considerando o dito período como o comprendido entre o 1 de marzo e o 31 de xullo.
27. Garantirase que as actividades autorizadas relacionadas co uso público non afecten negativamente ao patrimonio cultural, arqueolóxico, histórico, etnográfico e inmaterial.
28. Velarase porque nas actuacións de restauración ou mantemento do patrimonio natural non se produzan afeccións sobre o patrimonio cultural. Igualmente, as actuacións de restauración ou mantemento do patrimonio cultural non poderán producir afeccións sobre o patrimonio natural.
29. Na autorización e execución das infraestruturas, servizos e equipamentos de uso público deberá garantirse a súa integración paisaxística e a non afección aos elementos claves de conservación.
30. No deseño e execución de infraestruturas, equipamentos e dotacións de uso público teranse en conta criterios de boas prácticas en materia de accesibilidade.

31. Promoverase o establecemento de medidas axeitadas para garantir a seguridade das persoas visitantes, evitando situacións de risco ou potencial perigo.

32. Nas actividades de uso público que requiran de autorización, garantirase a non afección aos elementos clave de conservación, evitando o seu desenvolvemento fóra das infraestruturas, equipamentos e rede viaria contemplados neste plan e nos períodos temporais máis sensibles para estes, cando poidan afectar ao seu estado de conservación ou producir alteracións ou molestias significativas aplicando, en todo caso, o principio de precaución.

33. Promoverase o desenvolvemento de programas e actividades de educación ambiental no ámbito do espazo protexido, especificamente adaptado para os grupos obxectivo de poboación local, poboación visitante e comunidade educativa.

34. Procurarase a integración da educación ambiental e da metodoloxía de interpretación do patrimonio no deseño dos equipamentos de uso público e sinalización do espazo, así como na súa comunicación.

35. Promoverase a coordinación con outras Administracións con competencias no espazo na procura de actuacións coordinadas para a xestión territorial, de conservación e de uso público do espazo, incluídas aquelas con competencias sobre o medio mariño adxacente.

36. Promoverase o papel do espazo como escenario para a investigación e xeración de coñecemento en materia de ecosistemas e biodiversidade litorais, servizos ecosistémicos e cambio climático no contexto do cambio global.

37. No deseño e execución de infraestruturas, equipamentos e dotacións de uso público teranse en conta criterios de boas prácticas en materia de intervencións en espazos públicos, sempre e cando sexan coherentes cos obxectivos de conservación do espazo protexido.

Artigo 5. Exclusión de actividades

Os seguintes usos e actividades non poderán desenvolverse dentro do espazo protexido:

1. Actividades mineiras e de aproveitamento dos recursos xeolóxicos.
2. Aproveitamentos de enerxía eólica, fotovoltaica ou hidroeléctrica.
3. Novas instalacións portuarias.
4. Instalacións de acuicultura.
5. Plans empresariais de aproveitamento da biomasa.
6. En xeral, calquera tipo de actividade industrial.

Artigo 6. Usos permitidos

Terán a consideración de usos e actividades permitidos, segundo o recollido no artigo 69 da Lei 5/2019, do 2 de agosto, aqueles que resulten compatibles cos obxectivos de declaración do monumento natural, podendo desenvolverse sen limitacións especiais, ben na súa totalidade ou ben en determinadas áreas segundo as súas características.

Os usos e actividades permitidos non requirirán de autorización específica da consellería competente en materia de conservación do patrimonio natural, sen prexuízo de calquera outro título administrativo que resulte esixible.

Artigo 7. Usos autorizables

Terán a consideración de usos e actividades autorizables, segundo o recollido no artigo 70 da Lei 5/2019, do 2 de agosto, aqueles sometidos a un réxime de intervención administrativa en razón do seu emprazamento nun espazo natural protexido, coa finalidade de evitar posibles efectos non desexados na conservación dos seus valores relevantes.

Para estes efectos, consideraranse usos e actividades autorizables todos aqueles que requiran:

- a) Autorización expresa da consellería competente en materia de conservación do patrimonio natural.
- b) Informe preceptivo e vinculante da consellería competente en materia de conservación do patrimonio natural en calquera procedemento de autorización sectorial que figure como sometido a informe preceptivo na súa propia normativa sectorial. No caso de procedementos de autorización regulados na normativa estatal, o informe da devandita consellería será vinculante se así se contemplase na normativa estatal aplicable. Este informe determinará a existencia ou non de afección apreciable sobre os valores naturais que xustificaron a declaración do espazo protexido.

Artigo 8. Usos prohibidos

Terán a consideración de usos e actividades prohibidas, segundo o recollido no artigo 71 da Lei 5/2019, do 2 de agosto, aqueles susceptibles de causar prexuízo á integridade do espazo natural protexido ou sobre o estado de conservación dos compoñentes clave para a biodiversidade e que, por conseguinte, resulten incompatibles cos obxectivos de conservación do espazo.

Conforme ao artigo 3 do decreto de declaración do monumento natural, estarán prohibidos en todo o ámbito do espazo protexido, os seguintes usos e actividades:

- 1. Os campamentos e acampadas.
- 2. Os desmontes e terrapléns.
- 3. Os vertedoiros e cascallais.
- 4. As verteduras de calquera tipo.

5. As queimas.

6. A colocación de carteis e anuncios publicitarios, excepto os que teñan relación coa defensa e sinalización do propio monumento natural.

7. A extracción de area e o recheo das zonas húmidas.

8. A modificación das canles públicas.

9. As edificacións permanentes de calquera tipo.

10. As novas plantacións con especies alóctonas.

CAPÍTULO II

Medidas e normativa por compoñentes

Artigo 9. Uso público

1. Actuacións permitidas:

a) O libre tránsito na rede de estradas asfaltadas de titularidade local existentes no interior do monumento natural.

b) O tránsito por parte de vehículos no resto de camiños e vías agroforestais do monumento natural para o acceso a vivendas, desenvolvemento de actividades agropecuarias e forestais, vixilancia, control e seguridade pública, servizos de apoio á navegación marítima e vehículos de emerxencias.

c) O libre tránsito peonil e en cabalería polos camiños e sendeiros públicos definidos no Mapa 2 do anexo III.

d) A circulación con bicicletas e outros vehículos non motorizados a título persoal polas vías definidas para esta finalidade sinaladas no Mapa 3 do anexo III.

e) O estacionamento de vehículos nas áreas habilitadas a tal efecto, definidas no Mapa 4 do anexo III.

f) A presenza de animais de compañía con sistemas de suxeición adecuados que permitan garantir que o animal non provoque alteracións sobre as especies de interese para a conservación, así como sobre o resto de actividades de uso público do espazo natural, e que lles impidan saír das vías de tránsito peonil.

O órgano autonómico competente en materia de conservación do patrimonio natural poderá limitar temporal ou permanentemente a presenza de animais de compañía en áreas sensibles para a conservación da biodiversidade.

g) A fotografía, filmación ou gravación de carácter non profesional que non impliquen o emprego de equipos auxiliares como focos, *hides* ou pantallas, e sempre que se desenvolva dende as infraestruturas de uso público.

h) Cada persoa, ou no seu caso a/o titor/a legal ou responsable autorizado/a, será responsable da súa seguridade no espazo natural.

2. Actuacións autorizables:

a) O acceso de vehículos á rede de camiños do monumento natural para a realización de actividades científicas, educativas, cinexéticas, marisqueiras ou as loxísticas vinculadas a actividades previamente autorizadas.

b) A práctica da escalada na parede rochosa situada entre as coordenadas UTM ETRS89 Fuso 29 X=552490, Y=4804190 e X=552510, Y=4804110, fóra do período comprendido entre o 1 de marzo e o 31 de xullo.

c) O desenvolvemento de concentracións, actividades e eventos socioculturais ou recreativos organizados de xeito colectivo.

d) A actividade profesional de filmación ou gravación, así como a non profesional cando requira do emprego de elementos auxiliares como focos, *hides* ou pantallas, ou artefactos voadores, e a destinada a traballos de investigación, que pode ser autorizada xunto coa mesma investigación.

e) A realización de prácticas militares e de salvamento, fóra do período comprendido entre o 1 de marzo e o 31 de xullo.

f) Mediante resolución da dirección xeral con competencias en materia de conservación do patrimonio natural poderase limitar ou restrinxir o acceso ás persoas ou á circulación de vehículos, de forma eventual ou permanente, en calquera sendeiro, pista ou camiño, cando exista unha causa xustificada por razóns de conservación dos valores naturais, podendo instalar para este fin as barreiras ou sinalización que considere necesarias.

g) Uso con fins comerciais do nome, imaxe, marca ou outros sinais de identidade gráfica do espazo natural.

3. Actuacións prohibidas:

a) As prácticas de supervivencia e *paintball*.

b) A circulación de vehículos relacionada con actividades non contempladas entre as permitidas e autorizables fóra das vías de libre tránsito ou das instalacións habilitadas para o seu efecto.

c) A emisión de ruídos mediante o emprego de megáfonos, aparellos de radio ou reprodución de sons, bucinas, así como doutros aparellos que xeren sons de alta intensidade ou ultrasóns que perturben a

tranquilidade e a quietude da fauna e do propio espazo natural, excepto por razóns de seguridade, salvamento ou forza maior.

d) A emisión de luces ou escintileos que poidan perturbar o normal comportamento da fauna, excepto por razóns de seguridade, salvamento ou forza maior.

e) A realización de pintadas e/ou gravados na vexetación, na xea, no patrimonio cultural ou nas infraestruturas de uso público e, en xeral, calquera práctica de vandalismo no monumento natural e nos seus valores.

f) O estacionamento de vehículos fóra dos lugares sinalizados e acondicionados para o efecto.

g) As competicións deportivas de motor.

h) A venda ambulante.

i) A apertura de novas vías para a práctica da escalada deportiva.

j) A práctica da escalada na parede rochosa situada entre as coordenadas UTM ETRS89 Fuso 29 X=552490, Y=4804190 e X=552510, Y=4804110, no período comprendido entre o 1 de marzo e o 31 de xullo.

k) O acceso ás illas incluídas no espazo natural.

l) O abandono e depósito de lixo en áreas ou recipientes non autorizados. Durante o transcurso da visita as persoas deben facerse responsables dos residuos xerados que deberán depositarse nos lugares habilitados ao efecto ou trasladarse ao lugar de procedencia.

m) Pasar a noite con autocaravana ou furgoneta *camper*.

n) A celebración de probas e competicións deportivas.

ñ) A realización de prácticas militares e de salvamento, no período comprendido entre o 1 de marzo e o 31 de xullo.

4. As limitacións ao sobrevoo serán as establecidas conforme á normativa de aplicación (zona actualmente con restricións para a operación de drons segundo a información obtida no visor ENAIRE drons por ser espazo aéreo controlado do CTR A Coruña, área de seguridade do heliporto do Hospital Universitario da Coruña e Área de influencia da estación de radiosonda, como pode observarse no Mapa 6 do anexo III).

Artigo 10. *Aproveitamentos*

1. Actuacións permitidas:

a) Os usos e aproveitamentos forestais contemplados nos instrumentos de ordenación forestal que comprendan áreas incluídas no ámbito territorial deste decreto e que foran informados positivamente e autorizados polo órgano competente en conservación do patrimonio natural.

b) A apertura e mantemento de faixas de xestión de biomasa en materia de prevención de incendios forestais segundo o disposto na Lei 3/2007, do 9 de abril.

c) No caso das faixas terciarias de xestión de biomasa definidas no artigo 21 bis desa lei, as Administracións públicas serán as responsables do mantemento destas faixas nos camiños da súa titularidade. A anchura total da plataforma consolidada do camiño máis as dúas faixas perimetrais non deberá exceder os 5 metros, excepto naqueles casos nos que a anchura da plataforma así o requira para dar cumprimento ao estipulado na Lei 3/2007, do 9 de abril.

d) As labores de prevención e defensa contra os incendios forestais establecidas no plan de prevención e defensa contra os incendios forestais do Distrito Forestal II Bergantiños – Mariñas Coruñesas, sempre e cando o dito plan conte co informe favorable da consellería competente en materia de conservación do patrimonio natural.

e) O adestramento de cans de caza nas zonas habilitadas ao efecto segundo os instrumentos de ordenación cinexética e o indicado neste plan fóra do período comprendido entre o 1 de marzo e o 31 de xullo.

2. Actuacións autorizables:

a) Os proxectos de ordenación forestal, documento simple de xestión ou documento compartido de xestión ou a modificación dos existentes. Estes proxectos ou documentos de xestión deben ser acordes coas directrices deste plan de xestión.

b) Os usos, aproveitamentos e actividades forestais cando non estean recollidos nos correspondentes proxectos de ordenación forestal, documento simple de xestión ou documento compartido de xestión autorizados pola consellería con competencias en materia de conservación do patrimonio natural, como por exemplo:

1º. A recolección de especies silvestres que non sexan de interese para a conservación con fins comerciais por parte das persoas propietarias dos montes.

2º. Cortas selectivas nas masas forestais de carácter autóctono e nas masas mixtas de especies alóctonas e autóctonas.

3º. Cortas de masas forestais de especies alóctonas.

4º. Os tratamentos silvícolas tales como as rozas de mato, selección de brotes, clareos, podas,...

5º. A reforestación con especies forestais alóctonas en parcelas xa autorizadas para o cultivo destas especies no momento da entrada en vigor deste decreto.

6º. Os cambios entre diferentes usos forestais.

c) O Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais do Distrito Forestal ou as labores de prevención contra os incendios forestais, se as ditas labores non están incluídas no Plan autorizado.

d) A caza de especies cinexéticas, para o que se deberá presentar o plan de ordenación cinexético para a súa aprobación polo órgano xestor do espazo.

e) Por resolución da dirección xeral con competencias en materia de conservación do patrimonio natural, poderá establecerse algunha limitación espacial ou temporal de calquera actividade cinexética no espazo co obxectivo de garantir a seguridade no uso público durante a celebración de eventos, ou no caso de que se detecte que a actividade cinexética está a afectar negativamente á conservación dos valores naturais do espazo protexido.

f) As repoboacións de especies cinexéticas de carácter autóctono.

g) A recuperación de parcelas agrarias en estado de abandono para o aproveitamento de cultivos ou pastos seminaturais cando non presenten na actualidade hábitats de interese comunitario ou prioritario ou áreas prioritarias para especies obxectivo de conservación.

h) Os plans de explotación de recursos específicos no ámbito territorial do monumento natural.

i) Con carácter xeral, autorízase:

1º. O aproveitamento a sega ou a dente de prados seminaturais en parcelas agrarias.

2º. A recollida de follaxe, castañas, cogomelos, landras e doutros pequenos froitos por parte das persoas ou entidades titulares dos montes para o seu propio aproveitamento, nas condicións establecidas ao efecto nas súas regulacións específicas, sempre que non afecte aos obxectivos de conservación do espazo.

3º. Os aproveitamentos de leñas nas masas arborizadas por parte das persoas ou entidades propietarias, destinados ao autoconsumo e ao uso doméstico, que non sexan obxecto de comercialización sen superar os límites de volume anual por propietario de acordo coa normativa sectorial vixente, sempre que non afecten a persistencia da masa ou aos obxectivos de conservación do espazo.

4º. O aproveitamento tradicional do toxo con finalidade agropecuaria, fóra do período comprendido entre o 1 de marzo e o 31 de xullo.

5º. O cultivo de especies, subespecies e variedades representativas dos sistemas tradicionais de explotación agrícola, en terreos agrarios nos que se veñan realizando estes cultivos.

3. Actuacións prohibidas:

- a) A aplicación de herbicidas.
- b) A fumigación con equipamentos aéreos.
- c) A eliminación de sebes nas áreas de aproveitamento agropecuario.
- d) A transformación de parcelas de uso forestal a agrícola, e de agrícola a forestal.
- e) O depósito de materiais sobrantes de cortas ou outros aproveitamentos forestais sobre hábitats do anexo I da Directiva 92/43/CE ou áreas prioritarias de especies de interese para a conservación.
- f) O establecemento de zonas de caza permanente.
- g) Os cerramentos e valados de terreos de carácter cinexético.
- h) A liberación de especies cinexéticas ou non cinexéticas de carácter alóctono.
- i) O adestramento de cans de caza nas zonas habilitadas ao efecto segundo os instrumentos de ordenación cinexética, no período comprendido entre o 1 de marzo e o 31 de xullo.
- j) As infraestruturas de uso público descritas nesta plan terán a consideración de vías de uso público aos efectos do establecido no artigo 42.2 da Lei 13/2013, do 23 de decembro. A tal efecto, será de aplicación a prohibición do exercicio da caza, recollida no artigo 43 desta lei, a 50 metros de largo a ambos lados do eixe dos sendeiros e, no seu caso, a 50 metros da súa finalización ou peche. Esta prohibición implica circular con armas cargadas, empregalas ou disparar en dirección a estas zonas de modo que poidan ser alcanzadas, con perigo para as persoas e os seus bens.
- k) O depósito de tecnosolos, así como o seu emprego como fertilizantes ou emendas dos solos agrícolas.
- l) As cortas a feito ou a matarrasa sobre formacións arborizadas naturais e, especialmente, sobre aquelas incluídas dentro do anexo I da Directiva 92/43/CEE.
- m) As novas plantacións con especies alóctonas.

Artigo 11. *Infraestruturas e obras*

1. Actuacións permitidas:

a) As tarefas de mantemento e conservación das infraestruturas públicas existentes no espazo natural, así como a reposición de sinais, sempre que non supoñan modificacións do seu tamaño, trazado, anchura e volume construído.

b) As tarefas de mantemento e conservación interior das fachadas e cubertas das vivendas de uso particular actualmente existentes, sempre que non supoñan modificacións do seu tamaño, configuración e volume construído, autorizadas polo organismo competente en materia urbanística.

c) A instalación de sinalización vinculada coa regulación e seguridade viaria.

d) As tarefas de deslindamento e marcaxe dos terreos e parcelas nos que deberán empregarse materiais tradicionais do medio rural, e realizarse sen causar afeccións apreciables sobre a xea e os hábitats considerados como elementos clave para a conservación.

2. Actuacións autorizables:

a) As tarefas de mantemento e conservación das infraestruturas existentes no espazo natural, así como a reposición de sinais, sempre que supoñan modificacións do seu tamaño, trazado, anchura e volume construído.

b) As demolicións de infraestruturas existentes.

c) A apertura de pozos.

d) A creación de redes de saneamento e abastecemento de auga.

e) A creación de redes de telefonía ou telecomunicacións non aéreas para servizo das vivendas e infraestruturas existentes.

f) O depósito temporal de obxectos fóra das infraestruturas viarias.

g) A apertura de novas infraestruturas temporais por razóns estritas de seguridade pública, auxilio ou por accións directamente relacionadas coa xestión do lugar, causando a mínima afección sobre os obxectivos de conservación do espazo.

h) A instalación de calquera tipo de sinalización de carácter distinto do publicitario ou vinculado coa regulación e seguridade viaria.

i) As intervencións ou cambio de usos que se pretendan realizar en bens de interese cultural e catalogados, así coma no seu contorno de protección.

3. Actuacións prohibidas:

a) A instalación de novas liñas eléctricas ou de abastecemento de servizos de carácter aéreo.

b) A instalación de antenas de telecomunicacións.

c) A creación de novos camiños e aparcadoiros.

Artigo 12. *Actividades científicas*

1. Actuacións autorizables:

a) Toda actividade científica de investigación ou seguimento, baixo as seguintes condicións:

1º. Xunto coa solicitude da actividade deberán presentar unha proposta técnica con información sobre a finalidade da investigación; obxectivos; materiais a utilizar; metodoloxía; lugares onde se vai realizar; plan de traballo; duración; persoal que intervén; así como a necesidade, de ser o caso, de montar algún tipo de estrutura. Esta proposta debe estar suficientemente desenvolvida, de xeito que permita verificar a incidencia da actividade e dos posíbeis resultados sobre o medio (formacións xeolóxicas, paisaxe, medios ecolóxicos, hábitats protexidos e especies de interese para a conservación, patrimonio cultural).

2º. O órgano autonómico competente en materia de conservación do patrimonio natural poderá propoñer que a realización das actividades científicas se fagan nunha zona ou área concreta do monumento natural ou, se é o caso, denegar a autorización ou ben establecer condicionantes.

3º. Deberá informarse das datas de iniciación e finalización dos traballos de campo, así como de calquera anomalía producida durante a investigación que poida ter repercusións sobre os valores naturais do espazo.

4º. Elaborarase unha memoria final na que se incluírán obxectivos, metodoloxía e unha breve exposición dos resultados ou unha análise de consecución dos obxectivos.

5º. Prestarase especial atención ás actividades de marcaxe e anelamento de fauna silvestre, que deberán desenvolverse ao abeiro da normativa sectorial.

6º. A consellería competente en materia de conservación do patrimonio natural poderá pedir, logo da solicitude dalgunha actividade científica ou durante o transcurso da actividade, información detallada sobre os labores de investigación así como establecer medidas preventivas ou limitacións sobre a recollida, captura, extracción ou sobre a metodoloxía de estudo, co fin de asegurar o mantemento do estado de conservación dos hábitats ou das especies obxecto da investigación.

7º. Só poderán outorgarse permisos de investigación que afecten ao estado de conservación de hábitats ou especies presentes no espazo natural, cando sexan estritamente necesarios para a súa xestión e cando non existan alternativas para que os traballos de investigación se poidan realizar con outros métodos de menor impacto ou en áreas non integradas no espazo natural.

8º. Para a realización de actividades científicas poderanse outorgar permisos especiais para o transporte de material e persoas polas vías de tránsito restrinxido. Igualmente, poderase autorizar a instalación das infraestruturas necesarias en áreas non habilitadas para tal fin, con carácter temporal e con impacto visual e ecolóxico mínimo.

9º. Non poderán deixar pegadas permanentes que vaian en detrimento dos valores naturais do espazo.

10º. Non poderán introducir, en ningún caso, especies ou subespecies, así como xenotipos diferentes aos existentes no espazo natural ou a súa contorna.

TÍTULO III

Programa de actuacións e instrumentos financeiros

Artigo 13. Temporalidade e prioridade das actuacións

As actuacións desenvolveranse principalmente en tres fases, cada unha cunha temporalidade e prioridade diferenciadas:

1. Primeira fase: prioridade alta, a realizar antes dos 5 anos (A).
2. Segunda fase: prioridade media, a realizar nun período de 5-10 anos (M).
3. Terceira fase: prioridade baixa, realizable nun período maior de 10 anos (B).
4. Continua no tempo: sen prioridade, actuación continua no tempo (CT).

Por outra banda, estímase un custe aproximado para cada actuación a desenvolver.

Artigo 14. Programa de actuacións e instrumentos financeiros

14.1 Subprograma de Investigación:

Actuación	1.1. Mellora do coñecemento do patrimonio xeolóxico do espazo a través do inventario, estudo cartográfico e avaliación da calidade dos elementos da xeodiversidade.		
Descrición	Realizarase un inventario dos elementos do patrimonio xeolóxico e descrición do seu estado de conservación. O obxectivo principal da acción será o de documentar os principais valores que achega o monumento natural ao coñecemento, comprensión e divulgación do patrimonio xeolóxico de Galicia, en particular, daqueles que contribúen ao entendemento dos procesos tectónicos e de formación do litoral, así como aqueles elementos concretos de carácter senlleiro dende o punto de vista xeolóxico e xeomorfolóxico.		
Prioridade	(A)	Custo estimado	15.000 €
Periodicidade	Actuación única	Responsable	DXPN
Posible fonte de financiamento	FEDER, FEADER, Xunta de Galicia		

Actuación	1.2. Inventario de covas e furnas mariñas semisomerxidas.		
Descrición	O obxectivo principal da acción será o de coñecer con precisión un dos principais elementos clave de conservación do espazo, incluíndo unha relación detallada das furnas existentes, das súas características, dimensións, denominación tradicional no caso de existir, valores naturais que alberga, patrimonio inmaterial asociado e posibles presións.		
Prioridade	(A)	Custo estimado	10.000 €
Periodicidade	Actuación única	Responsable	DXPN
Posible fonte de financiamento	FEDER, FEADER, Xunta de Galicia		

Actuación	1.3. Seguimento da especie <i>Rumex rupestris</i> no monumento natural.		
Descrición	Actuación destinada a actualizar periodicamente a información relativa á distribución, abundancia poboacional, presións e posibles ameazas da especie <i>Rumex rupestris</i> no monumento natural.		
Prioridade	(M)	Custo estimado	1.500 € cada 6 anos
Periodicidade	Sexenal	Responsable	DXPN
Posible fonte de financiamento	FEDER, FEADER, Xunta de Galicia		

Actuación	1.4. Estudo e análise das colonias de quirópteros cavernícolas presentes nas furnas mariñas.		
Descrición	Cuantificar a presenza de quirópteros cavernícolas nas distintas furnas mariñas mediante o emprego de detectores de ultrasóns no intre de emerxer das covas. Identificación das especies mediante ultrasóns. Realización de xornadas de trampeo co obxecto de verificar a presenza da especie cando non sexa posible a identificación por ultrasóns, así como para constatar a posible existencia de colonias de cría.		
Prioridade	(M)	Custo estimado	12.000 €
Periodicidade	Actuación única	Responsable	DXPN
Posible fonte de financiamento	FEDER, FEADER, Xunta de Galicia		

Actuación	1.5. Estudo das colonias de aves mariñas e rupícolas reprodutoras.		
Descrición	O obxectivo da actuación será realizar un estudo actualizado do número de especies de aves mariñas e rupícolas presentes no monumento natural, verificar cales destas especies nidifican no espazo protexido e obter información detallada do estado de conservación de cada unha das especies.		
Prioridade	(M)	Custo estimado	9.000 €
Periodicidade	Actuación única	Responsable	DXPN
Posible fonte de financiamento	FEDER, FEADER, Xunta de Galicia		

Actuación	1.6. Identificación, inventario e avaliación dos servizos ecosistémicos presentes no monumento natural.		
Descrición	Os servizos dos ecosistemas forman parte do paradigma actual de conservación do patrimonio natural e da biodiversidade. A través desta actuación identificaranse e describíranse os principais servizos de soporte, regulación, abastecemento e culturais que ofrece a Costa de Dexo á sociedade, incorporando a súa representación cartográfica cando sexa posible. A elaboración do inventario e cartografía de servizos dos ecosistemas requirirá dunha combinación de metodoloxías de análise biolóxico, ecolóxico, territorial, económico, sociolóxico e prospectivo, incorporando a participación da sociedade mediante metodoloxías participativas.		
Prioridade	(B)	Custo estimado	8.000 €
Periodicidade	Actuación única	Responsable	DXPN
Posible fonte de financiamento	FEDER, FEADER, Xunta de Galicia		

Actuación	1.7. Estudo das posibles consecuencias do ascenso do nivel do mar derivado do cambio climático nos procesos erosivos do monumento natural.		
Descrición	Estudo xeolóxico e xeomorfolóxico do monumento natural; a súa idade, características litolóxicas e tectónicas e súa xénese. Análise da súa evolución destinada á predición do seu futuro inmediato, en especial no relativo á incidencia do cambio climático e a subida do nivel do mar nas formas erosivas mariñas: cantís e furnas ou covas mariñas.		
Prioridade	(M)	Custo estimado	9.000 €
Periodicidade	Actuación única	Responsable	DXPN
Posible fonte de financiamento	Xunta de Galicia, FEDER, LIFE		

Actuación	1.8. Mellora do coñecemento do patrimonio cultural, tanto dos bens de carácter material como inmaterial, arqueolóxico, etnográfico e etnolóxico.		
Descrición	Inventario de elementos materiais e inmateriais do patrimonio cultural, etnográfico e etnolóxico. Descrición do seu estado de conservación. Recompilación e estudo do patrimonio cultural material e inmaterial para o seu uso científico e didáctico e creación de exposicións.		
Prioridade	(M)	Custo estimado	10.000 €
Periodicidade	Actuación única	Organismo responsable	Dirección Xeral de Patrimonio Cultural Axencia Turismo de Galicia Concello de Oleiros
Posible fonte de financiamento	Xunta de Galicia, Concello de Oleiros		

14.2 Subprograma de Conservación:

Actuación	2.1. Mellora do estado de conservación dos hábitats afectados polo uso público, con especial atención aos hábitats de cantís e breixeiras.		
Descrición	Buscarase reducir a fragmentación dos hábitats, fundamentalmente dos cantís e queirogais húmidos, mediante actuacións que favorezan a rexeneración de áreas afectadas polo uso público que non formen parte da rede de camiños e sendeiros definida na cartografía, a descompactación do solo alí onde sexa preciso e a recuperación espontánea da vexetación orixinal evitando a implantación de especies alóctonas e/ou ruderais impropias dos hábitats a restaurar. Sinalaranse as zonas sometidas a restauración ambiental co obxecto de evitar o tránsito.		
Prioridade	(A) / (CT)	Custo estimado	15.000 € actuación inicial 6.000 € actuación quinquenal
Periodicidade	Quinquenal	Responsable	DXPN
Posible fonte de financiamento	Xunta de Galicia, FEADER		

Actuación	2.2. Retirada de lixo.		
Descrición	Retirada do lixo e residuos nos puntos de vertedura identificados no apartado de presións e ameazas.		
Prioridade	(A)	Custo estimado	5.000 €
Periodicidade	Actuación única	Responsable	DXPN Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade Concello de Oleiros
Posible fonte de financiamento	Xunta de Galicia, Concello de Oleiros, FEDER		

Actuación	2.3. Eliminación de especies exóticas invasoras.		
Descrición	Procederáse á eliminación das especies de flora exótica incluídas no CEEEI e daquelas de demostrado carácter invasor, con especial atención ás situadas sobre os hábitats de interese comunitario e prioritario 1230, 4020* e 4030. A actividade incluírá un inventario e cartografado previo das especies presentes, xunto cunha priorización de actuación. Consideraranse especies prioritarias, xunto coas potencialmente invasoras identificadas neste inventario, a <i>Helichrysum petiolare</i> e <i>Cortaderia selloana</i>. As medidas de eliminación evitarán o emprego de tratamentos químicos sempre que sexa posible, adaptándose unha estratexia de control “de fóra cara dentro”, freando os procesos de colonización de maneira temperá e reducindo de maneira progresiva a presenza nas áreas de maior densidade das especies a eliminar.		
Prioridade	(A) / (CT)	Custo estimado	20.000 €/ano nas seis primeiras anualidades e 4.000 €/ano nas seguintes
Periodicidade	Anual	Responsable	DXPN Concello de Oleiros
Posible fonte de financiamento	Xunta de Galicia, Concello de Oleiros, FEADER		

Actuación	2.4. Eliminación de arborado alóctono no Dominio Público Marítimo-Terrestre.		
Descrición	Preténdese a recuperación dos hábitats litorais mediante a eliminación de <i>Pinus pinaster</i>, <i>Eucalyptus globulus</i> e outras posibles especies de arborado de orixe alóctona presentes no Dominio Público Marítimo-Terrestre. A retirada do arborado realizarase minimizando a afección sobre o resto da vexetación, así como o emprego de medios mecanizados.		
Prioridade	(M) / (CT)	Custo estimado	5.000 €/ano
Periodicidade	Quinquenal	Responsable	DXPN Demarcación de Costas de Galicia
Posible fonte de financiamento	FEADER, LIFE, Xunta de Galicia		

Actuación	2.5. Fomento de acordos de custodia do territorio para a eliminación de arborado alóctono en breixeiras-toxeiras costeiras.		
Descrición	Mediante esta medida preténdese a recuperación dos ecosistemas naturais. Dada a estrutura da propiedade no monumento natural, a restauración dos hábitats deberá partir do establecemento de acordos de custodia do territorio coas persoas propietarias dos terreos, cunha programación plurianual. A medida programarase especialmente para a restauración da breixeira-toxeira litoral e dos hábitats de interese comunitario vinculados a esta mediante a eliminación de arborado, fundamentalmente o espontáneo, de <i>Pinus pinaster</i> , <i>Eucalyptus globulus</i> e outras posibles especies de orixe alóctona presentes no espazo natural.		
Prioridade	(M) / (CT)	Custo estimado	15.000 € actuación inicial 9.000 € actuación quinquenal
Periodicidade	Quinquenal	Responsable	DXPN
Posible fonte de financiamento	FEDER, Xunta de Galicia		

Actuación	2.6. Elaboración do Plan de Acción da Paisaxe.		
Descrición	En cumprimento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, elaborárase o Plan de Acción da Paisaxe do monumento natural, cos contidos indicados na citada Lei. Este plan deberá analizar máis polo miúdo a paisaxe litoral e agraria, consideradas elementos clave de conservación do espazo.		
Prioridade	(A)	Custo estimado	30.000 €
Periodicidade	Actuación única	Responsable	Instituto de Estudos do Territorio
Posible fonte de financiamento	Xunta de Galicia		

Actuación	2.7. Recuperación de charcas costeiras de interese para as poboacións de anfibios.		
Descrición	As charcas costeiras con poboacións de anfibios son un dos elementos de interese para a conservación do espazo debido á tendencia poboacional negativa xeneralizada deste grupo faunístico, tanto neste espazo como a nivel global. A charca de punta Porrido atópase nun estado de conservación desfavorable debido a causas derivadas do uso público (acceso de persoas visitantes, acceso e baño de cans domésticos), e a súa degradación por efectos erosivos.		
Prioridade	(M)	Custo estimado	6.000 €
Periodicidade	Actuación única	Responsable	DXPN
Posible fonte de financiamento	Xunta de Galicia, FEADER		

Actuación	2.8. Mellora da conectividade ecolóxica cos espazos da rede Natura 2000 e con outros espazos de importancia para a biodiversidade existentes na contorna.		
Descrición	En aplicación das conclusións da análise da conectividade ecolóxica do espazo, promoverase, en colaboración cos concellos de Oleiros, Sada e Bergondo, coa Entidade Augas de Galicia, así como co organismo autonómico con competencia en ordenación do territorio e xestión das vías de comunicación, a posta en marcha das seguintes medidas: • Conservación e mellora do corredor central definido na análise da conectividade ecolóxica, das canles e vexetación asociada aos pequenos cursos fluviais existentes na área de estudo, con especial atención a aqueles que atravesen contornas urbanizadas, considerando na medida do posible a creación, mellora ou mantemento de corredores arborados e nodos baseados en áreas seminaturais abertas con prados húmidos, queirogais, sebes e áreas de mosaico tradicional. • Identificación de carencias de zonas de paso na rede viaria co obxecto de aumentar e mellorar os pasos de fauna existentes, sendo especialmente importante a súa implantación na contorna da ZEC Encoro de Abegondo-Cecebre.		
Prioridade	(M) / (CT)	Custo estimado	25.000 € actuación inicial 10.000 € actuación trianual
Periodicidade	Trianual	Organismo responsable	Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático Concello de Oleiros Concello de Sada Concello de Bergondo Augas de Galicia Organismos competentes na xestión das vías de comunicación afectadas.
Posible fonte de financiamento	FEADER, Xunta de Galicia, Concellos, Deputación da Coruña		

Actuación	2.9. Substitución do peche actualmente existente na furna denominada "A Regocha" por un valo de seguridade dobre de madeira.		
Descrición	O peche que actualmente delimita a furna denominada "A Regocha" está conformada por traveseiros de madeira dispostos verticalmente, suxeitos ao terreo por unha base de formigón que se atopa visible. O dito peche constitúe un elemento discordante na paisaxe. Realizarase a retirada deste elemento así como a súa substitución por un novo peche conformado por un valo de seguridade dobre de madeira, na liña dos existentes nas furnas denominadas "Ollo Grande" e "Ollo Pequeno".		
Prioridade	(M)	Custo estimado	10.000 €
Periodicidade	Actuación única	Responsable	Demarcación de Costas de Galicia Concello de Oleiros
Posible fonte de financiamento	Concello de Oleiros, Administración estatal		

Actuación	2.10. Instalación dunha conducción de vertido na EDAR de Lorbé.		
Descrición	A Estación Depuradora de Augas Residuais (EDAR) de Lorbé, verte as augas residuais tratadas ao Dominio Público Marítimo-Terrestre en zona anexa ao no linde este do monumento natural, en terreos que integran xa o espazo protexido. Na actualidade o vertido prodúcese nunha zona de cantil, discorrendo logo as augas residuais tratadas pola superficie do terreo ata acadar a ría. Mediante esta actuación, promoverase a instalación dunha conducción de vertido axeitada, que permita a eliminación do punto de vertido actual.		
Prioridade	(B)	Custo estimado	15.000 €
Periodicidade	Actuación única	Responsable	Augas de Galicia Concello de Oleiros
Posible fonte de financiamento	Augas de Galicia, FEDER, Concello		

Actuación	2.11. Recuperación da actividade agraria tradicional.		
Descrición	Entre as presións e ameazas detectadas no plan de xestión, así como no resultado da participación pública, púxose de manifesto o abandono do sistema de produción tradicional. Esta medida pretende a recuperación desta actividade mediante dous tipos de accións: 1. Establecemento de acordos de custodia do territorio coas persoas propietarias dos terreos ou outras alternativas como o arrendamento dos predios. 2. Implantación dun programa de agricultura rexenerativa que se centre en técnicas e cultivos sostibles e na restauración de áreas degradadas para promover a biodiversidade. Ambas accións constarán das seguintes fases: • Preparación do chan: persoas propietarias ou mediante voluntariado. • Sementa de cultivos locais que sexan adecuados para o ecosistema e que contribúan á restauración da biodiversidade. • Mantemento de cultivos: mediante labores como a rega, o control de maleza e a protección contra pragas, utilizando métodos orgánicos e respectuosos co medio ambiente. • Recolección e colleita sustentable e respectuosa • Educación e sensibilización á comunidade local e as persoas visitantes sobre a importancia da agricultura rexenerativa e a conservación dos recursos naturais.		
Prioridade	(B) / (CT)	Custo estimado	25.000 €/ano
Periodicidade	Anual unha vez posta en marcha.	Responsable	Consellería de Medio Rural DXPN Consellería de Política Social e Igualdade Concello de Oleiros
Posible fonte de financiamento	Xunta de Galicia, Concello, FEADER, FSE		

Actuación	2.12. Comunicación ao órgano competente da presenza de drons no monumento natural e solicitude de actuacións		
Descrición	Segundo o establecido na disposición adicional undécima da Lei 42/2007, do 13 de decembro, corresponde ao goberno o establecemento de limitacións ou prohibicións de voo ás aeronaves nos espazos naturais protexidos e nos espazos protexidos da Rede Natura 2000. O monumento natural actualmente é unha zona de restrición ao vo de aeronaves, debido á presenza do aeroporto da Coruña, o heliporto do hospital universitario da Coruña e a presenza dunha estación de radiosondeo. A pesar desta restrición, é usual a utilización de drons no monumento natural, o que pode afectar ás colonias de cría existentes no espazo, tal como se puxo de manifesto tanto durante o procedemento de participación pública como polos técnicos e axentes que levan o espazo. Por tal motivo, periodicamente enviarase unha comunicación ao órgano competente para que teña coñecemento da utilizacións de drons nunha zona con restricións e as posibles afeccións sobre as colonias de aves mariñas, elemento clave na conservación do espazo, solicitando a realización dun seguimento do seu uso e a elevación, se procede, dos correspondentes procedementos sancionadores.		
Prioridade	(CT)	Custo estimado	...
Periodicidade	No caso de detectar o uso de aeronaves no espazo	Responsable	Departamento Territorial da Consellería con competencias en patrimonio natural da Coruña
Posible fonte de financiamento	Medios propios		

Actuación	2.13. Solicitar ao órgano competente a constitución de zonas xeográficas UAS xerais para a protección medioambiental.		
Descrición	Actualmente non hai declarada ningunha Zona Xeográfica UAS xeral para a protección medioambiental. Estas zonas son as establecidas no artigo 19 del Real Decreto 1180/2018, de 21 do setembro que no seu apartado 2 establece que as restricións nos parques nacionais serán as establecidas na súa lexislación específica, e, no resto dos espazos naturais protexidos e nos espazos protexidos Rede Natura 2000, as seguintes: a) O sobrevoo de aeronaves de motor a unha altura sobre o terreo que impida o normal uso e desfrute do espazo ou produza alteracións que repercutan nos obxectivos de conservación do espazo, na medida en que as ditas alteracións poidan ter un efecto apreciable nos obxectivos de conservación, en particular tendo en conta a inmisión sonora ou contaminante destas aeronaves. b) O sobrevoo de calquera outra aeronave nas zonas de nidificación durante a temporada de reprodución, ou nas zonas de concentración de aves durante outras fases dos ciclo vital, como a hibernación e migración das especies protexidas. c) O sobrevoo con fins turísticos non autorizado polo xestor do espazo protexido. Dado que a afección as colonias de aves por parte dos drons se puxo de manifesto tanto durante o proceso de participación e información pública, por parte dos técnicos e axentes que levan o espazo, resulta de interese, de cara á protección das ditas colonias, instar ao goberno ao cumprimento do Real Decreto 1180/2018, de 21 do setembro.		
Prioridade	(A)	Custo estimado	...
Periodicidade	Actuación única	Responsable	Departamento Territorial da Consellería con competencias en patrimonio natural da Coruña
Posible fonte de financiamento	Medios propios		

Actuación	2.14. Procura de alternativas para o cambio de localización da Zona de Adestramento de Cans situada no interior do monumento natural.		
Descrición	No plan de ordenación cinexética actualmente aprobado existe unha zona de adestramento de cans de caza situada nos faros de Mera (Mapa 10 do Anexo III). Coa finalidade de buscar alternativas para o cambio desta localización de cara a futuros plans de ordenación cinexética, estableceranse un protocolo de consenso entre a Administración e a Asociación de Cazadores As Gabeiras para a selección dunha zona alternativa de adestramento de cans con fins cinexéticos.		
Prioridade	(A)	Custo estimado	...
Periodicidade	Actuación única	Responsable	Departamento Territorial da Consellería con competencias en patrimonio natural da Coruña
Posible fonte de financiamento	Medios propios		

Actuación	2.15. Solicitar á Capitanía Marítima que estableza regulaci3ns coa finalidade de prohibir o acceso 3s furnas mariñas por mar.		
Descrición	As furnas mariñas son practicamente inaccesibles desde terra; non obstante, son visitadas por usuarios/as de embarcaci3ns, podendo causar molestias 3 fauna, existindo incluso empresas que ofertan actividades náuticas de recreo con acceso ao interior destas covas. Dado que o acceso 3s furnas por mar queda fóra do 3mbito de aplicaci3n do Decreto, solicitarase 3 Capitanía Marítima que prohiba o acceso 3s furnas mariñas por mar para as embarcaci3ns da 7ª lista e auxiliares de baño.		
Prioridade	(A)	Custo estimado	...
Periodicidade	Actuación única	Responsable	Departamento Territorial da Consellería con competencias en patrimonio natural da Coruña
Posible fonte de financiamento	Medios propios		

14.3 Subprograma de uso público

Actuación	3.1. Avaliación e caracterización da demanda e perfil de público existente. Estudo da capacidade de carga do espazo protexido		
Descrición	Mediante esta acción preténdese caracterizar a demanda de uso público existente e a súa distribución ao longo do espazo, así como promover a realización dun estudo detallado da capacidade de carga. Inclúe as seguintes accións: • Cómputo do número de persoas visitantes, de maneira manual, mediante mostraxes puntuais ou, preferentemente, mediante aplicación de metodoloxías automáticas como a instalación de sensores de conteo de vehículos bidireccionais no acceso á punta de Mera, na contorna de Monte Meán e no porto de Dexo, ou de transeúntes e bicicletas no acceso á punta do Seixo Branco. • Realización de enquisas para a caracterización do perfil das persoas visitantes. • Realización dun estudo da capacidade de carga detallado, que incorpore o nivel da Capacidade de Carga Efectiva, e que abarque a totalidade do espazo protexido.		
Prioridade	(A)	Custo estimado	15.000 €
Periodicidade	Actuación única	Organismo responsable	DXPN Axencia Turismo de Galicia Concello de Oleiros
Posible fonte de financiamento	Xunta de Galicia, FEADER, Concello de Oleiros		

Actuación	3.2. Revisión da sinalización existente no espazo protexido.		
Descrición	En base á información recollida na realización do plan, revisarase o estado da sinalización e promoverase a retirada daquela que se atope visiblemente defectuosa, levándose a cabo a súa substitución cando se considere procedente. Aquelas sinalizacións que se consideren obsoletas, duplicadas ou improcedentes serán tamén retiradas. Realizado o estudo inicial, a revisión do estado da sinalización do espazo repetirase quinquenalmente.		
Prioridade	(A) / (CT)	Custo estimado	6.000 € actuación inicial 2.000 € actuación quinquenal
Periodicidade	Quinquenal	Organismo responsable	DXPN Axencia Turismo de Galicia Concello de Oleiros Asociación de Desenvolvemento Rural "Mariñas – Betanzos"

Posible fonte de financiamento	Xunta de Galicia, FEDER, FEADER, Concello de Oleiros
--------------------------------	--

Actuación	3.3. Instalación de nova sinalización informativa e normativa.		
Descrición	A confluencia no espazo dun número elevado de recursos de uso público, rutas de sendeirismo, accesos, usos e actividades, e normativa específica, require dunha estratexia de información ás persoas usuarias do espazo. Dentro desta estratexia, esta medida prevé a instalación nos accesos e puntos destacados do espazo de sinalización de carácter informativo sobre, entre outros aspectos: • Accesos. • Localización das principais infraestruturas e equipamentos de uso público. • Ruta de sendeirismo: trazados, localización e sinais de orientación. • Trazado dos camiños indicados para o tránsito de bicicletas. • Normativa: información sobre as principais normas vixentes, actividades permitidas, autorizables e prohibidas no espazo. • Información específica do aproveitamento cinexético con indicación das súas condicións e calendario. • Riscos existentes. Unha vez instalada a sinalización informativa e normativa, realizarase unha revisión quinquenal do seu estado de conservación mediante a actuación 3.2.		
Prioridade	(A)	Custo estimado	10.000 € actuación inicial
Periodicidade	Actuación única	Organismo responsable	DXPN. Axencia de Turismo de Galicia Instituto de Estudos do Territorio Dirección Xeral de Patrimonio Cultural Concello de Oleiros Deputación da Coruña
Posible fonte de financiamento	Xunta de Galicia, FEDER, FEADER, Concello de Oleiros, Deputación da Coruña		

Actuación	3.4. Campaña informativa sobre o plan de xestión.		
Descrición	Realizarase unha campaña informativa sobre o plan de xestión, as súas implicacións normativas, efectos e beneficios, dirixida especialmente á poboación local, empresas e sectores vinculados a actividades produtivas ou de uso público no espazo, e ás Administracións. Contará coa colaboración do tecido asociativo e as Administracións locais. Para isto crearanse mesas informativas itinerantes que se acompañarán con paneis informativos e pequenos folletos explicativos. Recolleranse as observacións que realiza a poboación local. Crearase espazos nas redes sociais da consellería con competencias en patrimonio natural ou noutras propias, onde se reflicta a información do plan de xestión e se podan recoller as observacións ou opinións da poboación local co obxectivo de mellorar a xestión do monumento natural. Realizaranse microvídeos ou podcast explicativos. Elaboraranse tamén charlas divulgativas nos centros educativos adaptadas ás distintas etapas educativas para informar do plan.		
Prioridade	(A)	Custo estimado	20.000 €
Periodicidade	Actuación única	Organismo responsable	DXPN
Posible fonte de financiamento	Xunta de Galicia, FEDER, FEADER		

Actuación	3.5. Reordenación e mantemento da rede de camiños e sendeiros.		
Descrición	Partindo da rede de camiños e sendeiros representada no mapa 2 do anexo III (Cartografía), realizarase un estudo de partida que incluírá un inventario pormenorizado e o estudo cartográfico da dita rede. Apoiándose neste estudo previo levaranse a cabo accións destinadas á reordenación e mantemento na rede de camiños e sendeiros do monumento natural que incorporarán, polo menos, as seguintes: • Procederase ao peche de camiños e sendeiros abertos como consecuencia do uso público incontrolado ou daqueles nos cales se identifique que orixinan afección sobre os elementos claves de conservación. • Nos tramos da rede de camiños e sendeiros que presenten fenómenos erosivos derivados do uso público, en especial en aqueles con pendente superior ao 10%, procederase á adopción de medidas de restauración (mellora do firme, instalación de elementos de retención do solo, instalación de elementos para guiar o tránsito...). As actuacións de mantemento e reordenación da rede de camiños e sendeiros repetiránse con periodicidade quinquenal.		
Prioridade	(A) / (CT)	Custo estimado	15.000 € actuación inicial

			3.000 € actuación quinquenal
Periodicidade	Quinquenal	Responsable	DXPN Axencia Turismo de Galicia Concello de Oleiros Asociación de Desenvolvemento Rural "Mariñas – Betanzos"
Posible fonte de financiamento	Xunta de Galicia, FEADER		

Actuación	3.6. Realización de estudo de mobilidade sostible para a ordenación do acceso ao monumento.		
Descrición	A elevada presión de uso público que soportan diversos lugares do espazo como o Seixo Branco, a contorna de Monte Meán ou os faros de Mera provoca, durante as fins de semana e períodos estivais, grandes fluxos de tráfico rodado para os que o espazo non ten a suficiente capacidade de acollida, producíndose problemáticas vinculadas co tráfico e estacionamento de vehículos, e molestias á poboación local. Esta medida procura a análise deste fluxo de tráfico e as posibles solucións como o acceso mediante buses lanzadeira ou a dispoñibilidade de terreos para a realización dun ou varios aparcadoiros fóra dos límites de espazo natural, así como a avaliación dunha senda que os conecte co monumento natural, de ser necesaria.		
Prioridade	(B)	Custo estimado	15.000 €
Periodicidade	Actuación única	Responsable	DXPN Deputación da Coruña Concello de Oleiros
Posible fonte de financiamento	Concello de Oleiros, Deputación da Coruña, Xunta de Galicia, FEADER		

Actuación	3.7. Creación dun/s aparcadoiro/s de vehículos.		
Descrición	Deseño, elaboración, aprobación e execución dos proxectos para a creación de aparcadoiros de vehículos próximos ao espazo protexido para dar servizo ás persoas visitantes, de acordo coas conclusións do estudo de viabilidade da actuación 3.6.		
Prioridade	(M)	Custo estimado	Pendente de valoración tras o estudo de viabilidade e da elaboración do proxecto técnico
Periodicidade	Pendente de valoración tras o estudo de viabilidade e da elaboración do proxecto técnico	Responsable	DXPN Deputación da Coruña Concello de Oleiros
Posible fonte de financiamento	Concello de Oleiros, Deputación da Coruña, Xunta de Galicia, FEADER		

Actuación	3.8. Regulación dos accesos existentes ás zonas que soportan maior presión derivada do uso público no espazo natural.		
Descrición	Esta actuación ten por obxectivo a regulación dos accesos de vehículos ás zonas de maior demanda de uso público: Cabo de Mera, Monte Meán, Seixo Branco e Porto de Dexo, mediante a implantación de mecanismos (pivotes ou similares) que impidan o estacionamento en zonas non permitidas, como beirarrúas, beiravías e áreas naturais.		
Prioridade de execución	(M)	Custo estimado	6.000 €
Periodicidade	Actuación única	Responsable	DXPN Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas Concello de Oleiros Deputación da Coruña
Posible fonte de financiamento	Xunta de Galicia, Deputación da Coruña, Concello de Oleiros, FEDER, FEADER		

Actuación	3.9. Creación de accións de divulgación e difusión do patrimonio cultural. Elaboración de ferramentas.		
Descrición	Estas accións incorporarán os seguintes aspectos: • Creación de ferramentas e accións de comunicación do patrimonio cultural <i>in situ</i> como: carteis interpretativos, maquetas, exposicións (permanentes, temporais e itinerantes), obradoiros, medios audiovisuais, rutas interpretativas, etc; e <i>ex situ</i>: como conferencias, exposicións, publicacións, ferramentas dixitais (reconstrucións dixitais para incorporar nunha páxina web, podcast, contidos para redes sociais), gamificación (creación de xogos), uso de dispositivos móbiles. • Promoción e divulgación dos bens patrimoniais relacionados cos recursos naturais, con especial atención ás infraestruturas e manifestacións de carácter hidráulico, patrimonio fluvial e marítimo: faros, pesquerías, portos, furnas, covas, carpintería de ribeira, fontes, lavadoiros e muíños. • Actuacións de investigación, restauración e difusión sobre varios bens do patrimonio arqueolóxico, onde se realizará un plan de conservación preventivo en varias fases e actuacións de escavación, consolidación e acondicionamento para a súa conservación, protección e posta en valor. As actuacións serán nos castros de punta Roza, punta Torrella e Cotareñas ou Cotarelos. • Colaboración con outras Administracións para a realización destas actividades		
Período	(M) / (CT)	Custo estimado	10.000 € estudo inicial do punto 3 15.000 €/ano os primeiros cinco anos 10.000 € anual
Periodicidade	Anual	Organismo responsable	Dirección Xeral de Patrimonio Cultural Concello de Oleiros Universidades da Comunidade Autónoma de Galicia Axencia Turismo de Galicia
Posible fonte de financiamento	Xunta de Galicia, Concello de Oleiros, Universidades da Comunidade Autónoma de Galicia, FEADER		

Actuación	3.10. Accións de participación e voluntariado		
Descrición	Promoveranse accións de participación e voluntariado que incorporarán: • <u>Investigación e ciencia cidadá</u>: destinada a fomentar a participación de persoas voluntarias en proxectos de investigación científica, como a recompilación de datos sobre especies exóticas, flora, uso público, etc. • <u>Colaboración coa comunidade local</u>: para identificar necesidades e oportunidades de participación na conservación e difusión do monumento natural, involucrando a residentes locais e á comunidade educativa en actividades de voluntariado, e promovendo a valoración do patrimonio natural compartido. • <u>Vixilancia e prevención de danos no monumento natural</u>: onde se capacitará ás persoas voluntarias para que axuden na vixilancia para a protección do espazo e na información de prácticas seguras para o uso público. Invitar a voluntarios/as a axudar no mantemento de sendeiros, para guiar ás persoas visitantes e educalas sobre o monumento natural, e no control de actividades ilegais. • <u>Creación de campamentos de traballo</u>: como ferramenta de educación non formal, no que colaborarían en poñer en valor os asentamentos castrexos a través da limpeza e acondicionamento do seu entorno, escavacións ou outras actividades. • <u>Desenvolvemento de obradoiros</u> que teñan por obxecto fomentar actitudes de conservación do medio natural e os seus recursos, a xestión sostible dos espazos naturais e a flora e fauna silvestres, ademais da xea; e que permitan coñecer como era a vida nos castros de Dexo. • <u>Programa de voluntariado dixital</u>: desenvolver oportunidades de voluntariado en liña, como a tradución de materiais educativos, a xestión de redes sociais ou a creación de contido dixital para promover a conservación e difusión do monumento natural. • Participación no <u>programa de agricultura rexenerativa previsto na actuación 2.11</u>, facendo especial fincapé na educación e sensibilización á comunidade local e as persoas visitantes sobre a importancia da agricultura rexenerativa e a conservación dos recursos naturais.		
Período	(M) / (CT)	Custo estimado	15.000 € estudo inicial 20.000 €/ano os primeiros cinco anos 10.000 € anual
Periodicidade	Anual	Organismo responsable	Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude Consellería de Política Social e Igualdade

			Concello de Oleiros Consellería de Medio Rural
Posible fonte de financiamento	Xunta de Galicia, Concello de Oleiros, FEADER, FSE		

Actuación	3.11. Elaboración dun informe técnico destinado a avaliar o risco de derrube nos cantís que integran o monumento natural.		
Descrición	Realización dun estudo xeotécnico destinado a identificar e cartografiar as zonas superiores dos cantís con risco de derrubamento, co obxectivo de garantir a seguridade no uso público do espazo. Nas zonas identificadas promoveranse medidas de seguridade destinadas a evitar o risco para as persoas visitantes. (instalación de sinalización advertindo de bordes inestables, de valos de seguridade en zonas de risco extremo, disposición de sistemas de protección nos tramos dos sendeiros máis próximos aos cantís...).		
Prioridade	(A)	Custo estimado	15.000 €
Periodicidade	Actuación única	Responsable	Demarcación de Costas de Galicia Concello de Oleiros DXPN
Posible fonte de financiamento	Xunta de Galicia, Administración estatal, Concello de Oleiros, FEDER		

TÍTULO IV

Seguimento e avaliación

Artigo 15. *Seguimento*

Para avaliar o cumprimento do plan de xestión e a evolución do estado de conservación dos elementos claves de conservación, establécense unha serie de indicadores vinculados aos obxectivos de conservación. Estrutúranse en base ás seguintes categorías:

1	Indicadores vinculados coa mellora do coñecemento do patrimonio natural, cultural e paisaxístico do espazo.
- Número de actuacións de investigación relacionadas coa flora e fauna presentes no espazo protexido (inventarios de especies, seguimento de especies...). - Número de estudos relacionados co inventario e avaliación dos servizos ecosistémicos. - Número de estudos relacionados co patrimonio cultural do espazo. - Número de estudos relacionados co impacto do cambio climático nos valores do espazo.	

2	Indicadores vinculados coa mellora do estado de conservación dos hábitats e as especies de flora e fauna de interese para a conservación, do patrimonio paisaxístico e das actividades agrarias tradicionais.
	• Número de actuacións de eliminación de especies de flora alóctona e exótica invasora. • Número de actuacións destinadas á eliminación de arborado alóctono. • Número de accións destinadas á mellora da conectividade ecolóxica. • Número de acordos de custodia do territorio • Número de actuacións de retirada de residuos. • Superficie recuperada para o sistema agrario tradicional. • Número de actuacións destinadas á mellora paisaxística. • Número de compromisos de custodia do territorio cumpridos. • Número de actuacións de restauración de hábitats.
3	Indicadores vinculados coa xestión do uso público, a sensibilización da poboación, a difusión dos valores patrimoniais do espazo protexido
	• Número de actuacións de difusión do plan de xestión. • Número de actuacións destinadas a diminuír as presións derivadas do uso público. • Número de actuacións destinadas á mellora da sinalización. • Número de accións de voluntariado desenvolvidas. • Número de actuacións destinadas a garantir a seguridade do uso público. • Número de accións destinadas á divulgación do patrimonio do espazo protexido.
4	Indicadores vinculados coa execución e cumprimento das normas establecidas
	• Número de denuncias efectuadas en relación co incumprimento das normas establecidas. • Número de expedientes sancionadores abertos. • Número de resolucións con multa

Artigo 16. *Avaliación e implantación*

A dirección territorial da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático na Coruña levará a cabo a xestión do espazo tendo en conta o establecido neste plan.

Dentro desta xestión, a dirección territorial avaliará, cunha periodicidade quinquenal, a efectividade das medidas propostas que, ademais da valoración dos indicadores, analizará os seguintes aspectos:

a) A eficacia e eficiencia na execución das diversas accións e programas.

b) O progreso na consecución dos obxectivos ambientais propostos.

Incluirá, tamén, unha análise sobre:


a) As distintas autorizacións outorgadas durante o período.

b) Se os usos e actividades están a producir presións e ameazas non previstas.

c) A posibilidade, de ser o caso, de realizar novas actuacións ou adaptar a normativa á situación actual.

A partir de todas estas análises elaborarase un informe de seguimento que será remitido á dirección xeral con competencias en materia de conservación do patrimonio natural.

ANEXO III CARTOGRAFÍA



Plan de xestión do monumento natural Costa de Dexo	Sistema de referencia: ETRS1989 Sistema de coordenadas: ETRS89 Zona 29 N Proxección: Transverse Mercator		Plano: 1
Localización e límites do monumento natural			Escala: 1:45.000

